

# AXENDA 21 LOCAL DE REDONDELA



---

DOCUMENTO IV

PLAN DE ACCIÓN

---



---

# ÍNDICE

---

**PARTE I – INTRODUCCIÓN.....1**

1 AXENDA 21 LOCAL EN REDONDELA.....2

2 AS LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACCIÓN.....8

3 XESTIÓN DO PLAN DE ACCIÓN.....11

**PARTE II – PROGRAMAS DE ACCIÓN E PROXECTOS.....13**

LIÑA 1 – Unha Redondela máis democrática e inclusiva.....14

LIÑA 2 – Prosperidade para todos e todas.....50

LIÑA 3 – Urbanismo sostíbel.....117

LIÑA 4 – Transporte e tráfico.....121

LIÑA 5 – Xestión de Recursos naturais.....145

LIÑA 6 – Unha poboación sensibilizada.....192



# PARTE I

## INTRODUCCIÓN



---

# 1 AXENDA 21 LOCAL EN REDONDELA

---

## 1.1. Axenda 21 e o desenvolvemento sostíbel

A Axenda 21 é un plan de acción das Nacións Unidas para un desenvolvemento sustentábel no século XXI, aprobado por 173 gobernos na Conferencia sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento que tivo lugar no Río de Xaneiro en 1992.

A Axenda Local 21 é un proceso que van implantar e desenvolver as entidades locais e que se basea na integración das políticas ambientais, económicas e sociais do concello a través da elaboración e aplicación dun plan de acción local.

Sumarse a esta iniciativa supón, xa que logo, o compromiso municipal de estimular o desenvolvemento de medidas encamiñadas a facer compatíbeis a conservación do medio co desenvolvemento social e económico do propio concello. Supón ademais facelo dun xeito estruturado e planificado, o que implica unha actuación transversal coa participación da totalidade das áreas da Administración local.

A Axenda 21 Local é un proceso aberto e creativo que cada concello define baseándose na súa realidade e condicionamentos.

### ***A Carta de Aalborg***

A carta das cidades europeas cara á sustentabilidade (Carta de Aalborg) foi asinada por 80 autoridades locais tras a clausura da Conferencia Europea sobre Cidades e Poboacións Sustentábeis, que tivo lugar en Aalborg (Dinamarca) entre o 24 e 27 de maio de 1994.



Mediante a sinatura do compromiso de adhesión á Carta de Aalborg (acordo plenario do 15 de marzo de 2004) o Concello de Redondela realiza unha declaración de intencións e de compromiso coa Axenda 21 Local e outros procesos de bosquejo para o desenvolvemento sustentábel e adhírese á Campaña Europea de Cidades e Vilas Sustentábeis.

Na conferencia de Aalborg estableceéronse as bases para fixar os principais requisitos da sustentabilidade para as cidades e vilas europeas. A Axenda 21 debe recoller estes requisitos e traducilos en plans e accións concretos.

Os principios fundamentais que deben inspirar a Axenda 21 son:

- Integración dos obxectivos de desenvolvemento sustentábel na Administración local, as súas políticas e actividades de xestión.
- Sensibilización e educación en temas ambientais e en desenvolvemento sustentábel.
- Acceso público á información ambiental.
- Participación e consultas públicas.
- Colaboración con empresas, ONG, cidades irmás, etc.
- Medición, seguimento e presentación de informes sobre os avances cara á sustentabilidade.

## **Obxectivos da Axenda 21**

A Axenda 21 ten coma finalidade os seguintes obxectivos:

- O uso eficiente dos recursos e a minimización da xeración de residuos, así como a redución da contaminación e a garantía de calidade no medio (auga, atmosfera e solo).
- Manter a diversidade ecolóxica.



- Minimizar o consumo de recursos non renovábeis e substituílos cando se poida por recursos renovábeis.
- Na medida do posíbel, os problemas que xorden no ámbito local cómpre resolvelos no mesmo ámbito.
- Garantir o acceso a un traballo digno e a unha economía diversificada e non agresiva co medio.
- Promover a igualdade e a xustiza social e que todos teñan acceso á cultura, ao lecer e á recreación.
- Traballar por un medio limpo, seguro e agradábel e por mellorar o contorno no medio urbano.
- Fomentar a sensibilización, educación e participación dos axentes sociais en temas de ambiente e desenvolvemento sustentábel.

A pesar de que a elaboración da Axenda 21 Local é un proceso aberto e creativo, as diferenzas entre as fases que se establecen no proceso para cada axenda son máis ben cativas. As semellanzas son aínda maiores entre as axendas iniciadas en Galicia onde se adoita seguir a xa clásica estrutura de catro fases; a mesma que se desenvolveu para realizar a de Redondela:

## 1.2 As fases da Axenda 21

### 1.2.1 Auditoría

Constitúe a primeira fase do proceso de implantación da Axenda 21 e consiste na descrición da situación económica, social e ambiental do concello. Conta coa participación cidadá, xa que se utilizan diversas metodoloxías sociolóxicas para valorar a percepción que os cidadáns, tanto a título individual como asociados en colectivos representativos, teñen da situación do seu concello.

A auditoría consta de:



- Unha **prediagnose**, que consiste na realización de enquisas, reunións, entrevistas, etc. á poboación co fin de coñecer a percepción da sociedade redondelá sobre a situación ambiental, social e económica do seu concello ao tempo que se motiva na participación.
- Unha **diagnose**, que consiste nun traballo de recompilación e análise de información obxectiva e datos oficiais.
- Un **documento de síntese**, que consiste nun resumo da información recollida para poder sacar conclusións sobre o estado real do concello (puntos fortes e febles, oportunidades, ameazas, problemas urxentes, etc.).

Deste xeito contarase con información para propor na seguinte fase os obxectivos que se deberán cumprir para acadar un desenvolvemento sustentábel, así como para coñecer a gravidade dos problemas, o que axudará tamén nas fases posteriores á priorización da consecución de obxectivos.

A auditoría de Redondela foi realizada entre setembro de 2004 e xullo de 2005.

### **1.2.2 Plan de Participación**

A participación cidadá é un elemento fundamental para o desenvolvemento da Axenda 21. A implicación dos diferentes sectores fornecerá a información e perspectivas precisas para garantir ao máximo potenciais actuacións no marco da Axenda 21 e axudará á concienciación progresiva dos diferentes axentes socioeconómicos, estruturais e ambientais, na medida en que se configuran como partícipes do obxectivo común.

O valor da participación cidadá na Axenda 21 reflíctese nos seguintes aspectos:



- Incorporación da opinión do cidadán na elaboración da auditoría municipal.
- Implicación do público na definición do futuro do concello.
- Motivación para a execución das propostas de actuación concretas e o posterior seguimento e control dos resultados obtidos.

### **1.2.3 Plan de Acción**

O Plan de acción local establécese a partir das conclusións e recomendacións presentadas nos documentos anteriores (prediagnose e diagnose).

É unha ferramenta que nos permite executar, dunha maneira coherente e sustentábel, as actuacións dirixidas á mellora do medio.

O Plan de acción local componse dos seguintes elementos:

- As liñas estratéxicas que son os grandes eixos previsíbeis para a mellora local e a progresión cara a un modelo de desenvolvemento sustentábel. Deben reflectir a política social, económica e ambiental que rexe a entidade local.
- Un programa de actuación que responda a cada un dos diversos obxectivos que pretende acadar cada liña estratéxica, ademais, agrupa distintas accións cun denominador común.
- Os proxectos, que son aqueles traballos e actuacións concretas que se poden realizar para resolver as carencias e incidencias visualizadas durante a elaboración da auditoría.

Unha vez que estean consensuadas e priorizadas as liñas estratéxicas que rexerán o Plan de acción é preciso crear grupos de traballo arredor de cada unha destas liñas. Estes órganos, en principio, van ser as comisións temáticas; aínda que en función do grao de participación poderase crear un Consello da Axenda 21 no que estean representados todos os colectivos do concello.





---

Executado o Plan de acción local, o Concello de Redondela elaborará un documento no que se recollan os resultados obtidos e as actuacións máis relevantes. A súa finalidade principal é informar a poboación en xeral e a outras administracións. Este documento denomínase: declaración ambiental.

### **1.2.4 Plan de seguimento**

O Plan de seguimento permite avaliar, controlar e informar da evolución da calidade dos factores ambientais, sociais e económicos e das actuacións que se están a levar a cabo para mellorar o concello. Para isto elaboraranse unha serie de indicadores e crearase un órgano encargado do seguimento do Plan de acción (que poderá ser o mencionado Consello da Axenda 21 ou cada unha das comisións temáticas).

Ademais, o feito de que a Axenda 21 sexa un proxecto permanente permitirá utilizar os resultados obtidos na avaliación do Plan de Acción Local (gra de execución dos proxectos e de cumprimento dos obxectivos) como base para a elaboración de novos programas de actuación e proxectos, sempre contando coa participación cidadá como elemento fundamental do proceso.

---

## 2 AS LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACCIÓN

---

### 1.1 A primeira fase: a auditoría

A primeira fase de Axenda 21 Local en Redondela, a auditoría, foi realizado entre setembro do 2004 e xullo do 2005. Os resultados están publicados nos tres documentos da auditoría:

- Informe da prediagnose
- Informe da diagnose
- Documento de síntese

A prediagnose é a mostra de opinións dos redondeláns sobre a calidade de vida local, o ambiente, a economía, e as prioridades cara ao futuro. A diagnose é un inventario do municipio, en forma dun estudo cuantitativo dos mesmos factores ambientais, sociais e económicos. No documento de síntese sácanse as conclusións da prediagnose e diagnose no contexto do desenvolvemento sostible, e son esas conclusións as que forman a base deste plan de acción. Agrupáronse en oito áreas:

- Xestión de espazos naturais.
- Transporte e tráfico.
- Urbanismo e vivenda.
- Turismo sustentábel.
- Infraestrutura industrial.
- Emprego e formación.
- Participación e inclusión social.
- Sensibilización e educación ambiental.

## 1.2 Identificación das liñas estratéxicas

Á hora de formar o plan de acción, pareceu máis lóxico adoptar unha estrutura lixeiramente diferente, e ao final adoptáronse as seis seguintes liñas estratéxicas para a acción:

**Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva**

**Liña 2 – Prosperidade para todos e para todas**

**Liña 3 – Urbanismo sostíbel**

**Liña 4 – Transporte e tráfico**

**Liña 5 – Xestión de recursos naturais**

**Liña 6 – Unha poboación sensibilizada**

Cada liña estratéxica está formado por un ou máis *programas de acción*, e cada programa realízase a través dun ou máis *proxectos* concretos.

Os programas de acción identificados en cada liña estratéxica son os seguintes:

### **Liña 1 - Una Redondela más democrática e inclusiva**

Programa 1.1	Fomentar una cultura de colaboración
Programa 1.2	Un concello que escoita máis a cidadanía
Programa 1.3	Unha poboación máis participativa
Programa 1.4	Unha vila accesible para todos e para todas

### **Liña 2 – Prosperidade para todos e todas**

Programa 2.1	Desenvolver infraestrutura industrial
Programa 2.2	Apoio a empresas pequenas
Programa 2.3	Diversificar e reducir dependencia no sector servizos




---

Programa 2.4	Desenvolver o turismo sostíbel
Programa 2.5	Formación e capacitación
Programa 2.6	Promover igualdade de oportunidades

### **Liña 3 – Urbanismo sostíbel**

Programa 3.1	Xestión do urbanismo
--------------	----------------------

### **Liña 4 – Transporte e tráfico**

Programa 4.1	Fomentar o uso de transporte público
Programa 4.2	Fomentar o uso de transporte limpo
Programa 4.3	Xestión de tráfico urbano

### **Liña 5 – Xestión de recursos naturais**

Programa 5.1	Xestión de residuos
Programa 5.2	Promover eficiencia enerxética
Programa 5.3	Augas, saneamento e contaminación
Programa 5.4	Biodiversidade e xestión integrada de espazos naturais

### **Liña 6 – Unha poboación sensibilizada**

Programa 6.1	Actividades e formación con institucións educativas
Programa 6.2	Campañas, materiais e actividades informais
Programa 6.3	Educación por participación e fomento do voluntariado

---

## 3 XESTIÓN DO PLAN DE ACCIÓN

---

Este plan de acción de Axenda 21 é o documento que describe o que se propón facer en Redondela nos próximos anos para fomentar que o desenvolvemento do municipio e que a forma de vivir dos redondeláns sexa sostible. Consta unha estratexia e una axenda de accións concretas, e o éxito da súa implantación depende dunha cultura de colaboración entre individuos, entidades e sectores.

Moitos dos retos principais do desenvolvemento sostible implican acción nun ámbito superior que municipal: dende cambios no ámbito macroeconómico, ata cambios e accións nas prioridades, normativa e financiamento da Unión Europea, do estado e da Xunta de Galicia. É importante recoñecer que hai moitas áreas esenciais para o desenvolvemento sostíbel do municipio que queden fóra do alcance dun concello, e un futuro sostíbel non depende só do Concello de Redondela e dos redondeláns. Mais a Axenda 21 Local é un programa para identificar o papel das entidades locais neste proceso global, o papel de cada persoa, e da Administración local que o representa. O papel do concello pódese resumir en tres áreas:

1. A xestión das áreas baixo o seu control —as funcións municipais— dun xeito que promove un desenvolvemento sostíbel.
2. Ser o motor que conduce o proceso, en vez do responsable para cada intervención. A sustentabilidade do desenvolvemento depende na colaboración de cada individuo e cada entidade que actúa no municipio, e é o concello o que ten o papel de enlazar os esforzos e actividades de cada un.
3. Representar os cidadáns do municipio cara ás administracións e outras entidades dos niveis superiores e facer presión para que esas entidades



---

cumpran cos seus papeis na promoción do desenvolvemento sustentábel no municipio.

Este plan de acción é, en primeiro lugar, un plan para o Concello de Redondela. Mais no contexto dos múltiples niveis que ten que participar no desenvolvemento sostíbel, non só fala do que ten que facer o concello. Co fin de lle dar máxima utilidade e coherencia a este plan de acción, adoptáronse dous principios para a súa redacción:

- Dánselles prioridade aos proxectos que dependen máis no papel do concello. Nas áreas que son competencia directa doutra Administración, faise mención, mais enténdese que son máis elaborados nas estratexias desas administracións.
- En cada proxecto identifícase o papel específico do concello. Nalgúns casos, é a implantación do proxecto, mentres que noutros e de iniciar un proceso que outros implantan ou de, simplemente, exercer presión sobre outras administracións para que cumpran cos seus papeis.



# PARTE II

## PROGRAMAS DE ACCIÓN E PROXECTOS



## Liña 1 – Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.1 Fomentar unha cultura de colaboración

#### ***Xustificación***

O desenvolvemento sustentábel ten implicacións para cada aspecto da vida local e, polo tanto, non se poden tratar diferentes aspectos illadamente (como, por exemplo, ambiente e economía). A prediagnose mostraba que entre os redondeláns había recoñecemento diso e de que fai falta un nivel de colaboración entre concellarías moito maior que o presente. Este factor é máis importante aínda nun goberno de coalición.

O desenvolvemento sustentábel da Axenda 21 non son só unha cuestión para a Administración. As 1.600 empresas rexistradas, ademais das moitas que traballan a pesar de estaren rexistradas fóra do concello, danlle influencia ao sector privado en case todas as áreas da vida local (no só en canto ao desenvolvemento económico, senón tamén, por exemplo, en servizos ambientais como recollida de lixo e limpeza, transporte público, tratamento de augas, etc.). Unha cultura de maior colaboración tamén ten que estenderse máis alá do concello, a todas as relacións entre os sectores públicos e privados.

Igual de importante, o mesmo se aplica tamén a relacións co sector do voluntariado, sobre todo cando se consideran as 170 asociacións rexistradas e a súa función imprescindible na vida sociocultural do concello, ademais das comunidades de montes e o seu control de aproximadamente a terceira parte do territorio do municipio.

#### ***Obxectivos***

- Fomentar unha cultura en que todos e todas, comezando con cada político e estendéndoo a cada entidade privada e a cada cidadán/á,





---

entenden que o desenvolvemento sostíbel e a Axenda 21 pertencen a todos e todas e é responsabilidade de todos e todas.

- Que o Concello de Redondela tome un papel proactivo no fomento de que empresas e outras entidades privadas adopten unha axenda de sostibilidade.
- Que cada Concellaría entenda a súa función, non como algo illado, mais que inclúe a obriga de contribuír a obxectivos máis amplos do concello.
- Aumentar o nivel de financiamento privado e externo en proxectos do Concello.
- Crear un concello máis competitivo e eficiente.

---

### **Proxectos**

- 1.1.1 Crear un consello da Axenda 21 e grupos de traballo sectoriais.
- 1.1.2 Programa de formación en desenvolvemento sostíbel / A21 para políticos e empresarios.
- 1.1.3 Publicitalles ás concellarías as posibilidades para o financiamento privado e a colaboración con outros sectores.



## Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.1 - Fomentar unha cultura de colaboración

#### PROXECTO 1.1.1 - CREAR UN CONSELLO DA AXENDA 21

##### DESCRICIÓN

Formar un grupo representativo para coordinar a implantación da Axenda 21

##### OBXECTIVO

- Incluír no proceso de implantación de A21 a representantes de todos os sectores e entidades necesarias para a súa realización.
- Crear unha cultura de colaboración no que o desenvolvemento sostíbel é responsabilidade e no interese de todos.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Convocar un grupo de 10 a 15 persoas que representen todos os partidos políticos, diferentes áreas do goberno local, os sectores privados e voluntarios.
- Reunirse cada 3 meses para avaliar o progreso de implantación de A21.

##### ACTORES

Representantes de:

- Todos os partidos políticos locais.
- Todas as concellarías do goberno local.
- Asociación de empresarios.
- Asociacións locais.
- Centros educativos locais.

##### PAPEL DO CONCELLO

Grupo convocado e coordinado polas concellarías de Participación Cidadá e Medio Ambiente.



---

## TEMPO

Reunións cada 3 meses, a partir da adopción do Plan de acción e durante un tempo indefinido.

---

## SINERXÍAS

Todas liñas, programas e proxectos da Axenda 21.

---

## FINANCIAMENTO

Non necesario



## Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.1 - Fomentar unha cultura de colaboración

#### PROXECTO 1.1.2 - PROGRAMA DE FORMACIÓN EN DESENVOLVEMENTO SOSTÍBEL E AXENDA 21 PARA POLÍTICOS E EMPRESARIOS

##### DESCRIPCIÓN

Realizar unha serie de seminarios / obradoiros e publicacións sinxelas sobre os conceptos de desenvolvemento sostíbel, lexislación relevante e oportunidades para a colaboración entre sectores.

##### OBXECTIVO

- Fomentar o nivel de concienciación sobre os fundamentos do desenvolvemento sostíbel entre políticos e empresarios.
- Fomentar a actitude entre políticos e empresarios de que a Axenda 21 é relevante para eles e nos seus propios intereses.
- Familiarizar e concienciar sobre as vantaxes de colaboración e cofinanciamento entre sectores e a súa importancia no desenvolvemento sostíbel.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Diseñar un programa de seminarios e obradoiros dirixidos a diferentes grupos, en colaboración cunha empresa especializada en divulgación.
- Implantar este programa no Concello (para representantes políticos) e coa colaboración da Cámara de Comercio ou a Asociación de Empresarios (para o sector privado).

##### ACTORES

Concello

Cámara de Comercio / Asociación de Empresarios

Colaboración de todos partidos políticos e empresarios



---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Coordinada por Concellarías de Medio Ambiente / Participación Cidadá

---

## TEMPO

---

Deseño de programa e materiais – 2 meses

Realización de obradoiros e seminarios – 6 meses

Repetidos segundo for necesario en futuros anos

---

## SINERXÍAS

---

1.1.3

---

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostíbel



## Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.1 - Fomentar unha cultura de colaboración

#### PROXECTO 1.1.3 - PUBLICITAR POSIBILIDADES PARA FINANCIAMENTO PRIVADO E ALLEO

##### DESCRIPCIÓN

Redactar boletín bimensual sobre convocatorias e outras oportunidades para o financiamento ou colaboración relacionado co desenvolvemento sostíbel

##### OBXECTIVO

- Aumentar a cantidade de financiamento externo no Concello, tanto público como privado
- Fomentar o papel do Concello como motor e punto de referencia para Axenda 21, realizando os seus propios proxectos pero tamén animando e promovendo outros.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Redactar boletín bimensual de convocatorias e oportunidades relevantes para Redondela, baseada en varias publicacións electrónicas xa existentes (incluíndo DOG).
- Distribuír este boletín gratuitamente en forma electrónica a través do Consello de A21 e a todas Concellarías, á Asociación de Empresarios, etc.
- Permitir a inscrición a través da páxina web do Concello.

##### ACTORES

- Concellaría de Medio Ambiente
- Consello da Axenda 21.

##### PAPEL DO CONCELLO



---

Coordinada por Concellarías de Medio Ambiente / Participación Cidadá;  
traballo realizado por funcionario

#### TEMPO

---

Continuo (aproximadamente medio día de traballo cada 2 meses).

#### SINERXÍAS

---

1.1.2, 1.3.2

Publicacións existentes (DOG, BOP., BOE e privados)

#### FINANCIAMENTO

---

Fondos propios do Concello



## Liña 1 – Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.2 Un Concello que escoita máis á cidadanía

#### ***Xustificación***

A pesar de contar, de momento, cunha participación electoral próxima á media galega e por riba da media europea, existe unha gran preocupación pola apatía política crecente, sobre todo entre a mocidade, e de que o funcionamento cotiá da Administración e doutros organismos locais parece cada vez máis allea ás vidas de moitos.

Nunha época na que o estilo de vida dos cidadáns está cada vez máis influído por factores (culturais, económicos e sociais) alleas a Redondela, non é de sorprender que moitos perciban que a unidade tradicional da localidade, co Concello como unha das referencias principais, está ameazada. Este papel de referencia para a cidadanía –á que quere participar e tamén á que se sente máis marxinalizada- é imprescindible se o Concello vai asumir o papel que lle pide a Axenda 21 de ser o motor para o desenvolvemento sostíbel.

Non é realista que o Concello simplemente agarde que os mozos, por exemplo, comecen a escoitalo e participar máis cando sexan maiores –a lección doutros países é que non pasa así. Para facerse máis relevante para todos os seus cidadáns, o mesmo Concello terá que mudar. Nas enquisas da prediagnose, dos 19 aspectos da situación actual avaliados, o aspecto que se avaliaba como peor era: “O concello escóitate?”. Polo tanto, conclúese con dúas prioridades. Por un banda, o Concello ten que escoitar máis activamente aos seus cidadáns – aos que participan tradicionalmente, pero tamén aos máis marxinalizados, e por outra banda ten que convencer á cidadanía que o está a facer.





---

### **Obxectivos**

- Manter un nivel de participación en todas as eleccións superior ao 70%
- Crear outras vías de participación e contribución na política local que só sexa por votación
- Priorizar a mozos e inmigrantes como grupos para incluír máis na democracia local

---

### **Proxectos**

1.2.1 Crear o “Concello da Mocidade” en colaboración cos institutos

1.2.2 Continuar o programa de actividades consultativas sobre a Axenda 21

## Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.2 - Un Concello que escoita máis á cidadanía

#### PROXECTO 1.2.1 - CREAR O “CONCELLO DA MOCIDADE” EN COLABORACIÓN CON INSTITUTOS

##### DESCRIPCIÓN

Crear un concello do alumnado dos institutos do municipio, que debatan temas do desenvolvemento sostíbel e que informen e interaccionen co Concello da Axenda 21. Existen varios modelos de “concellos da mocidade”, nos cales cada alumno/a pode contribuír con ideas a un concello de representantes que o debate ou estuda para logo presentar ideas, críticas ou suxestións ao Concello de Redondela (cada trimestre ou cada ano).

##### OBXECTIVO

- Fomentar intereses entre a mocidade sobre o desenvolvemento sostíbel e a política local
- Fomentar o coñecemento entre a mocidade do sistema político e o funcionamento da Administración.
- Darlle á xuventude a oportunidade de contribuír e influír na política local
- Crear un mecanismo para que o Concello escoite á xuventude

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Diseñar, en colaboración coa dirección de cada instituto, o modelo para progresar.
- Denominar un coordinador do proxecto (dun instituto, se ten o interese e recursos necesarios, do Concello, ou senón un terceiro contratado), máis o contacto principal en cada instituto e o Concello.
- Segundo a necesidade de contratar coordinador externo, solicitar financiamento para un proxecto piloto dun ano.

##### ACTORES



---

Concellarías de Participación Cidadá, Ensino, Xuventude

Consello da Axenda 21

Institutos de San Simón, Pedro Florianí, Mendiño e Chapela

---

#### PAPEL DO CONCELLO

Iniciar proxecto e procurar financiamento

Coordinar reunións / presentacións ao Consello da A21

---

#### TEMPO

Deseño de proxecto, solicitude de financiamento (segundo for necesario) – 4 meses

Proxecto piloto dun ano, con posibilidade de continuar indefinido

---

#### SINERXÍAS

1.1.1, 1.2.2, 6.3.1

Programas de educación da cidadanía xa ofrecidas pola Consellería de Educación

---

#### FINANCIAMENTO

Concellarías de Participación Cidadá, Ensino

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Caixas de aforros, outras fundacións



## Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.2 - Un Concello que escoita máis á cidadanía

#### PROXECTO 1.2.2 - CONTINUAR PROGRAMA DE ACTIVIDADES CONSULTATIVAS SOBRE A AXENDA 21

##### DESCRIPCIÓN

Organizar un programa de actividades consultativas, similares ás da prediagnose, pero enfocadas en diferentes seccións da poboación e diferentes aspectos do desenvolvemento local. Esencial é a participación de minorías e outros grupos marxinados, como, por exemplo, inmigrantes.

##### OBXECTIVO

- Crear outro canal de comunicación entre o Concello e a cidadanía
- Sensibilizar sobre o desenvolvemento sostíbel e aumentar o interese na A21 entre a cidadanía
- Dar oportunidades continuas para participación e para informar o proceso da Axenda 21, sobre todo para os grupos que actualmente participan menos

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Identificar aspectos da situación local na que máis consulta é prioritaria
- Identificar os sectores da poboación prioritarios para contribuír con máis ideas e opinións
- Diseñar e organizar actividades apropiadas para cada grupo e tema, en colaboración cunha empresa especializada

##### ACTORES

Concellarías de Participación Cidadá, Medio Ambiente

Consello da Axenda 21

O público

##### PAPEL DO CONCELLO



---

Coordinación do proxecto, comunicación de resultados ao consello da Axenda 21.

#### TEMPO

---

Programa de actividades dun ano, pero idealmente un proceso continuo e indefinido.

#### SINERXÍAS

---

1.1.1, 6.2.1

#### FINANCIAMENTO

---

Concellarías de Participación Cidadá, Medio Ambiente

## Liña 1 – Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.3 Unha poboación máis participativa

#### **Xustificación**

Redondela posúe unha tremenda riqueza de patrimonio sociocultural e unha sociedade tradicionalmente moi participativa no ámbito social e cultural. Isto maniféstase no calendario completo de festas tradicionais, gastronómicas e culturais, nas 60 asociacións activas no concello e no orgullo, evidente, en todas as actividades realizadas na prediagnose, do ambiente da localidade, socialmente activo e no cal “todos se coñecen”.

Non obstante, cara ao futuro, a maioría dos participantes nas consultas preocupábanse por unha sociedade cada vez menos participativa. Percíbese que cambios sociais (máis persoas de fóra, máis persoas que fan a súa vida (laboral ou social) en Vigo ou Pontevedra, máis marxinalización da cultura de mozos), ameazan o sentido tradicional de unidade da localidade e a calidade de vida da súa xente, e que actividades que tradicionalmente unían á vila xa non o fan co mesmo efecto.

A saúde da cultura e a relevancia desa cultura para todos e todas son factores esenciais na Axenda 21 e para o desenvolvemento sostíbel porque a cultura inflúe directamente na calidade de vida, e porque é a través de actividades culturais, tanto como calquera outro factor, que os individuos da sociedade se senten incluídos ou excluídos. A marxinalización de seccións da poboación maniféstase, en Redondela como en moitas sociedades, en máis comportamento antisocial, apatía cara ás actividades culturais organizadas e cara á política local.



---

A seriedade desta tendencia en Redondela é moi difícil de cuantificar, pero foi identificada por moitos dos participantes na prediagnose. Frear ou retardar esta tendencia, pide os seguintes obxectivos:

---

### **Obxectivos**

- Diversificar a oferta sociocultural para incluír a todos e todas, dado que Redondela no século XXI conta con máis diversidade de gustos, hábitos e intereses ca nunca.
  - Ser máis proactivo para incluír a grupos que se están comezando a marxinalizar, para espertar e manter vivo o seu interese no seu patrimonio e na súa vida cultural.
  - Apoiar iniciativas novas que nacen do pobo en vez de apoiar só ás da propia Administración, e sobre todo, iniciativas da mocidade e doutros grupos locais.
  - Capacitar a cidadanía para que sinta que non só pode ter ideas pero que tamén coñece as vías e ten as capacidades necesarias para realizalas
- 

### **Proxectos**

- 1.3.1 Promover fondos para iniciativas socioculturais locais
- 1.3.2 Servizo de apoio a asociacións
- 1.3.3 Capacitación a asociacións e comunidades de montes



## **Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva**

### *Programa 1.3 - Unha poboación máis participativa*

#### **PROXECTO 1.3.1 - PROMOVER FONDOS PARA INICIATIVAS SOCIOCULTURAIS LOCAIS**

##### DESCRICIÓN

Promover todos os fondos (municipais, autonómicos, comunitarios e outros) que existen para asociacións e grupos sen ánimo de lucro, para facilitar a organización desde a cidadanía de actividades e outros proxectos de interese social ou cultural local. Facer máis sinxelo e transparente o proceso de solicitar e resolver subvencións

##### OBXECTIVO

- Fomentar a creación de novos grupos e novas iniciativas e a participación de máis persoas na vida sociocultural do municipio, fomentando unha concello máis proactivo e participativo
- Amosar que ao Concello interésanlle as ideas de toda a cidadanía, e crear máis confianza sobre a súa transparencia
- Ampliar a oferta sociocultural do municipio, co obxectivo de que sexa suficientemente diverso para non excluír a ninguén

##### ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR

- Estudar todos os fondos xa dispoñíbeis (de diferentes concellarías do Concello, da Xunta e doutras entidades), e identificar áreas de duplicación e tipos de grupo / proxecto non cubertos.
- Realizar campaña de publicidade con carteis, prensa, etc, e crear unha sinxela guía de subvencións dispoñíbeis e requisitos para solicitalas.
- No caso de subvencións municipais, crear termos e criterios para subvencións máis transparentes (cantidade máxima, entidades elixíbeis para solicitar, tipos de proxecto admisíbeis, contribución necesaria do solicitante, criterio para aprobación, período de convocatorias, etc)





- 
- Crear formularios estandarizadas de solicitude.

#### ACTORES

---

Concellarías de Participación Cidadá, Medio Ambiente, Deporte, Cultura, Xuventude, Muller

Xunta de Galicia (consellerías de cultura e deporte, medio rural, igualdade e benestar)

Socialia / CaixaGalicia

#### PAPEL DO CONCELLO

---

Coordinación do proxecto.

#### TEMPO

---

Programa anual.

#### SINERXÍAS

---

1.3.2, 6.3.3

#### FINANCIAMENTO

---

Concellarías de Participación Cidadá, Medio Ambiente, Deporte, Cultura, Xuventude, Muller

Xunta de Galicia (consellerías de cultura e deporte, medio rural, igualdade e benestar)



## Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.3 - Unha poboación máis participativa

#### PROXECTO 1.3.2 - SERVIZO DE APOIO A ASOCIACIÓNS

##### DESCRIPCIÓN

Mellorar e formalizar o servizo de apoio a asociacións: publicitar o papel do Concello como primeiro punto de contacto para información, asesoría básica, acceso a Internet, boletín sobre subvencións, formación etc.

##### OBJECTIVO

- Fomentar o asociacionismo e apoiar iniciativas locais, que fomenten un concello máis proactivo e participativo
- Fomentar o papel do Concello como primeiro punto de contacto, aínda para acceder a servizos da Xunta, por exemplo.
- Mostrar que ao Concello interésanlle as ideas, iniciativas e participación da cidadanía.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Decidir os termos do servizo (necesidade de cota anual, entidades elixíbeis para usalo, horario de uso, funcionarios responsábeis para xestionalo, como regulalo, etc.)
- Redactar boletín trimestral para socios con información sobre subvencións (adaptado do boletín de proxecto 1.1.3), formación (de proxecto 1.3.3 e doutras entidades) e outros eventos
- Publicitar o servizo

##### ACTORES

Concellaría de Participación Cidadá

##### PAPEL DO CONCELLO

Coordinación do proxecto



## TEMPO

Servizo continuo.

---

## SINERXÍAS

1.3.1, 1.3.3, 6.3.3

---

## FINANCIAMENTO

Coordinación pola Concellaría de Participación Cidadá; todo custo material financiado pola cota de socios

## Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.3 - Unha poboación máis participativa

#### PROXECTO 1.3.3 - CAPACITACIÓN A ASOCIACIÓNS E COMUNIDADES DE MONTES

##### DESCRIPCIÓN

Continuar e desenvolver un programa de seminarios, obradoiros e outra formación para as asociacións

##### OBJECTIVO

- Fomentar a capacidade de asociacións e a cidadanía para se organizaren, realizaren iniciativas propias e tomaren un papel máis activo na vida de Redondela
- Aumentar a capacidade do sector voluntario de influír en decisións locais
- A través da súa actividade voluntaria, capacitar a participantes para o mercado laboral
- Asegurar que a formación impartida polo concello sexa a necesaria e non duplicando outra formación xa ofrecida.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Avaliar xornadas de formación xa impartidas en 2004 e 2005 e consultar as asociacións. Avaliar as oportunidades para a formación xa dispoñíbeis doutras entidades como Socialia. Identificar novas necesidades de formación e capacitación, se proceder.
- Identificar provedores de formación axeitados; deseñar programa de seminarios e obradoiros
- Publicitar toda a formación dispoñíbel, a través do servizo de 1.3.2

##### ACTORES

Concellaría de Participación Cidadá

Mancomunidade Intermunicipal de Vigo (MAIV)

Socialia / Fundación CaixaGalicia



---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Coordinación do proxecto.

## TEMPO

---

Programa anual; futuras necesidades identificadas como parte da avaliación.

## SINERXÍAS

---

1.3.1, 1.3.2

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Participación Cidadá

Consellería de Traballo, Vicepresidencia de Igualdade e Benestar

Proder, Mancomunidade Intermunicipal de Vigo (MAIV)

Socialia

Outros provedores de formación

## Liña 1 – Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.4 Un concello para todos e todas

#### ***Xustificación***

Nas últimas décadas Redondela gozou dunha nova prosperidade, e é un concello popular que (contra a tendencia galega) está a medrar. Goza dunha dotación de servizos bastante boa, e para a maioría, “vívese ben”. Porén, o desenvolvemento económico da zona non trouxo os mesmos beneficios para todos, e a provisión de servizos e a cobertura das necesidades básicas parecen menos axeitadas cando son considerados por sección da poboación.

A subida no prezo da vivenda, resultado da nova prosperidade e popularidade do municipio, prexudica directamente aos que están ás marxes desa prosperidade. Ademais dunha falta de vivendas económicas ou de protección oficial para comprar, Redondela conta con só un 7,5% de vivendas en aluguer (significativamente debaixo da media galega e moi por baixo da media europea): factor que significa que para muchos mozos a única forma de se independizaren é saír do concello, normalmente para Vigo. Isto representa un freo, non só ao desenvolvemento social senón tamén, a longo prazo, ao desenvolvemento económico do municipio. En todas as consultas da prediagnose un mellor acceso a vivendas estaba considerado como unha prioridade principal para os próximos 10 anos.

Non existe ningunha residencia para xente da 3ª idade, e aínda que hai un centro social no centro de Redondela, é pouco accesíbel para os que viven nas parroquias ou en Chapela e que non dispoñen dun coche. Os discapacitados psíquicos beneficianse dun centro en Trasmañó (da Xunta) e da Asociación Lenda en Redondela, pero aínda así non chegan a cubrir toda a demanda que existe. Servizos e accesibilidade xeral para discapacitados físicos están tamén considerados moi inadecuados e moi inferior á dotación noutros países



---

Europeos. Hai proxectos en marcha para mellorar algunhas infraestruturas, pero non existe ningunha estratexia ou programa para integrar ao deseño para a accesibilidade na planificación do urbanismo dende o principio e en todos os servizos do municipio.

---

### **Obxectivos**

- Non obrigar a ningún redondelán ou redondelá a saír do municipio para poder conseguir unha vivenda
  - Permitir unha alta calidade de vida e nivel de participación para todos os redondeláns/ás, eliminando ou reducindo todas as barreiras físicas, económicas e culturais posíbeis.
  - Permitir a persoas maiores manter unha vida o máis independente e de alta calidade posíbel, pero con todos os diferentes servizos de apoio necesarios.
- 

### **Proxectos**

- 1.4.1 Facilitar acceso a vivendas: creación de vivendas de protección oficial
- 1.4.2 Facilitar acceso a vivendas: promover o aluguer de vivendas
- 1.4.3 Crear novo centro residencial para maiores dependentes
- 1.4.4 Formar estratexia de mellorar servizos para maiores
- 1.4.5 Adoptar unha política integral de accesibilidade municipal
- 1.4.6 Apoiar iniciativas para integrar a persoas discapacitadas no mercado laboral e na vida sociocultural cotiá do municipio.

## Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.4 - Un concello para todos e todas

#### PROXECTO 1.4.1 - FACILITAR O ACCESO A VIVENDAS: CREACIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL

##### DESCRICIÓN

Crear unha cantidade significativa de vivendas de protección oficial no municipio, tanto para comprar como para alugar. A Consellería de Vivenda e Solo ten o compromiso de crear 25.000 novas vivendas de protección en Galicia. Neste proxecto traballarase para asegurar que unha proporción adecuada sexan localizadas en Redondela: 250 novas vivendas cun mínimo de 70 en réxime de aluguer.

##### OBXECTIVO

Permitir que todos e todas, incluíndo a mocidade e familias con ingresos baixos, teñan acceso a unha vivenda digna sen ter que saír do Concello.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Adquirir chan designado para nova construción de vivenda no novo PXOM de Redondela
- Colaborar coa Consellería de Vivenda para a súa inclusión no seu programa de construción

##### ACTORES

Consellería de Vivenda e Solo

Concellaría de Urbanismo

##### PAPEL DO CONCELLO

Colaborar na procura de terreos

Presionar a Consellería de Vivenda para a acción en Redondela

Publicitar o proceso do proxecto





---

TEMPO

4 anos

---

SINERXÍAS

3.1.1, 1.4.2

---

FINANCIAMENTO

Consellería de Vivenda e Solo

Promotores privados

## Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.4 - Un concello para todos e todas

#### PROXECTO 1.4.2 - FACILITAR O ACCESO A VIVENDAS: PROMOVER O ALUGUER DE VIVENDAS

##### DESCRICIÓN

Promover o aluguer de vivendas e concretamente a incorporación de vivendas privadas na Bolsa de Vivendas en Alugueiro da Consellería de Vivenda e Solo.

##### OBXECTIVO

Aumentar o número de vivendas de aluguer en todo o municipio e permitir que todos e todas, incluíndo mozos e familias con ingresos baixos, teñan acceso a unha vivenda digna sen teren que saír do Concello.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Realizar unha campaña de promoción local da Bolsa de Vivendas en Alugueiro e as súas vantaxes para propietarios privados
- Colaborar coa Xunta de Galicia para a creación de novas vivendas en aluguer (proxecto 1.4.1)

##### ACTORES

Consellería de Vivenda e Solo

Concellarías de Urbanismo, Desenvolvemento Local e Servizos Sociais

##### PAPEL DO CONCELLO

Promover no ámbito local a participación no programa da Consellería de Vivenda

Presionar a Consellería de Vivenda para a acción en Redondela

##### TEMPO

1 ano



## SINERXÍAS

---

3.1.1, 1.4.1

## FINANCIAMENTO

---

Consellería de Vivenda e Solo

Promotores e propietarios privados

## Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.4 - Un concello para todos e todas

#### PROXECTO 1.4.3 - CREAR UN NOVO CENTRO RESIDENCIAL PARA MAIORES DEPENDENTES

##### DESCRICIÓN

Actualmente existen 14 prazas nunha vivenda tutelada dentro do municipio (en Chapela), ademais de 56 nunha residencia mixta en Amoedo (Pazos de Borbén). Aínda que se ve como situación ideal a provisión de facilidades para manter unha vida máis independente, en Redondela aínda non se conta cunha cobertura mínima para persoas máis dependentes. Neste proxecto promoverase a creación desa cobertura mínima.

##### OBXECTIVO

Crear 50 prazas en residencias para persoas maiores dependentes, en centros públicos ou privados que cumpran os requisitos para ter prazas elixíbeis no programa de axuda "Ingreso e traslado de residencia" da Xunta de Galicia.

##### ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR

- Colaborar con Sogaserro e a Vicepresidencia de Igualdade e Benestar para que o seu programa de crear novos centros inclúa actuacións en Redondela; axudar coa procura de terreo para construír ou dun edificio apropiado para converter.
- Investigar a existencia de centros privados e non rexistrados no concello. Presionar e incentivalos para que cumpran os requisitos necesarios para rexistrarse coa Xunta de Galicia.
- Se for necesario, incentivar unha empresa privada para crear un centro, a través de axudas con solicitude de subvencións, taxas municipais, etc.

##### ACTORES

Sogaserro

Vicepresidencia da igualdade e o benestar



---

Concellarías de Servizos Sociais, Urbanismo

Centros privados

### PAPEL DO CONCELLO

---

Iniciar proceso, colaborar con Vicepresidencia da igualdade e o benestar da

Xunta

Colaborar con empresas e promotores privados

### TEMPO

---

2 anos

### SINERXÍAS

---

3.1.1, 1.4.4

### FINANCIAMENTO

---

Vicepresidencia da igualdade e o benestar

Sogaserro (Caixanova, CaixaGalicia)

Proder / Mancomunidade Intermunicipal de Vigo (MAIV)

Centros privados

## Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.4 - Un concello para todos e todas

#### PROXECTO 1.4.4 - FORMAR ESTRATEXIAS PARA A MELLORA SERVIZOS PARA MAIORES

##### DESCRICIÓN

Para permitirlles a todos os redondeláns da terceira idade manter unha calidade de vida óptima, fai falla unha variedade de medidas que inclúen prazas residenciais para os máis dependentes, vivendas comunitarias e tuteladas, axudas para adaptar os fogares para persoas maiores e axuda a domicilio para persoas que seguen a vivir nas súas casas propias ou coa familia.

Para decidir en prioridades de recursos dentro do obxectivo de permitir manter unha vida o máis independente posíbel, estudarase máis a fondo as necesidades actuais e futuras en Redondela, que identifiquen as discrepancias coa provisión actual e oportunidades para o financiamento de iniciativas novas.

##### OBXECTIVO

Adoptar unha estratexia municipal de mellora de servizos para maiores.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Realizar unha diagnose máis a fondo da situación actual e predicións para o futuro relacionado con persoas maiores dependentes.
- Estudar fondos e outros servizos xa dispoñíbeis, da Xunta e doutras entidades, para adaptar fogares e para axuda a domicilio. Identificar as prioridades para a mellora de servizos.
- Colaborar ca Vicepresidencia da igualdade e o benestar para crear un convenio de financiamento

##### ACTORES

Vicepresidencia da igualdade e o benestar

Concellarías de Servizos Sociais, Urbanismo



---

Mancomunidade de Vigo

Centro de Xubilados de Redondela

#### PAPEL DO CONCELLO

---

Consultar e colaborar con maiores de Redondela e os seus representantes para crear e adoptar unha estratexia apropiada.

Ser punto de contacto e representación entre os maiores de Redondela e a Vicepresidencia da igualdade e o benestar da Xunta. Colaborar coa Xunta e crear un convenio coa Xunta para implantar unha estratexia.

#### TEMPO

---

1 ano para adoptar a estratexia

#### SINERXÍAS

---

1.4.3, 1.4.5

#### FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Servizos Sociais

## Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.4 - Un concello para todos e todas

#### PROXECTO 1.4.5 - ADOPTAR UNHA POLÍTICA INTEGRAL DE ACCESIBILIDADE MUNICIPAL

##### DESCRICIÓN

Adoptar unha política integral de accesibilidade municipal (PIAM), segundo a lexislación comunitaria, estatal e europea e que incorpore as mellores prácticas europeas.

##### OBXECTIVO

- Eliminar barreiras arquitectónicas para discapacitados en todo o municipio
- Eliminar as outras barreiras socioculturais, moitas veces máis sutís, que impiden a igualdade de oportunidade e acceso no municipio
- Integrar a planificación para a accesibilidade universal como elemento fundamental e inicial na planificación, xestión e mantemento do municipio.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

Seguindo os pasos identificados na publicación do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais *La Accesibilidad Universal en los Municipios: guía para una política integral de promoción y gestión*, diagnosticar a situación actual en Redondela e adoptar un PIAM, con estratexia de financiamento para a súa implantación

##### ACTORES

Concellarías de Servizos Sociais, Urbanismo

Vicepresidencia da igualdade e o benestar

Imserso

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais





---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Comisionar a diagnose municipal e comprometerse a adoptar o Plan.

Colaborar co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para deseñar o Plan.

Colaborar coa Vicepresidencia da igualdade e o benestar e o Imserso para formar unha estratexia de financiamento para implementalo.

---

## TEMPO

---

Creación e adopción do PIAM: 1 ano

Implantación: 2 anos para obras principais, despois un proceso continuo

---

## SINERXÍAS

---

3.1.1, 1.4.6

---

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Servizos Sociais

Vicepresidencia da igualdade e o benestar

Imserso

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais



## Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

### Programa 1.4 - Un concello para todos e todas

#### **PROXECTO 1.4.6 - APOIAR INICIATIVAS PARA INTEGRAR PERSOAS DISCAPACITADAS NO MERCADO LABORAL E NA VIDA SOCIOCULTURAL COTIÁ DO MUNICIPIO**

##### DESCRICIÓN

Buscar oportunidades para colaborar con e apoiar iniciativas de Lenda ou outros centros locais, públicos e privados, que promovan a integración de persoas con discapacidades na vida social, cultural e económica de Redondela.

##### OBXECTIVO

- Reducir o sentido de marxinalización que provoca unha discapacidade en moitas persoas
- Promover unha mellor calidade de vida para todos e todas
- Fomentar o recoñecemento e a valoración entre toda a cidadanía de que todos e todas, capacitados e discapacitados, podemos contribuír á sociedade

##### ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR

- Manter un diálogo aberto e unha cultura de colaboración entre a Administración e as entidades privadas e públicas que traballan con persoas discapacitadas.
- Apoiar, economicamente ou doutra xeito, iniciativas para promover a integración

##### ACTORES

Concellarías de Servizos Sociais, Participación Cidadá, Cultura

Asociación Lenda

Centro de Minusválidos Psíquicos de Trasmañó, (Xunta de Galicia)

Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar



---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Iniciar diálogo, manter cultura de colaboración con entidades

Axudar con financiamento de proxectos relevantes

---

## TEMPO

---

continuo

---

## SINERXÍAS

---

1.4.5, 1.3.1

---

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Servizos Sociais, Participación Cidadá

Vicepresidencia da igualdade e o benestar,

Imserso

Socialia, Caixas de aforros

## Liña 2 – Prosperidade para todos e para todas

### Programa 2.1 Desenvolver infraestrutura industrial

#### ***Xustificación***

A proximidade de Redondela a Vigo é indubidablemente unha das principais fortalezas do municipio, e unha das razóns de porque nas últimas décadas o municipio segue medrando economicamente e demograficamente. Mais, ao mesmo tempo, moitos redondeláns tamén o recoñecen como ameaza ao desenvolvemento sostíbel do municipio. Social e culturalmente, preocúpanse do risco de que o pobo se converta nun satélite dormitorio de Vigo, mentres que, economicamente, unha sobredependencia na cidade, e sobre todo nas fábricas grandes e multinacionais, representa unha vulnerabilidade.

O ideal sería seguir beneficiándose da proximidade da cidade, mais restablecer algo da independencia propia do municipio. Existe unha gran tradición de industria en Redondela, de téxtiles, de empresas de conxelados e conservas, e máis recentemente por empresas auxiliares da industria automóbil ademais da industria madeireira, química e metalúrxica. Industria segue empregando case un terzo dos redondeláns; o cambio nas últimas décadas é que agora a maioría traballan fóra do municipio, sobre todo en Vigo e Porriño.

A pesar da importancia, histórica e actual, da industria en Redondela, non existe ningún polígono ou outro espazo deseñado para a industria no concello, e as industrias, fábricas e almacéns existentes distribúense con certa anarquía xunto coas principais vías de comunicación. Este factor representa un problema no contexto de desenvolvemento sostíbel por dos motivos:

Primeiro, é un problema ambiental: o impacto do sector industrial é moito maior ao estar disperso de forma anárquica por todo o concello. As posibilidades de controlar o tráfico xerado, o impacto visual e outras formas de



---

contaminación, ou de crear un sistema adecuado de saneamento para residuos industriais, son moito máis complicados. Estes factores afectan tanto a calidade de vida para os redondeláns como o potencial para turismo.

Segundo, é unha barreira cara ao futuro desenvolvemento industrial e económico do concello. Prexudica as empresas existentes porque non gozan das oportunidades de maior eficiencia que ofrecen as instalacións dun parque, e significa tamén que o concello é moito menos atractivo para novas empresas que buscan unha localización na zona.

Polo tanto, a provisión de novo solo industrial nun parque industrial foi recoñecido na auditoría como unha das principais prioridades cara ao futuro.

---

### **Obxectivos**

- Crear infraestrutura suficiente para fomentar o desenvolvemento industrial do municipio.
- Crear infraestrutura suficiente para permitir maior eficiencia e minimizar o impacto ambiental da actividade industrial.

---

### **Proxectos**

2.1.1 Creación dun parque industrial na parroquia de Vilar.

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.1 - Desenvolver infraestrutura industrial

#### PROXECTO 2.1.1 - CREACIÓN DUN PARQUE INDUSTRIAL NA PARROQUIA DE VILAR

##### DESCRICIÓN

Crear novo parque industrial na zona de Chan das Pipas de 400.000m<sup>2</sup>

##### OBXECTIVO

- Atraer a novas empresas ao municipio.
- Fomentar a resituación de empresas existentes para mellorar a súa competitividade.
- Reducir o impacto ambiental, visual e na calidade de vida dos redondeláns, da industria do municipio

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Colaborar coa Comunidade de Montes de Vilar, e con outros propietarios, para adquirir terreo na zona de Chan das Pipas.
- Identificar operador do parque, público ou privado.
- Construír infraestrutura necesaria en colaboración co operador.
- Promoverlles parque a novas empresas en colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, o Ministerio de Fomento e a Cámara de Comercio.

##### ACTORES

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo.

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV).

Comunidade de Montes de Vilar e outros propietarios.

Consellaría de Innovación e Industria, Ministerio de Fomento.

Operador do parque.

##### PAPEL DO CONCELLO



---

Adquirir solo.

Coordinar proxecto incluíndo estratexia de financiamento e identificación de operador.

Coordinar a promoción do parque a novas empresas.

#### TEMPO

---

2 anos

#### SINERXÍAS

---

#### FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo

Fondos europeos

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV)

## Liña 2 – Prosperidade para todos e para todas

### Programa 2.2 Apoio a empresas pequenas

#### ***Xustificación***

Dende os últimos anos, cada vez son máis as persoas que contemplan a idea de crear unha empresa como unha iniciativa viable de incorporarse ao mercado laboral, moitas veces presentada como alternativa ás dificultades para atopar un emprego por conta allea, e outras por pura iniciativa empresarial. Estes dous factores comportan que cada vez máis persoas busquen asesoramento para iniciar ou se formular unha idea empresarial, a través da cal comeza un longo proceso que non remata ata bastante despois da propia constitución da empresa como tal, na que as/os emprendedoras/os van atopando diversas dificultades que, moitas veces, fan que estas empresas fracasen. De feito as estatísticas falan dun elevado índice de negocios que non chegan a sobrevivir máis de catro anos.

Está demostrado que os tres primeiros anos son os máis críticos para unha empresa. Diversas/os expertas/os destacan como principais causas do fracaso empresarial o descoñecemento do produto que se quere comercializar así como o descoñecemento do mercado. Especificamente, inclúen:

- A falta de planificación, referido a plasmar os puntos máis importantes nun plan de empresa que aborde as cuestións esenciais, e que este sexa deseñado pola/o emprendedora/o cun asesoramento adecuado.
- Descoñecemento sobre o que supón establecer un plan financeiro.
- Non contar coa realización dunha mercadotecnia eficiente do produto.
- Falta de fondos. As novas empresas adoitan ter o seu punto feble na súa estrutura financeira, por iso débese ter un férreo control dos gastos a





---

través de presupostos e asegurarse de que o investimento vai ser rendible.

- Non realizar previamente un estudo de mercado serio cun bo enfoque, as novas empresas adoitan partir dun descoñecemento do que se vende.
- Carencia de liderado emprendedor.
- Pouca claridade e precisión na definición dos obxectivos.

Tendo en conta estas circunstancias, os proxectos que se describen a continuación pretenden ser un instrumento de apoio as/os emprendedoras/es, non só no inicio do formulamento da idea empresarial e da elaboración do plan, senón no que se refire ao mantemento das novas empresas creadas no contorno redondelán, que suporá tanto a facilitación na creación de novas empresas, como o mantemento e apoio a empresas xa creadas, tratando de paliar as dificultades coas que se atopan a maioría das/os novas/os emprendedoras/os, e xerando na vila unha cultura de cooperación empresarial que, de certa maneira, supoña para todas e todas unha oferta ampla de comercio que evite o exceso de compra fóra da vila.

---

### **Obxectivos**

- Facilitarlles a xestión empresarial a empresas de nova creación e a empresas xa creadas.
- Fomentar unha economía apoiada no propio contorno e evitar a saída de redondeláns e redondelás a outras áreas territoriais.
- Evitar o peche prematuro de empresas xa creadas.
- Fomentar a creación de novas empresas en Redondela a través dun viveiro de empresas.
- Fomentar unha área comercial propia, evitando a dependencia do comercio exterior.
- Poñer en marcha ideas innovadoras e de necesidade na vila de Redondela, e propiciar os novos nichos de emprego.



---

### **Proxectos**

- 2.2.1 Creación dun viveiro de empresas.
- 2.2.2 Apoiar a creación dun centro comercial aberto.
- 2.2.3 Crear a figura profesional dun/dunha titor/ora empresarial.
- 2.2.4 Apertura dun portelo único empresarial dentro do Concello de Redondela.
- 2.2.5 Realizar un plan de dinamización comercial.

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### *Programa 2.2 – Apoio a empresas pequenas*

#### **PROXECTO 2.2.1 - CREACIÓN DUN VIVEIRO DE EMPRESAS**

##### DESCRIPCIÓN

Habilitar un espazo físico de xestión especialmente deseñado para acoller empresas de nova creación, onde as/os emprendedoras/es disporán de instalacións e todos os servizos adecuados para o desenvolvemento da súa actividade empresarial. Neste espazo daráselles cabida a diversos proxectos empresariais de nova creación que, polas súas características de innovación, necesiten dun espazo físico para iniciar a súa actividade. Estes espazos non só están deseñados para ofrecer unha infraestrutura física inicial senón que tamén ofrecerán asesoramento para a elaboración e posta en marcha de novos proxectos empresariais.

##### OBXECTIVO

- Apoiar e fomentar a iniciativa e a cultura emprendedora dentro da vila redondelá.
- Axudar ao desenvolvemento de proxectos que creen postos de traballo directos.
- Paliar o fracaso empresarial.
- Crear un contorno de estabilidade e especial protección que lles permita ás empresas que se acaban de crear maximizar o seu crecemento.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

Crear un centro de iniciativas empresariais con locais de diversos tamaños e infraestrutura para lles dar cabida a proxectos empresariais..

##### ACTORES

Consellería de Economía e Facenda.

Consellería de Innovación e Industria.

Concellaría de Economía e Facenda.



---

Cámara de Comercio.

Mancomunidade de Vigo.

### PAPEL DO CONCELLO

---

Busca do espazo físico adecuado/locais.

Busca de financiamento.

### TEMPO

---

Creación de viveiro: 18 meses.

Función continua

### SINERXÍAS

---

2.2.2, 2.2.3, 2.2.4, 2.2.5, 2.1.1, 2.5.1, 2.5.3, 2.5.4

### FINANCIAMENTO

---

Consellería de Economía e Facenda.

Consellería de Innovación e Industria.

Concellaría de Economía e Facenda

ADR Mancomunidade de Vigo/Proder.

Fondos europeos

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### *Programa 2.2 – Apoio a empresas pequenas*

#### **PROXECTO 2.2.2 - CREACIÓN DUN CENTRO COMERCIAL ABERTO**

##### DESCRICIÓN

Creación dunha agrupación especial dos establecementos comerciais do contorno urbano de Redondela, que se situaría na zona antiga. Un centro comercial aberto ofrecería unha imaxe unitaria da oferta global da zona mediante: prestación en común de servizos, implantación dunha imaxe corporativa que o identifique (logotipo, infraestrutura urbanística e comercial, cumprimento dun horario de apertura e peche común), xestión centralizada, imaxe unitaria da oferta, prestación conxunta de actividades de ocio e animación sociocultural.

A análise do beneficio destes factores, suxire a realización dun estudo de viabilidade para se formular a creación dun centro destas características en Redondela co obxectivo de potenciar a súa creación.

##### OBXECTIVO

- Garantir a supervivencia dos comercios situados nos centros urbanos.
- Xuntar esforzos para o logro de obxectivos comúns de maneira máis eficaz.
- Mellorar o sector comercial mediante plans de cooperación que desenvolvan o comercio emerxente e o establecido.
- Potenciar a iniciativa existente “Comercio de Redondela”.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Realizar un diagnóstico de viabilidade e un plan de actuación comercial dun centro comercial aberto.
- Solicitar axudas (o concello) para realizar obras de urbanismo e equipamentos comerciais.



- Solicitar axudas (asociacións de comerciantes) para a creación de xerencias e realización de programas promocionais.
- Solicitalle subvencións individuais á/ao empresaria/o de comercio para a reforma e adecuación dos seus establecementos.
- Establecer criterios ambientais que identifiquen unha nova forma de comercio.

## ACTORES

Concellaría de Economía e Facenda.

Concellaría de Desenvolvemento Local.

Consellería de Economía e Facenda.

Consellería de Innovación e Industria.

Cámara de Comercio.

Asociación de empresarios de Redondela.

Iniciativa privada.

Iniciativa "Comercio de Redondela".

## PAPEL DO CONCELLO

Poñer en marcha o estudo (por iniciativa da propia Administración ou por concurso público).

Fomentar unha rede de colaboración entre as/os comerciantes redondeláns.

## TEMPO

2 anos

## SINERXÍAS

2.2.1, 2.2.3, 2.2.4, 2.2.5, 2.5.3

## FINANCIAMENTO

Asociación de empresarias/os de Redondela.

Consellería de Innovación e Industria.

Concellaría de Economía e Facenda.

Concellaría de Desenvolvemento Local.



---

Iniciativa privada.

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.2 – Apoio a empresas pequenas

#### PROXECTO 2.2.3 - CREAR A FIGURA PROFESIONAL DUNHA/UN TITORA/OR EMPRESARIAL

##### DESCRICIÓN

A figura de titora/or empresarial xorde ante as demostradas e reiterantes dificultades coas que se atopan as/os emprendedoras/es durante os primeiros anos (sobre todo os primeiros catro anos) da actividade económica dunha empresa de nova creación. As súas funcións estarían vinculadas, exclusivamente, ao acompañamento e ao asesoramento en temas fiscais, laborais, mercadotecnia, comercialización de produtos, custos, etc., a un número determinado de empresas xa creadas no contorno redondelán. Este apoio irase retirando gradualmente ata que a/o empresaria/o teña a formación adecuada para seguir sen o asesoramento.

É importante ter en conta que esta/e profesional traballaría coas/cos emprendedoras/es nas dificultades que as/os emprendedoras/es atopan cando a empresa xa está creada e en funcionamento, non no que se refire aos inicios da constitución empresarial, xa que estes aspectos quedan cubertos polas técnicas de emprego de Redondela

##### OBXECTIVO

- Paliar o fracaso nos primeiros anos de empresas de nova creación, por motivos de descoñecemento financeiro; escasa formación en mercadotecnia; baixa formación en plans de contabilidade.
- Fomentar a creación de novas empresas en Redondela.
- Crear unha cultura empresarial propia.

##### ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR

Contratación dunha/un técnica/o en xestión empresarial





---

## ACTORES

Consellería de Economía e Facenda.

Consellería de Traballo.

Concellaría de Desenvolvemento Local.

Concellaría de Economía e Facenda.

Asociación de empresarios de Redondela

---

## PAPEL DO CONCELLO

Contratación da/o técnica/o

---

## TEMPO

Catro anos de contratación como mínimo

---

## SINERXÍAS

2.2.1, 2.2.2, 2.2.4, 2.2.5, 2.5.1, 2.5.3

---

## FINANCIAMENTO

Consellería de Economía e Facenda.

Consellería de Traballo.

Concellaría de Desenvolvemento Local.

Concellaría de Economía e Facenda.



## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### *Programa 2.2 – Apoio a empresas pequenas*

#### **PROXECTO 2.2.4 - APERTURA DUN PORTELO ÚNICO EMPRESARIAL DENTRO DO CONCELLO**

##### DESCRIPCIÓN

Crear un portelo único empresarial para apoiar as/os emprendedoras/es na creación de novas actividades empresariais, mediante a prestación de servizos integrados de tramitación e asesoramento empresarial. Trátase dun instrumento de racionalización e mellora das condicións de creación de empresas vinculada ás diferentes iniciativas de simplificación administrativa impulsadas polas administracións públicas e institucións participantes.

##### OBXECTIVO

- Apoiar as/os emprendedoras/es na creación de novas empresas.
- Potenciar a simplificación administrativa nos trámites.
- Tramitar integralmente o proceso administrativo de creación dunha empresa.
- Establecer un procedemento de traballo coordinado entre os distintos integrantes dos portelos e unha ferramenta informática de xestión dos expedientes.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Impulsar a negociación entre a Xunta e a Administración xeral.
- Crear o departamento que o xestione.

##### NORMATIVA

- Protocolo de colaboración para o desenvolvemento do Proxecto portelo único empresarial, do 26 de abril de 1999.
- Convenios de colaboración para o desenvolvemento do portelo único empresarial electrónico ou virtual asinados o 17/05/01 e o 22/10/01.



---

## ACTORES

---

Administración xeral do Estado.

Concellaría de Economía e Facenda.

Cámara de Comercio de Vigo.

Asociación de Empresarios/as de Redondela.

---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Instalar a oficina co persoal técnico.

Axilizar trámites de licenza.

Establecer convenios coa Administración xeral do Estado e coa Administración económica.

Elaborar protocolos de colaboración para desenvolver o proxecto.

---

## TEMPO

---

2 anos

---

## SINERXÍAS

---

2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.2.5, 2.5.1, 2.5.3

---

## FINANCIAMENTO

---

Administración xeral do Estado.

Cámara de Comercio.

Consellería de Innovación e Industria.

Concello de Redondela.

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.2 – Apoio a empresas pequenas

#### PROXECTO 2.2.5 - REALIZAR UN PLAN DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL

##### DESCRICIÓN

Realizar un plan de dinamización comercial para promover aquelas actividades (xa existentes) que teñan maior incidencia e repercusión na economía local. O plan debe resultar unha ferramenta útil que oriente a toma de decisións conducentes á reactivación e modernización do comercio no municipio.

##### OBXECTIVO

- Potenciar as pequenas empresas xa creadas na vila a través do desenvolvemento dun modelo máis actualizado de comercio.
- Dinamizar o mercado da vila reducindo o abastecemento noutros municipios ou cidades.
- Estudar, a raíz da análise do plan, a viabilidade para crear un centro comercial aberto.

##### ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR

- Analizar o contorno socioeconómico e a súa incidencia no emprego, e definir a actividade comercial de maior impacto na socioeconomía local.
- Analizar as dificultades e potencialidades do mercado redondelán.
- Analizar as características do comercio polo miúdo no centro urbano de Redondela.
- Recoller as valoracións cualitativas das/os comerciantes do municipio.
- Proposta de actuación para cada unha das liñas estratéxicas de comercio.

##### ACTORES

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo.

Xunta de Galicia/programas de axudas de desenvolvemento local.

Asociación de Empresarios de Redondela.



---

Cámara de Comercio de Vigo.

IGAPE.

### PAPEL DO CONCELLO

---

Promover e apoiar o plan.

Busca de expertos/as ou consultora que fagan o estudo e a análise do contorno socioeconómico.

Financiar a realización do plan.

### TEMPO

---

3 meses

### SINERXÍAS

---

2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.2.4, 2.5.1, 2.5.3

### FINANCIAMENTO

---

Xunta de Galicia, a través do seu Programa de axudas de desenvolvemento local.

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo.

Concellaría de Desenvolvemento Local.

## Liña 2 – Prosperidade para todos e para todas

### Programa 2.3 Diversificar a economía e reducir a dependencia no sector servizos

#### ***Xustificación***

En xeral, actualmente, existe unha forte dependencia económica do sector servizos que se ve reflectida nos índices de ocupación dos habitantes de Redondela, xa que case a metade da poboación está ocupada neste sector; en detrimento do 32% que se dedica á construción; o 12% ao sector da industria; o 6% á pesca e o 1% á agricultura. Convértese así nun forte xerador de emprego, pero que, moitas veces, vén acompañado de dificultades de diversa índole: emprego en precario; potenciación de empregos con baixa cualificación; saturación do mercado; traballo moi temporal, etc. Este factor reflectiuse na prediagnose: máis ca non ter traballo, os redondeláns e redondelás preocupábanse polas malas condicións dos traballos que existen e a falta de traballos profesionais, estábeis e dignos.

Polo tanto, o reto para responder a esas preocupacións é potenciar outros sectores de traballo. O programa 2.1 trataba de desenvolver a potencia industrial; neste programa 2.3 trátase, por un lado, de potenciar o sector primario, tradicionalmente importante, mais por diversos motivos actualmente á baixa, e, por outro lado, abrir novas áreas, que aínda que sexan no sector servizos poden ofrecer empregos máis estábeis e profesionais.

Tanto a agricultura como a pesca de baixura sofren o problema de non evolucionaren o suficiente para se manteren competitivos na economía globalizada do século XXI. A pesca de baixura aínda ten importancia económica e apoia varias industrias asociadas importantes, mais considérase como pouco modernizada e en perigo, pola falta de persoal novo que entre na profesión. A

---

agricultura é un caso máis extremo: a pesar de ocupar case o 35% da superficie do municipio, evolucionouse relativamente pouco dende a perspectiva da subsistencia. En contraste coa pesca, Redondela non goza dos recursos naturais para permitir que a agricultura sexa un dos seus piares económicos máis importantes, pero a través da especialización, modernización e achegamento, pódese aumentar o seu rendemento, o emprego que xera e o seu valor na economía local. Esta ten importancia mais non só económica: a paisaxe de mosaico de leiras agrícolas extensivas é enormemente valorada, compatíbel tamén coa sustentabilidade ambiental e a biodiversidade; as tradicións e os produtos agrícolas son parte importante do patrimonio cultural de Redondela. A falta de mozos empregados nel pon o seu futuro en serio perigo.

Por outra banda faise necesario potenciar e dinamizar o sector servizos, mais en áreas novas que por unha banda teñen posibilidades de ofrecer traballos estábeis e dignos, e, por outra banda, que provexa servizos necesarios no contexto socioeconómico máis amplo de Redondela. O novo xacemento de emprego que actualmente mellor cobre esas dúas metas son os servizos de proximidade, como a atención ás persoas maiores e a atención á infancia.

---

### **Obxectivos**

- Potenciar os sectores económicos primario e secundario e fomentar así o emprego estábel en áreas como a agricultura e a pesca.
- Diversificar dentro do sector servizos e concentrarse nos novos xacementos de emprego.

---

### **Proxectos**

2.3.1 Dinamización dos novos xacementos de emprego.

2.3.2 Revalorización do sector da pesca de baixura artesanal (marisqueo).

2.3.3 Potenciar a relevancia da frota de cerco de Cesantes, a través do fomento do emprego e a formación.

2.3.4 Fomentar a creación de cooperativas locais de produtos agrícolas.

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.3 - Diversificar e reducir a dependencia no sector servizos

#### PROXECTO 2.3.1 - DINAMIZACIÓN DOS NOVOS XACEMENTOS DE EMPREGO

##### DESCRICIÓN

Fomentar novas liñas de actividade económica no sector servizos e deseñar unha serie de actuacións encamiñadas a conseguir que as novas necesidades sociais se traduzan en creación do emprego no ámbito local, crecemento económico e mellora da calidade de vida. En concreto, fomentar programas de xeración de servizos de atención á dependencia, e programas de desenvolvemento de novos nichos de emprego dende o fomento dos servizos de ocio e cultura, novas tecnoloxías e ambiente a a revalorización dos espazos públicos urbanos.

##### OBXECTIVO

- Potenciar o emprego nos sectores de proximidade.
- Reducir a dependencia do sector servizos en traballos ou dedicacións empresariais máis saturadas ou desenvolvidas na vila redondelá.
- Xerar servizos de primeira necesidade que lles dean cobertura a demandas sociais como a atención á terceira idade.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Crear servizos municipais de atención a persoas dependentes (maiores, infancia e persoas discapacitadas) evitando ou atrasando a saída do núcleo familiar e evitar, na medida do posible, ingresos en centros especiais.
- Ampliar o servizo de axuda no fogar do concello de Redondela de xeito que chegue a máis residentes da vila.
- Estudar oportunidades noutras áreas novas como ocio e cultura, novas tecnoloxías e ambiente.





- 
- Fomentar a formación e o emprego nestes sectores.

#### ACTORES

---

Consellería de Traballo.

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Concellaría de Servizos Sociais.

#### PAPEL DO CONCELLO

---

Ampliar o servizo municipal de axuda no fogar.

Fomentar a creación de servizos de proximidade demandados pola evolución social das/os redondelás/áns.

Apoiar a creación de pequenas empresas dedicadas a este sector.

#### TEMPO

---

1 ano

#### SINERXÍAS

---

2.5.3, 2.5.4

#### FINANCIAMENTO

---

Consellería de Traballo.

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/Servizos Sociais.

Concellaría de Servizos Sociais.

MAP

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.3 - Diversificar e reducir a dependencia no sector servizos

#### PROXECTO 2.3.2 - REVALORIZACIÓN DO SECTOR DA PESCA DE BAIXURA ARTESANAL (MARISQUEO)

##### DESCRICIÓN

Realizar un estudo microeconómico e sociocultural centrado nas células familiares dos traballadores deste tipo de pesca, para priorizar as necesidades de modernización e detectar e crear oportunidades formativas e empresariais para a integración socioeconómica das mulleres no sector.

As actividades formativas enfocaranse cara a aqueles campos de maior interese por parte das/os interesadas/os ou cara aos de maior impacto.

##### OBXECTIVO

- Dignificar e potenciar o sector da pesca de baixura artesanal.
- Integrar unha metodoloxía formativa no sector pesqueiro, con cualificacións profesionais para as mulleres do sector.
- Fomentar oportunidades empresariais e modernizar o sector a través de fórmulas empresarias baseadas en organizacións de economía social.
- Fomentar o asocianismo.
- Potenciar o interese por este traballo da xente nova, con outras formas de emprego paralelas ás tradicionais.
- Mellorar a calidade de traballo das mariscadoras.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Levar a cabo un estudo inicial microeconómico e sociocultural do sector.
- Planificar e implantar accións formativas desenvolvidas segundo os resultados: fabricación, reparación e mantemento de aparellos de pesca; novas técnicas de tratamento e conservación do peixe; prevención de riscos; coñecementos ambientais; planificación empresarial, fomento do turismo costeiro, etc.



- 
- Programar unha formación motivante e práctica para desenvolvemento do traballo e que lles poida achegar o sector a novas traballadoras.
  - Buscar rede de entidades colaboradoras co proxecto, de xeito que a iniciativa poida transferirse a outras áreas costeiras.
  - Colaborar coas consellerías implicadas para financiar o proxecto.

## ACTORES

---

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Concellaría de Economía e Facenda.

Confraría de Pescadores de Redondela.

Comisión de Mulleres de Pescadores de Redondela.

## PAPEL DO CONCELLO

---

Establecer as relacións oportunas entre as/os implicadas/os para estudar a viabilidade do proxecto.

Buscar unha rede de colaboradoras/es que apoien o proxecto.

Buscar financiamento.

## TEMPO

---

18 meses

## SINERXÍAS

---

2.2.3, 2.6.2

## FINANCIAMENTO

---

Consellería de Pesca e de Asuntos Marítimos.

Servizo Galego de Igualdade.

Iniciativa privada.

Concello de Redondela.

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.3 - Diversificar e reducir a dependencia no sector servizos

#### PROXECTO 2.3.3 - POTENCIAR A RELEVANCIA DA FLOTA DE CERCO DE CESANTES A TRAVÉS DO FOMENTO DE EMPREGO E A FORMACIÓN

##### DESCRICIÓN

Revalorizar o peso da pesca litoral no contorno redondelán a través de programas de formación e o fomento do emprego, e actuar así sobre a demanda laboral que existe no sector pesqueiro e que ten dificultades para cubrir.

##### OBXECTIVO

- Integrar unha metodoloxía formativa no sector pesqueiro.
- Sensibilizar na área ambiental, tendo en conta que a actividade pesqueira depende, en boa medida, da conservación do medio mariño.
- Ofrecer un relevo para os pescadores nunha actividade que forma parte do patrimonio cultural e natural e fomentar o interese entre a xente nova polo sector.
- Fomentar o emprego entre persoas con serias dificultades no acceso do mercado laboral como é a xente nova con escasa o ningunha formación, mulleres que acceden ao seu primeiro emprego e inmigrantes.
- Paliar a discriminación laboral.
- Impulsar un sector de relevante importancia na vila e evitar o risco de ir a menos por falta de man de obra.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Establecer unha rede de colaboradores que favorezan o achegamento e interese das/os redondelás/áns por esta profesión.
- Planificar e impartir unha programación de formación que abarque áreas actitudinais, técnicas, culturais e ambientais.



- 
- Realizar un estudo comparativo con outros países e as situacións que atoparon para resolver a problemática da falta de man de obra.

## ACTORES

---

Concellaría de Servizos Sociais.

Concellaría de Desenvolvemento Local.

Consellería de Traballo.

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/Servizos Sociais.

Entidades sen ánimo de lucro e asociativas.

Confraría de pescadores.

## PAPEL DO CONCELLO

---

Buscar financiación a través de proxectos subvencionados ou iniciativas de fomento do emprego

## TEMPO

---

18 meses

## SINERXÍAS

---

2.5.2, 2.6.2

## FINANCIAMENTO

---

Concello de Redondela.

Consellería de Traballo.

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Servizos Sociais.

Confraría de pescadores

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.3 - Diversificar e reducir a dependencia no sector servizos

#### PROXECTO 2.3.4 - CREACIÓN DE COOPERATIVAS LOCAIS DE PRODUTOS AGRÍCOLAS

##### DESCRICIÓN

Potenciar a creación de cooperativas vencelladas á explotación e venda de produtos hortícolas locais. O enfoque da(s) cooperativas terá en conta as mudanzas ás que se enfronta o sector agrícola no século XXI: a necesidade de especialización, a demanda dos consumidores para produtos de maior calidade, produtos biolóxicos ou dunha produción compatíbel coa conservación do medio ambiente e da biodiversidade, etc. A través da estrutura de cooperativa procúrase dinamizar as estratexias que permitan producir ben e coa mellor técnica, vender mellor e satisfacer as expectativas dos consumidores con alimentos sans e equilibrados.

##### OBXECTIVO

- Potenciar o sector agrícola como xacemento de emprego
- Manter as tradicións e a cultura agrícola e dinamizar as zonas rurais que dependen deles
- Conservar a paisaxe rural
- Impulsar e fortalecer o asociacionismo, o cooperativismo, e, en xeral, a concentración e integración empresarial.
- Revitalizar os mercados locais e fomentar as lonxas de produtos agrarios.
- Estimular a promoción comercial dos produtos agrarios, contemplando a singularidade da produción integrada e da agricultura ecolóxica.

##### ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR

- Recuperar para a agricultura terreos danados por algún motivo e propiciar por outras maneiras o aumento da oferta da terra



- Fomentar o movemento cooperativo e adoptar as medidas necesarias para promover a súa constitución e desenvolvemento.
- Aumentar e manter por períodos máis longos os contratos de arrendamento rústico, e introducir incentivos fiscais ás arrendatarias e arrendatarios
- Desenvolver políticas de estímulo para a incorporación profesionalizada no sector de mulleres e mozas agricultoras.
- Estabelecer facilidades na transmisión das explotacións, preferencias nas cotas e dereitos.
- Impulsar programas formativos, tanto empresariais coma técnicos.

## ACTORES

Concellarías de Desenvolvemento Local, Economía, Medio Ambiente.

Consellerías do Medio Rural, Innovación e Industria, Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Igape

## PAPEL DO CONCELLO

Investigar medidas que faciliten a existencia dunha fiscalidade favorábel para sociedades cooperativas, e o financiamento dos gastos derivados da súa constitución.

Promover programas de divulgación e formación.

Apoiar a transformación e comercialización de produtos agrícolas locais con publicidade e promoción.

## TEMPO

30 meses

## SINERXÍAS

2.2.2, 2.2.3, 2.2.4, 2.2.5, 2.5.2, 2.5.4

## FINANCIAMENTO

Concellarías de Desenvolvemento Local, Economía.



---

Consellerías do Medio Rural, Innovación e Industria, Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Traballo.

Ministerio de Traballo.

Fondo Social Europeo, Igape



## Liña 2 – Prosperidade para todos e para todas

### Programa 2.4 Desenvolver o turismo sostíbel

#### **Xustificación**

Redondela é dos concellos costeiros nos que menos se desenvolveu o turismo e o seu mellor aproveitamento está considerado como a maior oportunidade de abrir un novo sector da economía. No ano 2005, a Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local fixo un estudo de viabilidade turística do municipio. Aínda que ese documento ofrece unha análise moito máis completa do que aquí se pode incluír, as súas recomendacións influíron nos proxectos propostos a continuación.

Como destino para turismo de praia, o seu potencial está limitado ás praias de Cesantes, que xa conta cun hotel e un cámping, e Arealonga, que non ten ningún hotel, mais goza dunha boa dotación de bares e restaurantes. Ambas praias xa atraen un gran número de visitantes no verán. As seguintes áreas ofrecen máis posibilidades de medrar e en moitos casos a primeira barreira no seu desenvolvemento é a falta de infraestrutura:

**Turismo urbano**, aproveitando as festas tradicionais, folclóricas, gastronómicas e culturais, ademais do Camiño de Santiago e da zona vella. A ausencia de aloxamento para turistas (á parte do albergue para peregrinos na Casa da Torre) e a escaseza de restaurantes na zona urbana limítano, de momento, principalmente, a visitas curtas de xente de vilas próximas e Vigo.

**Turismo rural**, aproveitando a paisaxe espectacular e o patrimonio cultural das parroquias e zonas rurais. Actualmente existen moi poucas casas rurais e as posibilidades de aproveitar o potencial para sendeirismo están limitadas pola gran falta de sendeiros acondicionados e a falta de mapas e información



---

dispoñíbel. Á parte do Camiño de Santiago, existen só catro percorridos indicados e ningunha publicación dirixida a xente de fóra para o seu goce.

**Turismo activo** que aproveite principalmente as posibilidades que ofrece a ría para o deporte acuático. Actualmente non existe ningunha instalación que ofrezca participación en deporte acuático para turistas.

É importante recoñecer que o potencial de turismo, tanto urbano como rural, depende de gran maneira na calidade do patrimonio que se quere celebrar. Un centro vello mal conservado, unha ría contaminada e montes que só conteñen plantacións de eucaliptos non van atraer turistas e, polo tanto, o éxito deste programa depende en gran medida na realización dunha ou máis das outras liñas de acción da Axenda 21.

---

### **Obxectivos**

- Aumentar o número de visitantes e turistas ao centro urbano.
- Aumentar o número de visitantes e turistas ás zonas rurais do concello.
- Desenvolver Redondela como un centro coñecido para o turismo activo e o deporte acuático.
- Ligar o desenvolvemento turístico con plans de ordenación e xestión que priorizan a protección do patrimonio natural e cultural

---

### **Proxectos**

- 2.4.1 Mellorar a calidade da oferta turística e promover o turismo cultural no centro urbano
- 2.4.2 Fomentar a creación de restaurantes, hoteis e outros aloxamentos de alta calidade
- 2.4.3 Recuperar e desenvolver unha rede de camiños para o sendeirismo
- 2.4.4 Publicar guías e outros materiais para promover o turismo rural
- 2.4.5 Crear un centro de turismo activo e deporte acuático
- 2.4.6 Formación en turismo



---

### 2.4.7 Mellorar sinalización turística

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.4 – Desenvolver o turismo sostíbel

#### PROXECTO 2.4.1 - MELLORAR A CALIDADE DA OFERTA TURÍSTICA E PROMOVER O TURISMO CULTURAL NO CENTRO URBANO

##### DESCRICIÓN

En colaboración coa Mancomunidade, desenvolver unha identidade turística específica para Redondela e desenvolver un marco turístico para mellorar e garantir a calidade da oferta hostaleira e hoteleira. Levar a cabo unha campaña de publicidade sobre Redondela como destino de turismo e planificar os principais eventos culturais para acomodar visitantes de fóra.

##### OBXECTIVO

Aumentar o número de turistas que visitan Redondela; tanto visitas puntuais para eventos, como baseando as súas vacacións alí.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Como parte dunha estratexia comarcal ou de mancomunidade, desenvolver unha identidade turística máis específica e definida para o concello
- Crear un marco de calidade turístico (de ámbito municipal ou comarcal) para restaurantes
- Promover eventos culturais principais (Festas da Coca, Choco, os Maios e o Festival Internacional de Títeres) máis amplamente que até agora.
- Colaborar máis con entidades autonómicas de turismo (TurGalicia, Turismo Rías Baixas, Consellería de Innovación e Industria, Xacobeo) para a inclusión de Redondela en publicidade nacional e internacional
- Realizar enquisas e outras actividades de avaliación con turistas e peregrinos que visitan o concello para identificar prioridades para o futuro desenvolvemento




---

## ACTORES

---

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local,

Concellaría de Cultura

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV)

Consellería de Innovación e Industria

TurGalicia, Turismo Rías Baixas, Xacobeo

Asociacións municipais de hostaleiros e de empresarios

---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Ser proactivo na colaboración no ámbito da Mancomunidade no desenvolvemento da estratexia de turismo.

Colaborar con asociacións de hostaleiros e de empresarios sobre o desenvolvemento de marcos de calidade.

Coordinar a publicidade de eventos culturais.

Realizar consultas de avaliación da experiencia turística en Redondela, en colaboración co albergue de peregrinos, hoteis e organizadores de actividades culturais.

---

## TEMPO

---

Adopción dunha identidade turística máis específica, desenvolvemento do marco de calidade: 1 ano

Actividades de promoción e de avaliación: continuo

---

## SINERXÍAS

---

2.4.2, 2.4.5

---

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder

Consellería de Innovación e Industria

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.4 – Desenvolver o turismo sostíbel

#### **PROXECTO 2.4.2 - FOMENTAR A CREACIÓN DE RESTAURANTES, HOTEIS E OUTROS ALOXAMENTOS DE ALTA CALIDADE**

##### DESCRICIÓN

Promover o municipio de Redondela como lugar para crear novos hoteis, casas rurais e restaurantes de alta calidade, a través dunha campaña de publicidade e ofrecendo redución de taxas municipais, axuda na procura de terreos e colaboración cos trámites de subvencións.

##### OBXECTIVO

Que se cren novos restaurantes, hoteis e outros aloxamentos de alta calidade no centro urbano, creando a infraestruturas necesaria para o desenvolvemento de Redondela como destino turístico.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Preparar información escrita e dixital que promova Redondela como oportunidade para iniciativas privadas de crear hoteis ou restaurantes que inclúa un inventario de todos os recursos, subvencións e axudas locais, autonómicas e europeas potencialmente dispoñíbeis.
- Formar programa de axudas municipais: redución en taxas locais, asesoría con trámites de subvencións, etc.
- Promovelos a través da Asociación de Empresarios, Dirección Xeral de Turismo, feiras de turismo, etc.

##### ACTORES

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Consellería de Innovación e Industria

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV)



---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Decidir posíbeis axudas locais para empresas

Facer inventario de todas as outras axudas e subvencións posíbeis, en colaboración coa Dirección Xeral de Turismo.

## TEMPO

---

6 meses

## SINERXÍAS

---

2.4.1, 3.1.1

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Consellería de Innovación e Industria

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.4 – Desenvolver o turismo sostíbel

#### PROXECTO 2.4.3 - RECUPERAR E DESENVOLVER UNHA REDE DE CAMIÑOS PARA SENDEIRISMO

##### DESCRICIÓN

Recuperar e sinalizar antigos camiños, carreiros e vieiros, aptos para uso peonil, e algúns aptos para uso en bicicleta ou de cabalo.

##### OBXECTIVO

Crear unha rede de vieiros para incluír o sendeirismo como unha oferta turística do municipio (ademais de ofrecer outra actividade de lecer para os redondeláns), tanto desde o centro urbano como por zonas máis rurais, e permitir o acceso ao patrimonio natural.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Realizar un inventario dos principais camiños, carreiros e vieiros do municipio e o seu estado actual, e establecer unha listaxe de prioridades de recuperación (por razóns prácticas e económicas, e para desenvolver a mellor infraestrutura turística).
- Realizar obras máis sinxelas con recursos propios do Concello.
- Crear unha estratexia de financiamento para obras maiores, en colaboración coa Consellería do Medio Rural e ADR Mancomunidade de Vigo.
- Colaborar coa Federación Galega de Montañismo para a sinalización axeitada e a inclusión de itinerarios na serie de Grandes Percorridos (G.R.) e Pequenos Percorridos Galegos (P.R.-G)

##### ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local





---

Consellería de Innovación e Industria; Dirección Xeral de Turismo

Consellería do Medio Rural

ADR Mancomunidade de Vigo

---

#### PAPEL DO CONCELLO

Coordinar o proxecto, solicitar financiamento

---

#### TEMPO

Estudo previo: 4 meses

Programa de obras pequenas: 6 meses

Preparación de proxecto maior para solicitar financiamento externo: 6 meses

Implantación do proxecto principal: 1 ano

---

#### SINERXÍAS

2.4.1, 4.2.4

---

#### FINANCIAMENTO

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Vías e Obras

Consellería de Innovación e Industria

Consellería do Medio Rural

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder

Fundacións privadas relacionadas coa protección do patrimonio natural /  
cultural

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.4 – Desenvolver o turismo sostíbel

#### PROXECTO 2.4.4 - PUBLICAR GUÍAS E OUTROS MATERIAIS PARA PROMOVER O TURISMO RURAL

##### DESCRICIÓN

Publicar unha serie de folletos para turistas, por exemplo “Redondela en bicicleta de montaña”, “Redondela a pé”, “Redondela a cabalo”, “Comer nas parroquias de Redondela”, “Cruceiros de Redondela”, etc. Distribuír a través das oficinas de turismo e tamén descargábeis desde Internet.

##### OBXECTIVO

Aumentar o número de turistas que visitan Redondela para turismo rural; tanto visitantes desde outras partes de Galicia para un día ou fin de semana, como persoas que basean as súas vacacións alí.

##### ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR

- Diseñar unha serie de itinerarios, baseados nos antigos camiños, carreiros e vieiros do municipio, e apropiados para pasear en bicicleta, a cabalo ou a pé.
- Diseñar outros tipos de itinerarios relacionados co patrimonio natural e cultural do rural
- Crear folletos con mapas simples e dirixidos a persoas de fóra que describen os camiños ou itinerarios
- Promover a súa ampla distribución en colaboración con TurGalicia e Turismo Rías Baixas

##### ACTORES

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento

Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo

Federación Galega de Montañismo



---

TurGalicia, Turismo Rías Baixas

#### PAPEL DO CONCELLO

---

Coordinar o proxecto, colaborar con TurGalicia e Turismo Ría Baixas para inclusión nas súas páxinas web.

#### TEMPO

---

Deseño de itinerarios e folletos: 6 meses

Revisión anual

#### SINERXÍAS

---

2.4.3, 2.4.7

#### FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Consellería de Innovación e Industria

Consellería do Medio Rural

MAIV / Proder

Caixas de aforros / Entidades privadas

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.4 – Desenvolver o turismo sostíbel

#### PROXECTO 2.4.5 - CREAR UN CENTRO DE TURISMO ACTIVO E DEPORTE ACUÁTICO

##### DESCRICIÓN

Promover o municipio de Redondela como lugar para crear un centro de turismo activo e deporte acuático.

##### OBXECTIVO

Converter Redondela en destino de turismo activo, baseado en deporte acuático na Ría de Vigo e o doado acceso a ríos e montañas.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Onde hai interese previo desde unha iniciativa privada (por exemplo o caso dun clube de vela na Enseada de San Simón), colaborar coa entidade e coa Consellería de Innovación e Industria para facilitar a súa realización.
- Para isto e outras posíbeis iniciativas, formar un programa de axudas municipais para fomentar a creación de centros: redución en taxas locais, asesoría con trámites de subvencións, etc.
- Promovelo a través da Asociación de Empresarios, Dirección Xeral de Turismo, Feiras de Turismo, páxinas de turismo activo, etc.

##### ACTORES

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo

Consellería de Innovación e Industria

TurGalicia, Turismo Rías Baixas

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV)



---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Decidir en posíbeis axudas locais para empresas

Facer un inventario de todas outras axudas e subvencións posíbeis, en colaboración coa Dirección Xeral de Turismo.

---

## TEMPO

---

2 anos

---

## SINERXÍAS

---

2.4.1, 2.4.2, 3.1.1

---

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Consellería de Innovación e Industria

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder



**Liña 2 – Prosperidade para todos e todas**  
*Programa 2.4 – Desenvolver o turismo sostíbel*

### **PROXECTO 2.4.6 - FORMACIÓN EN TURISMO**

#### **DESCRICIÓN**

Organizar programas de formación en calidade turística, atención ao cliente, coordinación e colaboración entre os sectores público e privado, seguridade e salubridade, prevención de riscos laborais, xestión de empresas turísticas, guías turísticas, xestión de recursos humanos, técnicas de venda, etc. Buscar financiamento para ofrecer formación gratuíta a todas as entidades relacionadas co turismo en Redondela.

#### **OBXECTIVO**

Fomentar a profesionalidade do sector turístico e a calidade da oferta turística.

#### **ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR**

- En colaboración cos redactores do Estudo de Viabilidade Turística, identificar as áreas para formación, e deseñar un programa de xornadas adecuadas.
- Identificar provedores e a forma de acreditar a formación.
- Buscar financiamento para ofrecer formación gratuíta.
- Promovelo a través da Asociación de Empresarios e dos axentes de turismo do municipio.

#### **ACTORES**

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Consellería de Innovación e Industria

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV)

TurGalicia, Turismo Rías Baixas



---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Coordinar o proxecto

---

## TEMPO

---

18 meses, repetido segundo necesario

---

## SINERXÍAS

---

2.4.1, Programa 2.5

---

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Consellería de Innovación e Industria

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### *Programa 2.4 – Desenvolver o turismo sostíbel*

#### **PROXECTO 2.4.7 - MELLORAR A SINALIZACIÓN TURÍSTICA**

##### DESCRICIÓN

Desenvolver un programa de sinalización turística no municipio, tanto para zonas rurais como para o centro urbano. Os sinais teñen que ser facilmente recoñecíbeis como indicación dun elemento de interese turístico, como un espazo natural, un lugar de interese arqueolóxico, un edificio de interese cultural, a oficina de turismo, as praias, a zona de aloxamentos, etc.

##### OBXECTIVO

Fomentar a calidade da oferta turística, a identidade específica do municipio e a comodidade para os turistas.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Avaliar a sinalización actual, incluíndo as áreas onde fai falta máis provisión, o seu estilo e a súa claridade para as persoas na súa primeira visita ao municipio.
- Decidir o estilo corporativo da sinalización e a simboloxía para cómpre adoptar.
- Diseñar e realizar un programa de melloras

##### ACTORES

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Concellaría de Vías, Obras, Iluminación, Policía Local e Tráfico

Consellería de Innovación e Industria

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

TurGalicia, Turismo Rías Baixas

##### PAPEL DO CONCELLO

Coordinar o proxecto





---

TEMPO

18 meses

---

SINERXÍAS

2.4.1, 3.1.1

---

FINANCIAMENTO

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Concellaría de Vías, Obras, Iluminación, Policía Local e Tráfico

Consellería de Innovación e Industria

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

## Liña 2 – Prosperidade para todos e para todas

### Programa 2.5 Formación e capacitación

#### **Xustificación**

A raíz da diagnose e prediagnose, detéctase unha alta taxa de desemprego que incide, sobre todo, nuns grupos de poboación moi concretos. En liñas xerais, recoñécese que hai emprego, pero que a predominancia de contratos temporais e malas condicións de traballo son un factor negativo. Cando se analizan as taxas de desemprego en xeral, xa sexa no ámbito estatal, galego ou local detéctase unha predominancia do desemprego en grupos de poboación moi concretos, como é o caso das mulleres e da xente nova. Para poder paliar esta situación e así garantir traballos máis estables e dignos nun futuro próximo, as/os redondelás/áns solicitan máis formación e fomento do emprego.

A taxa de desemprego é moi superior entre as mulleres redondelás (19,4%) que entre os homes (9,6%). A desvantaxe que atopan as mulleres no acceso ao mercado de traballo está influída por factores arredor da súa condición de xénero, como prexuízos sociais nos procesos de selección, subrepresentación en determinados ámbitos profesionais considerados como tradicionalmente masculinos (industria, construción, automoción), diferentes oportunidades, a capacitación profesional, expectativas sociais con respecto ao desenvolvemento profesional, etc.

En canto á xente nova, actualmente un de cada catro atópase en situación de desemprego e un elevado número de xente nova está en busca do seu primeiro emprego. É posible que aquí tamén inflúan os prexuízos e as discriminacións dos empregadores, mais hai que recoñecer que existe un importante número de xente nova, igual que no caso das mulleres, que non dispoñen de cualificación



---

profesional que os capacite para acceder a mercados de traballo maduros e para desenvolver un emprego estable.

As administracións deben apoiar e facilitar o acceso e a reincorporación ao mercado de traballo, especialmente das persoas que sofren dificultades para integrarse e reintegrarse ao mercado laboral que debe estar aberto a todas e a todos, e tratar de mellorar a ocupabilidade das/os redondelás/áns en relación ao acceso e mantemento do seu emprego e incidir naqueles factores que poden ser obxecto de discriminación ou exclusión.

---

### **Obxectivos**

- Paliar a alta taxa de desemprego motivado por unha baixa formación.
- Fomentar a formación baseada na igualdade en ámbitos susceptibles de favorecer ou perpetuar situacións de discriminación (empresariado, educación, Administración).
- Promover un mercado de traballo sen exclusións, aberto a todas e a todos.
- Facilitar o acceso das mulleres aos postos de traballo considerados como tradicionalmente masculinos.

---

### **Proxectos**

2.5.1 Fomentar a creación dunha empresa de inserción.

2.5.2 Crear un Pool de recursos para o emprego.

2.5.3 Fomentar a formación e a capacitación nos novos nichos de emprego–servizos de axuda a domicilio.

2.5.4 Reforzar os servizos municipais de atención a persoas dependentes para facilitar o acceso das mulleres á formación e ao mercado laboral.

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.5 – Formación e capacitación

#### PROXECTO 2.5.1 - FOMENTAR A CREACIÓN DE EMPRESAS DE INSERCIÓN

##### DESCRICIÓN

As empresas de inserción son estruturas con personalidade xurídica empresarial que producen bens e servizos e que incorporan no seu cadro de persoal de traballadores/as a persoas en risco de exclusión do mercado de traballo.

Para iso levan a cabo un proceso de acompañamento adecuado que contemple a adquisición de habilidades sociais, laborais, formación básica, cualificación laboral e coñecementos do mercado, que lles permita mellorar as súas condicións de empregabilidade, tomando como obxectivo a incorporación posterior o mercado laboral ordinario das ditas persoas. Son estruturas que combinan a lóxica empresarial coa intervención social.

##### OBXECTIVO

- Integración sociolaboral de persoas con especiais dificultades de inserción, coa finalidade de evitar a exclusión no mercado de traballo.
- Potenciar a creación dunha empresa en sectores de produción relevantes e favorecedores de emprego.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Poñer en marcha un programa integral de intervención para a xeración de empresas de inserción.
- Analizar e diagnosticar o nivel de desenvolvemento deste tipo de empresas.
- Divulgar o seu contido e características e sensibilizar as/os axentes implicadas/os.
- Propiciar o debate social entre as partes implicadas.



---

## ACTORES

Consellería de Innovación e Industria.

Consellería de Traballo.

Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar/Servizo Sociais.

Concellaría de Desenvolvemento Local.

Concellaría de Servizos Sociais.

Asociación de empresarios.

ONG de Redondela.

---

## PAPEL DO CONCELLO

- Apoio e colaborar para que exista un máximo consenso entre todas/os axentes implicadas/os para potenciar a súa necesidade de creación.
- Implicarse no apoio económico e buscar entidades promotoras subvencións.
- Impulsar compromisos económicos por vía institucional e de patrocinio.

---

## TEMPO

30 meses

---

## SINERXÍAS

2.2.1, 2.2.3, 2.2.4, 2.3.1, 2.5.3

---

## FINANCIAMENTO

Consellería de Innovación e Industria.

Consellería de Traballo.

Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar/Servizos Sociais.

Concello de Redondela.

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.5 – Formación e capacitación

#### PROXECTO 2.5.2 - CREAR UN POOL DE RECURSOS PARA O EMPREGO

##### DESCRICIÓN

O Pool de recursos para o acceso ao emprego xorde como un espazo necesario para dotar de ferramentas e apoios, tanto tecnolóxicos como persoais, as/os redondelás/áns que se atopan en busca activa de emprego, e teñan a necesidade de recorrer a un servizo público que lle ofrezca un espazo físico dotado do debido material, a través do cal poidan ter cubertas necesidades prácticas de busca e acceso a un emprego (disposición de ordenadores con acceso a Internet, diverso material en soporte escrito: prensa, revistas de emprego, anuncios, recompilación de ofertas, orientación laboral e formativa, accións e actividades grupais motivadoras que supoñan un contacto coa realidade empresarial, etc.).

##### OBXECTIVO

- Facilitar o acceso ao mercado de traballo.
- Facilitar o acceso as novas tecnoloxías aplicadas a busca de emprego.
- Rendibilizar a formación nas NTIC que ofrece o concello, nun espazo determinado e de referencia, enfocado a mellora da ocupabilidade das/os redondelás/áns.
- Potenciar unha rede cooperativa entre as/os redondelás de apoio e busca do emprego.

##### ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR

- Adquirir un local adecuado para instalar unha rede informática e diversos espazos para distribuír todo o material informativo necesario na busca de emprego.
- Buscar o financiamento necesario para a dotación de ordenadores e outro equipo e o persoal adecuado.



---

## ACTORES

Concellaría de Desenvolvemento Local.

Consellería de Traballo.

---

## PAPEL DO CONCELLO

- Iniciar o proceso buscando un local adecuado o que podan acceder as/os redondelás/áns.
- Colaborar coa Consellería de Traballo con respecto da dotación de ordenadores e dun especialista en orientación laboral.

---

## TEMPO

6 meses

---

## SINERXÍAS

2.3.3, 2.5.3, 2.5.4

---

## FINANCIAMENTO

Concellaría de Desenvolvemento Local.

Consellería de Traballo.

Iniciativa privada

Caixas de aforros

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.5 – Formación e capacitación

#### **PROXECTO 2.5.3 - FOMENTAR A FORMACIÓN E CAPACITACIÓN NOS NOVOS NICHOS DE EMPREGO – SERVICIOS DE AXUDA A DOMICILIO**

##### DESCRICIÓN

Fomentar programas de capacitación para o emprego nun sector considerado como novo nicho de emprego, na área de atención a persoas (auxiliar de axuda a domicilio e auxiliar de atención a infancia). A oferta de formación enfocárase nas persoas con máis dificultades de inserción laboral (mulleres, maiores de 45 anos ou menores de 25 sen cualificación ou con escasa cualificación).

Os programas basearíanse nun proceso completo e organizado, apoiado na formación a través de itinerarios amplos de capacitación formativa técnica e práctica na área en cuestión. Esta formación é necesario reforzala coa asistencia dun equipo técnico profesionalizado que favoreza paralelamente a orientación laboral e a posterior inserción, realizando unha prospección de mercado en contacto real coas empresas.

##### OBXECTIVO

- Mellorar a ocupabilidade a través da capacitación das/os redondelás/áns con dificultades de inserción laboral.
- Favorecer a inserción en ámbitos de actividade correspondentes aos novos filóns de emprego, concretamente na área de atención a persoas.
- Potenciar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Reforzar os servizos de apoio ás persoas con especiais necesidades.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Diseñar programas de formación, e promovelos entre os grupos da poboación prioritarios.
- Fomentar a creación de empresas neste sector.





---

## ACTORES

---

Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar/Servizos Sociais.

Consellería de Traballo.

Concellaría de Servizos Sociais.

Concellaría de Desenvolvemento Local.

---

## PAPEL DO CONCELLO

---

- Iniciar e coordinar o proxecto.
- Colaborar coa Consellería de Traballo e Vicepresidencia para crear estratexia de financiamento

---

## TEMPO

---

18 meses

---

## SINERXÍAS

---

2.2.1, 2.2.3, 2.2.4, 2.6.2, 2.3.1

---

## FINANCIAMENTO

---

Concello de Redondela.

Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar/Servizos Sociais.

Consellería de Traballo.

Ministerio da Administración Pública/Subvención Global

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.5 – Formación e capacitación

#### PROXECTO 2.5.4 - REFORZAR OS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ATENCIÓN A PERSOAS DEPENDENTES

##### DESCRICIÓN

Mellorar a rede de servizos de garderías infantís e servizos de axuda no fogar, co fin de facilitar o acceso á formación e ao mercado laboral para as persoas encargadas do coidado de dependentes (tanto maiores como pequenos). Na gran maioría dos casos, estes coidadores son mulleres.

##### OBXECTIVO

- Eliminar as barreiras que impiden o desenvolvemento profesional de mulleres e a súa incorporación no mercado laboral.
- Contribuír á creación dunha sociedade máis igualitaria e fomentar a corresponsabilidade social e familiar.
- Ofrecer unha cobertura ampla de servizos de atención ás persoas dependentes.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Estudar a actual provisión de garderías e de axuda no fogar para persoas maiores ou discapacitados, e identificar as zonas xeográficas e os horarios prioritarios para mellorar (incluíndo, por exemplo, horarios nocturnos).
- Nas áreas que resultan prioritarias, colaborar coa Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar para ampliar os servizos municipais de axuda no fogar e das garderías municipais.
- Estudar a viabilidade de reducir os requisitos de acceso aos servizos, de xeito que cheguen a máis cidadáns redondeláns.

##### ACTORES



---

Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar.

Concellaría de Servizos Sociais.

Concellaría de Ensino.

Garderías privadas e municipais.

Centros de día e outros provedores de servizos para persoas maiores e persoas discapacitadas.

---

#### PAPEL DO CONCELLO

Estudar a provisión actual.

Colaborar coa Vicepresidencia sobre a ampliación de servizos públicos e/ou o establecemento de convenios de colaboración con entidades privadas.

---

#### TEMPO

1 ano

---

#### SINERXÍAS

2.5.2, 2.5.3, 2.6.2, 2.2.1, 2.2.3, 2.2.4, 2.3.1, 2.3.2

---

#### FINANCIAMENTO

Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar.

Concellaría de Servizos Sociais.

Concellaría de Desenvolvemento Local.

## Liña 2 – Prosperidade para todos e para todas

### Programa 2.6 Promover igualdade de oportunidades

#### **Xustificación**

No programa 2.5, xa se examinou que a taxa de desemprego é moito máis superior entre as mulleres redondelás (19,4%) que entre os homes (9,6%). Na auditoría non se dispoñía dos datos correspondentes para Redondela para persoas discapacitadas e para inmigrantes, mais é relevante que no ámbito español e europeo, forman os dous outros grupos principais, ademais de mulleres, que teñen a taxa de desemprego moi superior ao medio. Non hai evidencia de que Redondela é diferente que a maioría dos municipios galegos e europeos neste sentido.

No programa 2.5 falouse tamén da necesidade para capacitación e mellorar a accesibilidade á formación para fortalecer a economía local, e a igualdade dentro desa economía. Mais para mulleres tanto como para persoas discapacitadas e para inmigrantes, a falta de formación non é a única barreira á igualdade no mercado laboral.

Barreiras existen na forma de prexuízos e discriminacións —conscientes e inconscientes— entre empregadores nos procesos de selección e nas condicións de emprego, e na presión social que condiciona as expectativas respecto ao desenvolvemento profesional. Barreiras estruturais son igual de relevantes, e van dende a falta de posibilidades de traballar de tempo partido (para poder combinar con, por exemplo, o coidado de nenos), ou a falta de axuda no fogar no coidado de dependentes, ata barreiras físicas ou arquitectónicas que impide a inserción de persoas competentes para o traballo pero con certas discapacidades.



---

A prediagnose mostrou certo cinismo entre moitos redondeláns cara á actual igualdade de oportunidades, moitos e moitas senten que importa máis 'quen coñeces que o que sabes'. No sector privado moitos postos de traballo non están anunciados publicamente, e existen poucos procedementos para contabilizar ou guiar o proceso de selección para garantir a igualdade. A percepción de que para ter éxito fai falta máis que só o teu propio mérito é unha barreira ao desenvolvemento sostíbel porque socialmente e culturalmente é un freo á igualdade e á xustiza, e economicamente representa un aproveitamento moi ineficaz dos recursos humanos do municipio.

Para poñer a igualdade de oportunidades no sitio dominante adecuado, fai falta un cambio cultural en todos os sectores. A Administración ten que asumir un papel de líder e de guía nese proceso, tanto nas súas propias actividades como na súa capacidade de influír as actividades doutras entidades.

---

### **Obxectivos**

- Fomentar o papel da Administración como modelo de referencia en igualdade de oportunidades.
- Promover a igualdade de oportunidades para todas e todos no acceso ao mercado de traballo en todos os sectores.

---

### **Proxectos**

2.6.1 Adoptar un plan municipal de igualdade de oportunidades.

2.6.2 Formación e sensibilización en igualdade de oportunidades.

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### *Programa 2.6 – Promover igualdade de oportunidades*

#### **PROXECTO 2.6.1 - ADOPTAR PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES MUNICIPAL**

##### DESCRICIÓN

Adoptar un plan de igualdade de oportunidades municipal, gobernar as accións propias da Administración e fomentar a colaboración con entidades privadas para promover o concepto de igualdade de oportunidades e a adopción de políticas de IO no sector privado.

##### OBXECTIVO

- Que entidades públicas e privadas adopten formas de traballar conforme coa igualdade de oportunidades.
- Fomentar as posibilidades de cada cidadá/án de se desenvolver profesionalmente segundo as súas habilidades.
- Eliminar as barreiras que impiden a igualdade nos ámbitos educativos, sociais, institucionais e laborais.
- Fomentar a economía local a través dun aproveitamento máis eficaz do capital humano do municipio.
- Que a Administración asuma o papel de líder e referente no proceso.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Adoptar un plan de igualdade de oportunidades municipal, seguindo un modelo estándar.
- Crear materiais de información e distribuílo a empresas privadas.
- Ofrecer servizo de axuda e información para empresas interesadas en promover IO.

##### ACTORES

Concello de Redondela.




---

PIOM de Redondela.

CIM (Servizo de Información á Muller) de Redondela.

Servizo Galego de Igualdade.

IMSERSO.

LENDA

Asociacións de inmigrantes.

Asociación de empresarios, empresas do municipio.

### PAPEL DO CONCELLO

Adoptar política propia de igualdade de oportunidades, seguindo un modelo estándar e difundir por todos os departamentos do concello.

Promover a representación paritaria en todos os servizos, actividades, comités, procesos de selección, etc. que se vai realizar dentro do concello.

Ser proactivo na colaboración con outras entidades para fomentalo fóra da propia Administración.

### TEMPO

1 ano

### SINERXÍAS

1.4.4, 1.4.5, 1.4.6, 2.5.1, 2.5.4, 2.3.2, 2.3.4, 2.6.2

### FINANCIAMENTO

Concello de Redondela.

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV).

Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar, Sevizos Sociais

## Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

### Programa 2.6 – Promover igualdade de oportunidades

#### PROXECTO 2.6.2 - FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

##### DESCRICIÓN

Promover e apoiar a realización e desenvolvemento de programas de formación e sensibilización en igualdade de oportunidades nos ámbitos educativos, sociais, institucionais e laborais.

##### OBXECTIVO

- Concienciar sobre a desigualdade actual e a importancia económica e socio-cultural de promover igualdade de oportunidades.
- Que entidades públicas e privadas adopten formas de operar conforme con igualdade de oportunidades.
- Xerar unha percepción máis igualitaria entre os/as cidadás/áns redondelás/áns, e modificar os comportamentos sociais de carácter sexista, racista ou discriminativos.
- Impulsar a transversalidade en materia de xénero.
- Potenciar o papel das administracións como impulsoras da igualdade de oportunidades.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Impartirlles formación en igualdade de oportunidades as/os profesionais implicadas/os na educación e formación de persoas adultas para evitar a discriminación profesional
- Impulsar campañas de sensibilización aproveitando diferentes recursos e oferta de ocio da vila (festivais culturais, prensa local, etc.).
- Establecer nas administracións medidas de acción positivas e a promoción do enfoque transversal de igualdade.





- Colaborar cos centros educativos para que promovan entre as/os alumnas/os unha elección formativa e profesional non baseada en estereotipos.

## ACTORES

Concello de Redondela.

PIOM de Redondela, CIM (Servizo de Información á Muller) de Redondela.

Servizo Galego de Igualdade.

IMSERSO.

LENDA

Asociacións de inmigrantes.

Asociación de empresarios, empresas do municipio.

Consellería de Educación e institucións educativas.

Mancomunidade de Vigo/Proxecto 'Conta con elas'.

## PAPEL DO CONCELLO

Establecer medidas de acción positiva nos distintos servizos administrativos, e así potenciar o desenvolvemento das accións actuando como mediador e como exemplo.

Facilitar o acceso das mulleres aos cursos de formación profesional e doutros programas que xestione o Concello de Redondela.

Difusión do Plan de igualdade de oportunidades de Redondela.

## TEMPO

2 anos

## SINERXÍAS

2.5.1, 2.5.4, 2.3.2, 2.3.4, 2.6.1

## FINANCIAMENTO

Concello de Redondela.

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV).

Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar, Sevizos Sociais

## Liña 3 – Urbanismo sostíbel

### Programa 3.1 Xestión do urbanismo

#### ***Xustificación***

O desenvolvemento de Redondela durante a segunda parte do século XX caracterizouse por unha falta de planificación de urbanismo, e unha falta dunha perspectiva integrada na toma de decisións. En case todas as actividades da auditoría, foi identificado como un dos puntos máis débiles do municipio, e unha das principais prioridades para rectificar cara ao futuro.

A ordenación municipal, e a forma en que medra fisicamente o pobo, é dos factores que inflúe máis directamente no impacto ambiental do desenvolvemento, na calidade de vida dos cidadás, e no tema de sustentabilidade. No caso de Redondela, para identificar o camiño adecuado cara ao futuro, é importante recoñecer os fracasos do pasado:

- A falta de protección para espazos naturais resultou nunha deterioración de hábitats e ecosistemas naturais, tanto no litoral como nos ríos e montes.
- A falta de provisión de novos espazos verdes como parte do crecemento da vila significa que esta deterioración non tivo case ningunha compensación ecolóxica ou paisaxística.
- A falta de provisión adecuada para industria e outras empresas, e a súa distribución anárquica que resulta, fai que a industria presente teña un impacto ambiental e na calidade de vida dos redondeláns moi alto relativo á cantidade e á natureza de industria presente.
- A falta de provisión para transporte público, bicis e peóns, creou unha cultura de dependencia do coche. Isto crea contaminación atmosférica e de ruído, e tamén, grazas a un deseño urbanístico non apto para moitos



---

coches, problemas de aparcamento e moita inconveniencia tanto para condutores como para peóns.

- Na zona vella, perdéronse algúns elementos importantes do patrimonio arquitectónico e moitos quéixanse de que a zona vella se sente 'pechada' por grandes edificios novos.

Para un desenvolvemento sustentábel, o urbanismo do futuro ten que ser planificado desde un punto de vista máis integrador, e ten que seguir una política clara. Un plan xeral de ordenación municipal, previsto para adopción durante o ano 2006, é unha ferramenta imprescindible para iso, pero outra preocupación clara de moitos redondeláns é sobre a súa efectividade. Os fracasos do pasado, e a percepción de que se lles aplicaron as leis a algúns máis que a outros, crean una gran falta de confianza pública na xestión do urbanismo. O PXOM só servirá se está implantado cun control estrito, e se calquera infracción recibe un castigo significativo.

Por último, é importante recoñecer que o PXOM só marca a estrutura para o futuro urbanismo. Moitos detalles quedan sen definir, e é importante que o proceso de definir esas detalles sexa algo transparente, e, cando é para o ben da cidadanía, consultativo e participativo.

---

### **Obxectivos**

- Asegurar que o urbanismo do futuro sexa integrador, equilibrado e planificado, e promover tanto o desenvolvemento económico coma a protección ambiental e a calidade de vida dos redondeláns, así formando parte dun desenvolvemento sostíbel do municipio.
- Asegurar que os criterios establecidos no PXOM se cumpren con transparencia, e fomentar a confianza pública no proceso.
- Abrir oportunidades, cando apropiado, para a participación cidadá na achega de ideas e suxestións nas áreas que lles afecta.



---

**Proxectos**

3.1.1 Adoptar o Plan xeral de ordenación municipal.

3.1.2 Crear mecanismos de seguimento do PXOM e de consulta e comunicación en temas de urbanísticos.

### Liña 3 – Urbanismo sostíbel

#### Programa 3.1 – Xestión do urbanismo

## PROXECTO 3.1.1 - ADOPTAR O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

### DESCRICIÓN

O proceso de crear o Plan xeral de ordenación municipal é independente de Axenda 21 e empezou xa hai uns anos. Previsto para adopción a finais do ano 2006, marcará a estrutura do urbanismo no municipio cara á próxima década. Aínda que sexa un proceso independente de Axenda 21, o seu deseño e a súa implantación terán moita influencia na sustentabilidade do desenvolvemento de Redondela, e, polo tanto, no cumprimento dos obxectivos de Axenda 21.

### OBXECTIVO

Crear a estrutura necesaria para asegurar que o futuro desenvolvemento do municipio sexa dunha forma sostíbel, planificada e equilibrada, e promove tanto o desenvolvemento económico como a protección ambiental e unha alta calidade de vida da cidadanía.

### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Dentro das marxes que quedan antes da súa adopción, asegurar que o PXOM está de acordo cos obxectivos do desenvolvemento sostíbel e que equilibra o desenvolvemento económico coa protección ambiental e a calidade de vida da cidadanía.
- Darlle publicidade ao período de consulta pública antes do seu adopción, así fomentando a participación cidadá e a confianza no proceso.
- Adoptar o PXOM.
- Controlar de forma estrita e estandarizada a súa implantación e perseguir castigos xudiciais para infraccións.

### ACTORES



---

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo.

Todas as outras concellarías.

Consellería de Política Territorial.

A cidadanía do municipio.

#### PAPEL DO CONCELLO

---

Adoptar PXOM

#### TEMPO

---

Adopción antes do final do ano 2006

#### SINERXÍAS

---

3.1.2, todas as liñas do plan de acción

#### FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo

### Liña 3 – Urbanismo sostíbel

#### Programa 3.1 – Xestión do urbanismo

#### PROXECTO 3.1.2 - CREAR MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DO PXOM E DE CONSULTAR E COMUNICAR EN TEMAS DE URBANISMO

##### DESCRICIÓN

Creación dun foro de urbanismo, con representación cidadá ademais de política, para facer o seguimento do PXOM, ser o canal de comunicación cara ao público e identificar oportunidades para a participación cidadá máis activa en proxectos de urbanismo. O PXOM só marca a estrutura para o futuro urbanismo: moitos detalles quedan sen definir, e é importante que o proceso de definir eses detalles sexa algo transparente, e, cando é apropiado, consultativo e participativo.

##### OBXECTIVO

- Crear confianza pública na xestión do urbanismo, e de que o PXOM se aplica da mesma maneira transparente para todos e para todas.
- Fomentar a participación pública na xestión do urbanismo.
- Crear foro para debater os novos retos de urbanismo cando aparecen, en vez de cada 10 anos na redacción dos PXOM, e converter así a xestión de urbanismo nun proceso máis dinámico e fluído.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Convocar foro unha vez adoptado o PXOM, con representación da cidadanía.
- Identificar oportunidades para a participación pública en proxectos de urbanismo dirixidos polo concello, por exemplo na remodelación da zona urbana.
- Utilizar métodos xa probados para incorporar as ideas e as suxestións da cidadanía no deseño de espazos urbanos, como 'Planificando de verdade' ('*Planning for Real*').



- 
- Utilizar a prensa local para lles dar publicidade a actividades e á implantación do PXOM.

#### ACTORES

---

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo.

Concellaría de Participación Cidadá.

Asociacións veciñais, e outros grupos representativos.

#### PAPEL DO CONCELLO

---

Coordinar foro

#### TEMPO

---

Creación do foro antes da fin do ano 2006.

Convocar cada trimestre ou segundo sexa necesario

#### SINERXÍAS

---

3.1.1, 1.1.1, 2.2.2

#### FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo

Concellaría de Participación Cidadá



## Liña 4 – Transporte e tráfico

### Programa 4.1 Fomentar o uso de transporte público

#### ***Xustificación***

Redondela conta cun sistema de estradas bastante bo, ademais de ter enlaces con autovías accesíbeis, mentres que o sistema de transporte público, tanto de tren como autobús, é inadecuado para un municipio coa poboación, xeografía e movemento diario que ten Redondela. Como consecuencia, existe unha cultura de usar o coche para a gran maioría de viaxes, de curta e longa distancia.

No contexto da Axenda 21, isto presenta dous problemas principais. Por un lado, prexudica as persoas sen dispoñibilidade dun coche: principalmente persoas con baixo poder adquisitivo, mozos e persoas da 3ª idade. Por outro lado, o incremento anual no uso do coche crea problemas de contaminación atmosférica e ruído que no contexto local prexudica a calidade de vida das que viven preto das estradas, e que desde unha perspectiva global contribúen ao cambio climático. Considerando tamén a incapacidade dos centros urbanos de aguantar tanto tráfico, o tempo que se pasa buscando un lugar para estacionar e os atascos que resultan, non é de estrañar que o exceso de tráfico estaba citado como o maior problema co medio urbano nas actividades consultivas, e melloras ao transporte público como a principal suxestión para mellorar o medio urbano.

Infraestrutura de transporte público xa existe, pero as prioridades principais son máis frecuencia e fiabilidade, tanto de tren como autobús, e logo explorar novas rutas e incluso novos medios (como, por exemplo, barco). Aínda que inflúe, o prezo do transporte público non se considera como a barreira máis importante que impide o seu maior uso na maioría das rutas.



---

---

### **Obxectivos**

- Reducir o uso de coches
- Mellorar a fluidez de movementos vehicular nos centros urbanos
- Asegurar que persoas sen dispoñibilidade dun coche non están prexudicadas en canto á mobilidade cotiá necesaria
- Fomentar un cambio de mentalidade entre os redondeláns e redondelás para que se considere o transporte público como a opción preferíbel e normal para viaxes cotiás

---

### **Proxectos**

- 4.1.1 Mellorar frecuencia e fiabilidade en rutas interurbanas de autobús
- 4.1.2 Mellorar servizos de autobús en zonas rurais
- 4.1.3 Máis frecuencia de trens que paren en Redondela
- 4.1.4 Mellorar integración de horarios e billetes de autobuses e trens con autobuses urbanos en Vigo

## Liña 4 – Transporte e tráfico

### Programa 4.1 – Fomentar o uso de transporte público

#### PROXECTO 4.1.1 - MELLORAR FRECUENCIA E FIABILIDADE EN RUTAS INTERURBANAS DE AUTOBÚS

##### DESCRICIÓN

Colaborar coas empresas de autobuses e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para estudar a viabilidade de pór máis autobuses nas principais liñas interurbanas. Calcular o financiamento necesario para facer viábel a cada unha, e adoptar unha estratexia de subvencionar rutas.

##### OBXECTIVO

- Converter o autobús nunha opción práctica, cómoda e fiábel para ir e volver do traballo, sobre todo para os redondeláns que traballan en Vigo, O Porriño ou Pontevedra, así aumenta a demanda e así mellora a súa viabilidade para as empresas de transporte.
- Aumentar o uso de autobuses a outras horas e para outras viaxes tamén

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Crear unha mesa de traballo con representantes do Concello, empresas de autobuses, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, MAIV e grupos de consumidores.
- Estudar a viabilidade de pór máis autobuses nas principais liñas interurbanas, e calcular o financiamento necesario para facer viábel cada unha.
- Colaborar coa Consellería de Política territorial, obras públicas e transportes para subvencionar as rutas prioritarias e para procurar fontes externas de subvención

##### ACTORES



---

Concellaría de Feiras e Mercados, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV)

Empresas de autobuses: Castromil, García, Vitrasa

Grupos de consumidores

---

## PAPEL DO CONCELLO

Formar e coordinar unha mesa de traballo

---

## TEMPO

Estudo de viabilidade e priorización de rutas: 6 meses

Proxecto piloto de subvencionar rutas: 2 anos

---

## SINERXÍAS

4.1.2, 4.1.3, 4.1.4

---

## FINANCIAMENTO

Consellería de Política territorial, Obras Públicas e Transportes

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Feiras e Mercados, Turismo, Transportes e Desenvolvemento

Local

CaixaGalicia

Ministerio de Fomento

## Liña 4 – Transporte e tráfico

### Programa 4.1 – Fomentar o uso de transporte público

#### PROXECTO 4.1.2 - MELLORAR SERVIZOS DE AUTOBÚS EN ZONAS RURAIS

##### DESCRICIÓN

Colaborar coas empresas de autobuses e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para estudar a viabilidade de pór máis autobuses nas zonas rurais e conectar as parroquias de Redondela. Calcular o financiamento necesario para facer viábel cada unha, e adoptar unha estratexia para subvencionar rutas.

##### OBXECTIVO

Moitas das parroquias de Redondela carecen dun servizo de autobús ou dispoñen dunha pouca frecuencia, por motivos de inviabilidade para as empresas de autobuses. O obxectivo deste proxecto é convertelo nunha opción viábel, que aumente a demanda e que así mellore a súa viabilidade para as empresas de transporte.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Crear unha mesa de traballo con representantes do Concello, empresas de autobuses, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, MAIV e grupos de consumidores.
- Estudar a viabilidade de pór máis autobuses nas rutas rurais existentes, e crear máis rutas, e calcular o financiamento necesario para facer viábel cada unha.
- Colaborar coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para subvencionar as rutas prioritarias e para procurar fontes externas de subvención.

##### ACTORES



---

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Feiras e Mercados, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV)

Empresas de autobuses: Castromil, García, Vitrasa

Grupos de consumidores

---

## PAPEL DO CONCELLO

Formar e coordinar unha mesa de traballo

---

## TEMPO

Estudo de viabilidade e priorización de rutas: 6 meses

Proxecto piloto de subvencionar rutas: 2 anos

---

## SINERXÍAS

4.1.1, 4.1.4

---

## FINANCIAMENTO

Consellería de Política territorial, Obras Públicas e Transportes

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Feiras e Mercados, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Local

CaixaGalicia

Ministerio de Fomento

## Liña 4 – Transporte e tráfico

### Programa 4.1 – Fomentar o uso de transporte público

#### PROXECTO 4.1.3 - MÁIS FRECUENCIA DE TRENS QUE PAREN EN REDONDELA

##### DESCRICIÓN

Colaborar con Renfe e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para estudar a viabilidade de aumentar a frecuencia de trens de Redondela-Vigo, Redondela-Pontevedra e Redondela-O Porriño. Calcular o financiamento necesario para facer viábel cada unha, e adoptar unha estratexia de subvencionar rutas.

##### OBXECTIVO

Aumentar a frecuencia de trens locais, e o número de pasaxeiros que opten polo tren como principal medio de transporte para ir e volver do traballo.

##### ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR

- Crear unha mesa de traballo con representantes dos principais concellos (Vigo, Pontevedra, Redondela, O Porriño), MAIV, Renfe, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e grupos de consumidores.
- Estudar a viabilidade de pór máis trens, e calcular o financiamento necesario para facelo viábel.
- Colaborar coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para subvencionar as rutas prioritarias e para procurar fontes externas de subvención

##### ACTORES

Concellos de Vigo, Redondela, Pontevedra

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV)



---

Renfe

Grupos de consumidores

#### PAPEL DO CONCELLO

---

Colaborar e ser proactivo para crear a mesa de traballo

#### TEMPO

---

Estudo de viabilidade e priorización de rutas: 6 meses

Proxecto piloto de subvencionar rutas: 2 anos

#### SINERXÍAS

---

4.1.1, 4.1.4

#### FINANCIAMENTO

---

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Renfe

Ministerio de Fomento



## Liña 4 – Transporte e tráfico

### Programa 4.1 – Fomentar o uso de transporte público

#### **PROXECTO 4.1.4 - MELLORAR A INTEGRACIÓN DE HORARIOS E BILLETES DE AUTOBUSES E TRENS CON AUTOBUSES URBANOS EN VIGO**

##### DESCRIPCIÓN

Colaboración entre Renfe e Vitrasa, e as empresas de autobuses Redondela-Vigo e Vitrasa, para desenvolver billetes únicos e asegurar o enlace de horarios necesario para permitir que o transporte público sexa práctico e eficiente para os usuarios.

##### OBXECTIVO

Fomentar que o transporte público sexa a opción máis cómoda para viaxar de Redondela a calquera parte de Vigo.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Estudar os principais destinos dos redondeláns que traballan en Vigo, e a actual viabilidade de chegar alí utilizando unha combinación de formas de transporte público.
- Identificar os cambios de horarios máis necesarios.
- Investigar posibilidades de crear billetes únicos para uso en ambas as formas de transporte (como está en proxecto para Vitrasa-o barco Mar de Ons para viaxeiros de Cangas e Moaña).

##### ACTORES

Vitrasa, Renfe, Castromil, Autobuses García

Concello de Vigo, Concello de Redondela

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV)

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes



---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Iniciar proxecto e diálogo entre entidades

---

## TEMPO

---

Estudo inicial: 4 meses

---

## SINERXÍAS

---

4.1.1, 4.1.2, 4.1.3

---

## FINANCIAMENTO

---

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

## Liña 4 – Transporte e tráfico

### Programa 4.2 Fomentar o uso de transporte limpo

#### ***Xustificación***

En Redondela existe unha cultura de usar o coche para a gran maioría de viaxes, de curta e longa distancia. Os problemas disto en canto ao deterioro na calidade do ambiente nos centros urbanos e preto das estradas, e tamén no ámbito global en canto a contaminación atmosférica, son ben coñecidos, e non é de estrañar que na prediagnose, o exceso de tráfico estaba citado como o maior problema co medio urbano nas actividades consultivas.

Aínda que as melloras do transporte público poden ser as solucións máis prácticas para viaxes interurbanas, é importante recoñecer que a maioría do tráfico nos centros urbanos de Redondela e Chapela é de orixe local. Nestes casos, a promoción do transporte limpo (principalmente andar a pé ou en bicicleta) podería ter un impacto importante. Unha barreira importante fronte ao seu maior uso é que xa non hai costume -para a maioría da xente, unha vez que o normal é baixar ao centro en coche, xa nin se considera outra cousa. Por outro lado, non se utiliza máis a bicicleta ou os pés porque para moitas rutas é incomodo, desagradábel ou perigoso.

Polo tanto, a promoción do transporte limpo precisa obras e outros proxectos que fagan que andar en bicicleta ou a pé sexa máis cómodo e agradábel e que quiten algo do protagonismo do coche nalgunhas rutas (carrís e aparcamentos para bicicletas, camiños peonís, etc), pero igual de importante son actividades de sensibilización que fan que a xente volva consideralo coma alternativa práctica, agradábel, ás veces máis cómoda e como parte dunha vida máis sa.



---

Outra forma de reducir a cantidade de coches nas estradas, que xa foi ben desenvolto noutras partes do Estado e de Europa, é a promoción de compartir coches, principalmente entre persoas que fan o mesmo percorrido ao traballo cada día.

---

### **Obxectivos**

- Reducir o uso de coches
  - Mellorar a fluidez de movemento vehicular nos centros urbanos
  - Promover costumes saudábeis
  - Permitir unha mobilidade segura para os cidadáns sen dispoñibilidade dun coche
  - Fomentar unha mudanza de mentalidade entre os redondeláns para que se considere o transporte limpo como unha opción preferíbel e normal para viaxes cotiás
- 

### **Proxectos**

- 4.2.1 Creación de carrís de bicicleta urbanos e interurbanos
- 4.2.2 Instalar estruturas para o aparcamento seguro de bicicletas
- 4.2.3 Fomentar compartir coches
- 4.2.4 Recuperar e desenvolver unha rede de camiños para acceder ao centro urbano a pé



## Liña 4 – Transporte e tráfico

### Programa 4.2 – Fomentar o uso de transporte limpo

#### PROXECTO 4.2.1 - CREACIÓN DE CARRÍS DE BICICLETA URBANOS E INTERURBANOS

##### DESCRICIÓN

Deseñar unha rede de carrís de bicicleta para o municipio, e construílos.

##### OBXECTIVO

Aumentar o uso seguro de bicicletas como medio de transporte.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- A través dun estudo das viaxes máis comúns, identificar as rutas en que carrís de bicicleta estarían máis utilizadas e en que contribuirían máis a reducir o tráfico.
- Estudar a viabilidade técnica de construír os carrís prioritarios.
- Colaborar coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para formar un plan de financiamento.

##### ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Feiras e Mercados, Turismo, Transportes e Desenvolvemento

Local

Concellaría de Vías, Obras, Iluminación, Policía Local e Tráfico

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

##### PAPEL DO CONCELLO

Contratar un estudo inicial

Colaborar coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para realizar obras



## TEMPO

Estudo inicial: 3 meses

---

## SINERXÍAS

4.2.2, 3.1.1

---

## FINANCIAMENTO

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Concello de Redondela

Caixas de aforros

## Liña 4 – Transporte e tráfico

### Programa 4.2 – Fomentar o uso de transporte limpo

#### PROXECTO 4.2.2 - INSTALAR ESTRUTURAS PARA O APARCAMENTO SEGURO DE BICICLETAS

##### DESCRICIÓN

Instalar estruturas para encadear bicicletas de forma segura en sitios claves do municipio, como a Alameda/en fronte do Concello, ao lado dos institutos en Chapela e Redondela, ao lado dos centros de saúde, e nas praias de Arealonga e Cesantes.

##### OBXECTIVO

Aumentar o uso de bicicletas como medio de transporte.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Identificar os sitios onde a provisión dun lugar seguro para estacionar bicicletas máis fomentaría o seu uso.
- Instalar estruturas.

##### ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Feiras e Mercados, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Concellaría de Vías, Obras, Iluminación, Policía Local e Tráfico

##### PAPEL DO CONCELLO

Coordinar o proxecto

##### TEMPO

4 meses

##### SINERXÍAS



---

3.1.1, 4.2.1

FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Feiras e Mercados, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Concellaría de Vías, Obras, Iluminación, Policía Local e Tráfico

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes / Educación / Medio Ambiente

Caixas de aforros



## Liña 4 – Transporte e tráfico

### Programa 4.2 – Fomentar o uso de transporte limpo

#### PROXECTO 4.2.3 - FOMENTAR COMPARTIR COCHES

##### DESCRIPCIÓN

Promover compartir coches, sobre todo en viaxes diarias de ida e volta do traballo, a través de Internet nunha base de datos centralizada e interactiva. Con acceso gratuíto, calquera persoa pode decatarse doutras persoas que realizan a mesma viaxe e que están dispoñíbeis para compartir coche.

##### OBXECTIVO

Reducir a cantidade de coches nas estradas.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Investigar os diferentes modelos de coordinar programas de compartir coches (tanto para viaxes individuais como regulares, por exemplo de casa ao traballo) actualmente funcionando en España, por exemplo, bases de datos de *Compartir SL*.
- Decidir na extensión xeográfico do programa. Unha base de datos galega terían máxima utilidade e formaría parte da páxina web da Xunta; un só para viaxeiros de Redondela podería formar parte da páxina do Concello ou ser independente.
- Investigar outros incentivos posíbeis para participantes (por exemplo bonos en transporte público, descontos en prazas de aparcamentos, etc.)
- Realizar unha campaña de promoción do programa, enfocando nos beneficios económicos para participantes tanto como os beneficios ambientais.

##### ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente



---

Concellaría de Feiras e Mercados, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Mancomunidade de Vigo

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Consellería de Medio Ambiente

#### PAPEL DO CONCELLO

Negociar con outras administracións para promoverlo no ámbito comunitario, provincial ou da mancomunidade, e se non, coordinalo no ámbito local.

#### TEMPO

3 meses para establecer a base de datos unha vez decidido o modelo que se vai seguir.

6 meses de campaña de promoción

#### SINERXÍAS

#### FINANCIAMENTO

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes / Medio Ambiente

Caixas de aforros

## Liña 4 – Transporte e tráfico

### Programa 4.3 Xestión de tráfico urbano

#### ***Xustificación***

A cultura de usar o coche para a gran maioría de viaxes dende Redondela, de curta e longa distancia, xa foi identificada nos programas 4.1 e 4.2. Os problemas deste actitude cultural no contexto da Axenda 21 maniféstanse en todo tipo de viaxe, pero a situación é máis aguda nos centros urbanos de Chapela e sobre todo Redondela.

A alta densidade de poboación nos centros urbanos (comparado co tipo de urbanismo desenvolvido noutros países europeos) significa que espazos xeograficamente pequenos contan con altas cantidades de coches, e polo xeral a fluidez da circulación deses coches non foi factor considerado no deseño do urbanismo. Existen bastantes prazas para estacionar, pero o alto custo do aparcamento subterráneo fan que en vez de ir directos alí ao chegar a Redondela, moitos coches circulan polas rúas primeiro, buscando un sitio de estacionamento gratuíto, o que aumenta significativamente o número de coches nas rúas en case todos os momentos. O pouco uso do transporte público e transporte limpo só aumentan eses problemas.

O exceso de tráfico estaba citado como o maior problema co medio urbano nas actividades consultivas da prediagnose. É un problema ambiental de ámbito global (emisións de gases que causan o efecto invernadoiro, consumo de enerxía) e no ámbito local (ruído e contaminación atmosférica). Iso, máis outros factores coma a perigosidade para peóns, e a inconveniencia de ter que sempre engadir 5 minutos ao tempo de calquera viaxe para atopar un sitio para estacionar, converténdose nun factor que prexudica a calidade de vida para moitos redondeláns.



---

Por unha banda, é un problema do tipo de urbanismo desenvolto en Redondela, e polo tanto as solucións non poden ser medidas illadas, senón que ten que formar parte integral do PXOM. Por outra banda, aínda coa infraestrutura urbanística que existe, outras cidades e vilas españolas e europeas mostran que é posíbel reducir a cantidade de tráfico, a través dunha combinación de medidas e incentivos que fomentan que (1) é máis atractivo usar transportes públicos e limpos (e é máis cómodo, práctico e agradábel), e (2) os coches que circulen que pasen o tempo mínimo a circular, e en concreto menos tempo á procura de aparcamentos.

---

### **Obxectivos**

- Reducir o uso de coches, e todos os problemas asociados, e mellorar a fluidez de movemento vehicular nos centros urbanos
  - Mellorar a calidade de vida nos centros urbanos, “humanizándoos” e quitando o protagonismo do coche
- 

### **Proxectos**

4.3.1 Realizar un estudo independente de xestión de tráfico urbano

4.3.2 Reducir as cantidades de tráfico na praia de Cesantes en verán

## Liña 4 – Transporte e tráfico

### Programa 4.3 – Xestión do tráfico urbano

#### PROXECTO 4.3.1 - REALIZAR UN ESTUDO INDEPENDENTE DE XESTIÓN DE TRÁFICO URBANO

##### DESCRICIÓN

Realizar un estudo independente de xestión de tráfico urbano, considerando como opcións para o futuro o cobro para aparcamento na rúa, permisos para residentes, extensión da zona peonil, proxectos de “aparcamentos de intercambio” (*park and ride*), etc.

##### OBXECTIVO

Reducir a cantidade e mellorar a fluidez de tráfico, reducir os problemas de xestión e aparcamentos no centro urbano, para reducir así a contaminación, o consumo enerxético e as emisións de CO<sub>2</sub>, ademais de “humanizar” o centro da vila.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

Contratar unha empresa especialista para estudar máis detalladamente o movemento actual de vehículos en Redondela, identificar as principais causas de atascos e do tráfico, e unha estratexia de curto e longo prazo de solucións.

##### ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Concellaría de Vías, Obras, Iluminación, Policía Local e Tráfico

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

##### PAPEL DO CONCELLO

Coordinar o proxecto, solicitar o financiamento.



---

## TEMPO

---

Realización do estudo: 6 meses

Formar a estratexia de financiamento: 1 ano

Realización de obras / proxectos: 1 – 5 anos

---

## SINERXÍAS

---

1.4.5, 3.1.1

---

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo

Concellaría de Vías, Obras, Iluminación, Policía Local e Tráfico

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder

Fundacións privadas relacionadas co transporte sostíbel

## Liña 4 – Transporte e tráfico

### Programa 4.3 – Xestión de tráfico urbano

#### PROXECTO 4.3.2 - REDUCIR CANTIDADES DE TRÁFICO NA PRAIA DE CESANTES EN VERÁN

##### DESCRICIÓN

Cobrar estacionamento na Praia de Cesantes nos meses de xullo e agosto, e empregar os beneficios xerados para subvencionar máis a ruta de autobús Redondela-Praia de Cesantes. Promover tamén o uso de transporte limpo (a pé, en bicicleta) para acceder á praia, sobre todo a través do novo paseo marítimo previsto para 2008.

##### OBXECTIVO

- Facer que durante o verán o autobús sexa o suficientemente frecuente e barato (incluso gratuíto) para representar a opción máis cómoda para ir á praia para usuarios da praia
- Aumentar o compartido de coches
- Aumentar o número de visitantes á praia que van a pé ou en bicicleta.

Cada un destes tres obxectivos ten o obxectivo de reducir o uso de coches entre visitantes.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Contratar un estudo de viabilidade para pór autobuses gratuítos/moi subvencionados, rutas adecuadas, e a frecuencia necesaria, e calcular o financiamento necesario para facelo viábel.
- Investigar as tarifas de aparcamento apropiadas e necesarias, e a mellor forma de xestionala.
- Colaborar coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para subvencionar a instalación da infraestrutura necesaria (barreiras, máquinas etc.)



- 
- Renegociar un convenio con Autobuses García

#### ACTORES

---

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Feiras, Turismo, Transportes e Desenvolvemento Local

Concellaría de Vías, Obras, Iluminación, Policía Local e Tráfico

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Castromil, Autobuses García

#### PAPEL DO CONCELLO

---

Iniciar o proxecto, contratar un estudo de viabilidade

Coordinar o diálogo entre entidades

#### TEMPO

---

Estudo inicial: 4 meses

#### SINERXÍAS

---

4.3.1, 4.1.2

#### FINANCIAMENTO

---

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes



## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.1 Xestión de residuos

#### ***Xustificación***

Comparado cos 10.500.000 kg aproximados de residuos sólidos que se xeran en Redondela cada ano, os 540.000 kg de papel e cartón, plásticos, briks, latas, pilas e vidro que se reciclan é unha proporción lamentabelmente baixa. Aínda que está a subir lixeiramente cada ano, a cantidade total de RSU xerados tamén sobe, co efecto de que cada ano Redondela xera máis residuos que non se reciclan.

A gran maioría está incinerado. Aínda que hai certo aproveitamento enerxético na incineración, é unha forma de xestionar residuos que, no ámbito da xestión de materias primas, é moi ineficiente, e en relación co ambiente contribúe de forma significativa á contaminación atmosférica.

Para poder reducir a cantidade de residuos non reciclados ao mínimo, pódese identificar a necesidade de traballar en tres fronteas:

En primeiro lugar, no recoñecemento (a todos niveis) de que o obxectivo non é reciclar máis, senón xerar menos residuos non reciclados, e, polo tanto, o cambio máis efectivo é reducir os residuos creados. Reciclar máis é importante, pero só dentro dunha estratexia de xestionar os residuos que combina os tres principios de reducir, reutilizar e reciclar.

En segundo lugar, hai que crear as facilidades necesarias para reciclar unha proporción máis alta dos residuos, incluíndo materia actualmente non separada como materia orgánica ou entullos.



---

En terceiro lugar, e quizais o máis importante, é sensibilizar todos os cidadáns da importancia económica, enerxética e ambiental de reducir, reutilizar e reciclar. Consta comentar que en ningunha das consultas o tema de residuos e reciclaxe saíu como un punto fortemente negativo ou como gran prioridade para o futuro, quizais mostrando que, á vista de moitos, a presenza dos contedores na rúa convéncenos de que estamos “facendo o necesario”, e permite certa compracencia.

---

### **Obxectivos**

- Xerar menos residuos sólidos urbanos
  - Dos residuos xerados, reutilizar e reciclar todo o que é practicamente posíbel.
  - Fomentar unha cultura na que consideramos o impacto ambiental do que consumimos, e en que adoptamos o lema de “reducir, reutilizar, reciclar”.
- 

### **Proxectos**

- 5.1.1 Adoptar un plan de xestión de residuos
- 5.1.2 Mellorar as instalacións de recollida selectiva
- 5.1.3 Compostaxe de residuos orgánicos municipais e algas
- 5.1.4 Creación dun punto limpo para a xestión de RCD e residuos domésticos voluminosos e perigosos
- 5.1.5 Campaña de sensibilización

## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.1 – Xestión de residuos

#### PROXECTO 5.1.1 - ADOPTAR UN PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS

##### DESCRIPCIÓN

Adoptar un plan municipal de xestión de residuos, seguindo o modelo desenvolvido polo Concello de Ourense baixo o lema “Ourense Recicla”, e tratando de mellorar a xestión de todo tipo de residuo doméstico, municipal e industrial. Incorporará unha visión integrada que reparte responsabilidades e xunte esforzos entre a cidadanía (para que minimize e separe residuos), o servizo municipal (que asegure unha recolla de calidade), e as administracións (achegando as infraestruturas adecuadas).

##### OBXECTIVO

- Servir como estratexia para encaixar todos os proxectos 5.1.2 – 5.1.5, facilitando a súa coordinación, o seu desenvolvemento de forma integrada e o seu financiamento.
- Identificar, ademais de obxectivos concretos de curto prazo relacionado con proxectos 5.1.2 – 5.1.5, os obxectivos de longo prazo e as outras áreas necesarias para enfocar esforzos para chegar ao punto en que todo tipo de residuo con potencial para ser reciclado ou reutilizado sexa reciclado ou reutilizado coa maior eficiencia enerxética e económica posíbel
- Priorizar actuacións para manter un equilibrio económico e medioambiental, evitando desproporcións entre os beneficios ecolóxicos e as repercusións económicas que a súa implantación e o seu posterior mantemento leve consigo.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR



- Desenvolver un plan de xestión de residuos en colaboración coa Consellaría de Medio Ambiente e usando o Concello de Ourense como referencia
- Formar grupo de traballo para negociar o financiamento, que inclúa a Consellería, as empresas Ecovidrio, Ecoembes e Urbaser, o Ministerio de Facenda e as caixas de aforros
- Implantalo

## ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente

Consellaría de Medio Ambiente, Sogama

Mancomunidade de Vigo

Ecoembes, Ecovidrio, Urbaser

Grupos sectoriais relacionados con residuos específicos (agricultores, mariñeiro, industrias, comunidades de montes, etc.)

Centros educativos

## PAPEL DO CONCELLO

Coordinar o proxecto, adoptar un plan de xestión de residuos

## TEMPO

Preparación do Plan: 4 meses

Negociación do financiamento: 1 ano

Implantación: continuo

## SINERXÍAS

5.1.2, 5.1.3, 5.1.4, 5.1.5, 3.1.1

## FINANCIAMENTO

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Medio Ambiente

Ecoembes, Ecovidrio, Urbaser

Ministerio de Facenda



---

## Caixas de aforros

## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.1 – Xestión de residuos

#### PROXECTO 5.1.2 - MELLORAR INSTALACIÓNS DE RECOLLIDA SELECTIVA

##### DESCRICIÓN

Mellorar a calidade de instalacións de recollida de *Residuos Sólidos Urbanos (RSU)* xenérica e selectiva, substituíndo contedores de superficie por illas de contedores soterrados no centro urbano e zonas máis poboadas, e aumentando o número de puntos de recollida para todo tipo de residuos en zonas máis rurais.

##### OBXECTIVO

- Facer que o acto de separar residuos para a reciclaxe sexa unha experiencia máis agradábel (menos sucia), e así aumentar o nivel de separación.
- Minimizar o impacto visual e espacial, o ruído e os maos cheiros asociados cos contedores superficiais, contribuíndo así a un urbanismo máis estético e agradábel para a poboación.
- Reducir a inconveniencia de reciclar para habitantes de zonas máis rurais, aumentando así a taxa de separación.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Negociar coa Consellería de Medio Ambiente sobre un programa para substituír contedores superficiais por soterrados, priorizando as zonas máis visitadas nos centros urbanos.
- Identificar as localidades do municipio onde hai contedores verdes e amarelos mais non para a recollida de vidro ou papel, e tamén as localidades onde a instalación de novos puntos de recollida terían máis uso.
- Negociar con Ecoembes, Ecovidrio e Urbaser para a súa instalación



---

## ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo

Consellería de Medio Ambiente

Ecoembes, Ecovidrio e Urbaser

---

## PAPEL DO CONCELLO

Iniciar o proceso, negociar coas outras entidades necesarias

---

## TEMPO

2 anos para todos os lugares prioritarias

---

## SINERXÍAS

5.1.1, 3.1.1

---

## FINANCIAMENTO

Consellería de Medio Ambiente

Ecoembes, Ecovidrio e Urbaser

## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.1 – Xestión de residuos

#### PROXECTO 5.1.3 - COMPOSTAXE DE RESIDUOS ORGÁNICOS MUNICIPAIS E ALGAS

##### DESCRICIÓN

Reciclar residuos orgánicos a través de compostaxe, nunha nova planta de compostaxe creada en colaboración coa Mancomunidade de Vigo. Nunha primeira fase, trataríanse residuos xerados polo Concello (polo departamento de parques e xardíns e polas limpeza de praias), e nunha segunda fase estenderíase a residuos orgánicos domésticos.

##### OBXECTIVO

Reciclar o material orgánico xerado no municipio, así

- Reducir a contaminación atmosférica (sobre todo os gases invernadoiros CO<sub>2</sub>, CH<sub>4</sub>) que resultan da súa incineración.
- Producir un compost con valor económico

##### ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR

- Realizar estudos de viabilidade técnica e económica para comparar as opcións de crear unha nova planta de compostaxe para servir a área da Mancomunidade de Vigo, ou de trasladar materia a outra planta xa existente.
- Implantar a solución máis práctica e/ou rendíbel

##### ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente

Consellaría de Medio Ambiente, Sogama

Mancomunidade de Vigo

##### PAPEL DO CONCELLO

Iniciar e coordinar o proxecto





---

## TEMPO

Decidir a opción máis apropiada: 4 meses

---

## SINERXÍAS

5.1.1, 3.1.1

---

## FINANCIAMENTO

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Medio Ambiente

Mancomunidade de Vigo

## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.1 – Xestión de residuos

#### **PROXECTO 5.1.4 - CREACIÓN DUN PUNTO LIMPO PARA A XESTIÓN DE RCD (RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN), E RESIDUOS DOMÉSTICOS VOLUMINOSOS E PERIGOSOS**

##### DESCRIPCIÓN

Creación dun (ou máis) “punto limpo” municipal para a xestión e a reciclaxe de entullos e outros inertes de construción e demolición, e de residuos domésticos voluminosos e perigosos. Incluiría unha simple separación entre terra, xabre/pedra, entullos, metais, elementos de valor para reutilizar (portais, xanelas, tellas, móbeis, etc.), residuos contaminantes / perigosos, e outros materiais.

##### OBXECTIVO

- Reducir as incidencias de vertidos incontrolados e ilegais, e o seu consecuente impacto ambiental e estético
- Fomentar a reutilización e a reciclaxe directa de todo tipo de material
- Permitir o tratamento adecuado de residuos contaminantes ou perigosos

##### ACCIONES QUE CÓMPRE TOMAR

- Procurar un terreo adecuado para a creación dun punto limpo
- Investigar outros puntos limpos municipais, para informar sobre as decisións dos parámetros da súa xestión: xestión pública directa ou privada a través dun convenio; combinado ou puntos limpos independentes para residuos domésticos e de construción; funcionamento económico (cotas para depositar e/ou recoller, etc)
- Implantar a solución máis práctica e/ou rendíbel

##### ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente



---

Consellería de Medio Ambiente

Sogama

---

### PAPEL DO CONCELLO

Iniciar e coordinar o proxecto

---

### TEMPO

Conseguir terreo, estudar a viabilidade: 1 ano

Construción / Instalación ata o funcionamento: 1 ano

---

### SINERXÍAS

5.1.1, 3.1.1

---

### FINANCIAMENTO

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Medio Ambiente

Mancomunidade de Vigo



## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.1 – Xestión de residuos

#### PROXECTO 5.1.5 - CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN

##### DESCRICIÓN

Mellorar, aumentar e diversificar as actividades de sensibilización sobre os residuos e os 3 “R” de Reducir, Reutilizar e Reciclar. Diferentes actividades enfocarán en diferentes grupos da poboación, como centros de ensino, asociacións veciñais, asociacións de empresarios, comerciantes, hostaleiros, etc.

##### OBXECTIVO

- Concienciar e involucrar a cidadanía e as empresas para reducir a cantidade de residuos xerada e aumentar a súa proporción de separados para reciclar ou reutilizar.
- Que os redondeláns perciban que a “vida” de todo o que consumimos comeza antes de conseguilo nós, e non remata cando se botan ao lixo; que todos os residuos teñen un impacto ambiental se son mal xestionados, pero valen como potencial recurso ou materia prima, se os xestionamos ben.
- Que sexa socialmente inaceptábel botar nos contedores verdes calquera artigo que é reutilizábel ou reciclábel.

##### ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR

Deseñar un programa de actividades para seren impartidas por profesionais de educación ambiental, que inclúan as seguintes:

- Actividades interactivas en todos os centros educativos, e a produción de material didáctico para profesores.
- Simples guías de “boas prácticas”, idealmente en forma de cartel plastificado para colocar na parede. Varios deseños dirixidos a diferentes




---

grupos (por exemplo un para o sector de hostalaría, un para oficinas, un para casas)

- Campañas de propaganda en Radio Redondela
- Producir bolsas reutilizábeis para a compra (en vez de bolsas de plástico dos supermercados), co lema de “Redondela Recicla”. Negociar cos supermercados de Redondela formas de colaborar e/ou patrocinar (por exemplo un pequeno desconto para clientes que reutilizan bolsas, incorporación do nome do supermercado no deseño da bolsa, etc.)
- Campaña de prensa
- Producción de calendarios, imáns, adhesivos, etc.
- Nas negociacións con Urbaser sobre a renovación do seu convenio, quitarlles a responsabilidade para a sensibilización, así permíteselles ao Concello manter máis control.

## ACTORES

---

Concellarías de Medio Ambiente, Participación Cidadá e Ensino

Consellería de Medio Ambiente e Educación

Centros educativos, Asociación de Empresarios, Asociacións de veciños, etc

## PAPEL DO CONCELLO

---

Deseñar un programa, colaborar con outros actores locais, solicitar financiamento externa

Renegociar o convenio con Urbaser

## TEMPO

---

Deseño de programa e procura de financiamento: 4 meses

Programas anuais

## SINERXÍAS

---

5.1.1, 6.1.1

## FINANCIAMENTO

---

Concellarías de Medio Ambiente, Participación Cidadá e Ensino

---



---

Consellería de Medio Ambiente e Educación

Urbaser

Caixas de aforros

ADR Mancomunidade de Vigo / Proder

Fundacións privadas

## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.2 Promover a eficiencia enerxética

#### **Xustificación**

O cambio climático é a crise ambiental máis seria que enfrenta o planeta no século XXI, que afecta potencialmente as bases do funcionamento de case todos os ecosistemas e a maioría dos sistemas agrícolas do mundo, e, polo tanto, as formas de vivir e a calidade de vida de case todos os cidadáns do planeta.

Mudanzas nas fontes de enerxía que aproveitamos son esenciais dado a futura escaseza do petróleo, e sen dúbida o maior uso de enerxías renovábeis formara parte da loita contra a mudanza climática. Pero outra parte da solución, probabelmente a parte máis crucial, será a nosa capacidade de reducir a cantidade de enerxía que empregamos nas nosas vidas cotiás. Por unha banda, esixirá un cambio nas nosas formas de vivir, e, por outra banda, esixirá a aplicación de novas tecnoloxías para maximizar a eficiencia enerxética en todas as nosas actividades e instalacións.

No ámbito estatal e internacional, implica unha aposta en investigación e desenvolvemento en novas tecnoloxías, e tamén a aplicación de lexislación cada vez máis estrita. No ámbito municipal, implica un esforzo común para cumprir a lexislación vixente e un reto para a Administración e en liderar por exemplo ese proceso. Igual de importante é un programa de sensibilización para asegurar que cada entidade pública e privada, e cada individuo asome as súas responsabilidades no consumo de enerxía.

#### **Obxectivos**

- Cumprir con toda a normativa e a lexislación vixente relacionada co uso e a eficiencia enerxética



- 
- Que a Administración lidera, por exemplo na mudanza da cultura necesaria para reducir o consumo de enerxía
  - Fomentar unha redución de demanda enerxética total no municipio.
  - Aumentar a proporción desa enerxía que vén de fontes renovábeis.
- 

### **Proxectos**

5.2.1 Mellorar a eficiencia enerxética en edificios públicos

5.2.2 Mellorar a eficiencia enerxética de empresas existentes

5.2.3 Fomentar o uso de enerxías renovábeis en edificios públicos e privados

5.2.4 Fomentar unha maior eficiencia doméstica de enerxía

5.2.5 Control do cumprimento de toda a normativa de edificación en nova construción





## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.2 – Promover a eficiencia enerxética

#### PROXECTO 5.2.1 - MELLORAR A EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EDIFICIOS PÚBLICOS

##### DESCRICIÓN

Realizar unha auditoría ambiental de todos os edificios públicos do Concello, e implantar medidas necesarias para mellorar a eficiencia enerxética.

##### OBXECTIVO

Reducir o consumo enerxético do sector público en Redondela, e facer que a Administración sirva como modelo de referencia en consumo de enerxía.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Buscar colaboración e coordinación entre diferentes administracións con edificios no municipio, para promover un proxecto completo e estruturado
- Realizar auditoría
- Implantar recomendacións

##### ACTORES

O Concello e todas as Consellerías con edificios públicos no municipio

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Industria e Innovación

Enerxía TGC (CaixaGalicia)

##### PAPEL DO CONCELLO

Estudar as normativas e axudas dispoñíbeis para Redondela

Colaborar coa Xunta para crear unha cultura de acción

##### TEMPO

Auditoría: 1 ano



---

Implantar medidas para mellorar a eficiencia: 3 anos

## SINERXÍAS

---

5.2.3

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Innovación e Industria

Enerxía TGC (CaixaGalicia)

Comisión Europea / FEDER



## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.2 – Promover a eficiencia enerxética

#### PROXECTO 5.2.2 - MELLORAR A EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS EMPRESAS EXISTENTES

##### DESCRICIÓN

Promover que empresas tomen medidas para mellorar a eficiencia enerxética dos seus edificios, instalacións e actividades.

##### OBXECTIVO

Reducir o consumo enerxético do sector industrial de Redondela.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Estudar toda a normativa vixente e as subvencións dispoñíbeis para as empresas realizaren auditorías ambientais, tomar medidas de mellora de eficiencia enerxética e reducir o consumo
- Crear un servizo de información para empresas relacionadas con normativas e axudas dispoñíbeis e consellos sobre o aforro enerxético
- Promovelo entre as empresas locais.

##### ACTORES

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo

Concellaría de Medio Ambiente

Asociación de Empresarios de Redondela

Consellería de Industria e Innovación

Enerxía TGC (CaixaGalicia)

##### PAPEL DO CONCELLO

Estudar as normativas e axudas dispoñíbeis para Redondela.

Colaborar coa Asociación de Empresarios para crear un primeiro punto de contacto e promovelo coas empresas.



---

## TEMPO

---

Estudo e campaña de promoción: 6 meses

Servizo continuo

---

## SINERXÍAS

---

5.2.3, 5.2.5

---

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Innovación e Industria

Enerxía TGC (CaixaGalicia)

Comisión Europea / FEDER



## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.2 – Promover a eficiencia enerxética

#### PROXECTO 5.2.3 - FOMENTAR O USO DE ENERXÍAS RENOVÁBEIS EN EDIFICIOS PÚBLICOS E PRIVADOS

##### DESCRICIÓN

Estudar a viabilidade de equipar os edificios públicos no municipio con placas solares ou outros sistemas de enerxía renovábel, e adoptar un plan de instalación. Promover as axudas e subvencións que existen para as empresas e particulares para a instalación de enerxías renovábeis, e ofrecer un servizo de información para interesados.

##### OBXECTIVO

- Reducir o consumo de enerxía de fontes non renovábeis.
- Fomentar o papel da Administración local para ser “líder por exemplo” no uso da enerxía.
- Fomentar o maior uso de enerxías renovábeis en edificios privados (domésticos e de empresas).

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Facer un estudo de viabilidade económica para instalar sistemas de enerxías renovábeis en todos os edificios do Concello, tendo en conta todas as subvencións dispoñíbeis.
- Formar un plan de instalación en fases, que priorice os edificios máis rendíbeis e máis visíbeis
- Colaborar coa Asociación de Empresarios para promovelos entre as empresas
- Colaborar con promotores e construtores para promover a instalación en novas construcións



- 
- Recompilar a información para o público sobre as vantaxes de enerxías renovábeis, e as mellores opcións prácticas e económicas, e publicitala.

## ACTORES

---

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Innovación e Industria

## PAPEL DO CONCELLO

---

Estudar a viabilidade e adoptar un plan de conversión para os seus propios edificios

Colaborar coa Asociación de Empresarios, Construtores

Promovelos de cara ao público

## TEMPO

---

Estudo de viabilidade, formar un plan de financiamento: 1 ano

Obras de instalación: 3 anos

## SINERXÍAS

---

5.2.1, 5.2.2, 5.2.4, 6.2.2

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Innovación e Industria

Enerxía TGC (CaixaGalicia)

Comisión Europea / FEDER



## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.2 – Promover a eficiencia enerxética

#### PROXECTO 5.2.4 - FOMENTAR MAIOR EFICIENCIA DOMÉSTICA DA ENERXÍA

##### DESCRICIÓN

Crear materiais informativos para o público e promover os beneficios (ambientais e económicos) de mellorar a eficiencia enerxética de vivendas, e as axudas dispoñíbeis. Crear un servizo de asesoría técnica para aconsellar sobre as obras de melloras máis prioritarias e rendíbeis para cada vivenda.

##### OBXECTIVO

- Reducir o consumo enerxético doméstico
- Sensibilizar sobre o cambio climático e a súa relación co consumo enerxético
- Fomentar unha mudanza de hábitos na cidadanía cara un menor uso de enerxía

##### ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR

- Colaborar coas consellerías relevantes e outros posíbeis financiadores para desenvolver un servizo de asesoría para o público
- Crear unha guía de como reducir os custos enerxéticos na casa (tanto hábitos como obras de mellora en eficiencia de edificios)

##### ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Medio Ambiente

Consellería de Innovación e Industria

##### PAPEL DO CONCELLO

Iniciar un proxecto coas caixas e coa Consellería

Coordinar un proxecto no ámbito municipal



---

## TEMPO

Producción de guía: 4 meses

Financiamento de servizo de asesoría técnica: 1 ano

Servizo continuo unha vez financiado

---

## SINERXÍAS

5.2.3, 5.2.5, 6.2.2

---

## FINANCIAMENTO

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Innovación e Industria

Caixas de aforros

Comisión Europea / FEDER





## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.2 – Promover a eficiencia enerxética

#### **PROXECTO 5.2.5 - CONTROL DO CUMPRIMENTO DE TODA A NORMATIVA AMBIENTAL DE EDIFICACIÓN EN NOVA CONSTRUCCIÓN**

##### DESCRICIÓN

Ser máis activo nas inspeccións e controis de obras de nova construción, para asegurar o cumprimento coa normativa vixente de materiais, eficiencia enerxética e impacto ambiental.

##### OBXECTIVO

Asegurar que todas as novas vivendas e outros edificios construídos fomentan unha redución no consumo enerxético e impacto ambiental.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Aumentar o número de inspeccións de obras de nova construción.
- Mellorar a información dispoñíbel para promotores e construtores sobre a normativa vixente e sobre posíbeis axudas para a incorporación de medidas de eficiencia enerxética

##### ACTORES

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo

Consellería de Vivenda, Dirección Xeral de Fomento e Calidade de Vivenda

##### PAPEL DO CONCELLO

Organizar máis inspeccións, desenvolver unha cultura de colaboración con promotores

##### TEMPO

Continuo

##### SINERXÍAS



---

### 3.1.2

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Economía, Facenda, Patrimonio e Urbanismo



## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.3 Augas, saneamento e contaminación

#### ***Xustificación***

Aínda que se dispón de poucos datos sobre os niveis de contaminación dos ríos, o Concello recibe denuncias, máis ou menos diarias, sobre vertidos e nunha minoría significativa de redondeláns parece que aínda se mantén a mentalidade de que os ríos serven para verter lixo.

Ademais do efecto de degradación do ecosistema dos ríos, unha proporción desta contaminación chega a entrar na ría. Aquí xúntanse con outros contaminantes, vertidos directamente na ría. Veñen de moitos sitios, mais de relevancia especial para esta Axenda 21 son dous factores: (1) aproximadamente o 20% do concello está aínda sen sistema de saneamento conectado á rede e ás depuradoras municipais, e (2) o mal funcionamento esporádico das depuradoras na Xunqueira e en Chapela, debido á falta de separación entre augas fecais e augas pluviais, que causan incidencias de contaminación orgánica despois de fortes chuvias.

Se a importancia de protexer os ríos da contaminación é obvio, no caso da ría é aínda máis claro. A Enseada de San Simón é un ecosistema case pechado e de importancia ecolóxica comunitaria; tamén é de tremenda importancia local, tanto economicamente como culturalmente. Polo tanto, nas entrevistas da prediagnose, o abastecemento e saneamento integral da ría foi identificado como a segunda prioridade para o municipio para asegurar un desenvolvemento sostíbel.



---

### **Obxectivos**

- Reducir a niveis insignificantes a cantidade de vertidos orgánicos e inorgánicos nos ríos e na ría
- Fomentar un cambio de mentalidade entre os redondeláns para que sexa socialmente inaceptábel verter calquera tipo de lixo

---

### **Proxectos**

5.3.1 Completar a rede de sumidoiros en todo o concello

5.3.2 Máis control nas infraccións de contaminación e vertidos



## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.3 – Augas, saneamento e contaminación

#### PROXECTO 5.3.1 - COMPLETAR A REDE DE SUMIDOIROS EN TODO O MUNICIPIO

##### DESCRICIÓN

Continuar o programa para conectar todos os núcleos de poboación á rede de sumidoiros pública, para permitir o tratamento adecuado de augas residuais nas dúas depuradoras do concello.

##### OBXECTIVO

- Conectar todos os núcleos con máis de 300 habitantes conectados antes de finais de 2008.
- Completar a separación da rede de sumidoiros de augas fecais con augas pluviais, tamén antes de finais de 2008.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Seguir a colaborar coa Xunta de Galicia para identificar as zonas prioritarias para conectar
- Buscar outras oportunidades para o financiamento

##### ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Medio Ambiente

Comisión Europeo

##### PAPEL DO CONCELLO

Presionar e colaborar coa Consellería

Identificar as áreas prioritarias para a súa conexión

Procurar outras fontes de financiamento posíbeis

##### TEMPO



---

3 anos para completar a separación de augas e para conectar todos os núcleos con máis de 300 habitantes.

## SINERXÍAS

---

5.4.2

## FINANCIAMENTO

---

Consellería de Medio Ambiente

Comisión Europeo

## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.3 – Augas, saneamento e contaminación

#### PROXECTO 5.3.2 - MÁIS CONTROL DE INFRACCIÓNS DE CONTAMINACIÓN E VERTIDOS

##### DESCRICIÓN

Ser máis activo nas inspeccións e controis de infraccións, publicitando negativamente as empresas culpábeis e implicando o público na responsabilidade de controlar.

##### OBXECTIVO

Crear unha cultura na que a contaminación e os vertidos ilegais non estean tolerados, nin pola Administración nin polo público xeral.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Crear e publicitar unha liña telefónica anónima para o público para denunciar as infraccións, e ter dispoñíbel persoal axeitado para responder á información nun prazo de 24 horas
- Organizar unha campaña de publicidade sobre a contaminación e os vertidos, e sobre que facer no caso de detectar incidencias
- Colaboración entre o Concello, a Policía, Augas de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente e o Ministerio de Medio Ambiente (Delegación de Costas) para aumentar a proporción de denuncias que resultan en multas ou outros castigos legais.
- Colaboración coa prensa local para publicitar os casos xudiciais e para pedir a colaboración do público.

##### ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Medio Ambiente

Ministerio de Medio Ambiente, Delegación de Costas



---

Garda Civil, Policía Local

Augas de Galicia

Prensa Local

#### PAPEL DO CONCELLO

---

Crear unha liña telefónica para as denuncias por contaminación para o público, e publicitalo

Procurar colaboración e convenios con outras administracións para comprometer o nivel e rapidez das respostas ás denuncias

Colaborar coa prensa local

#### TEMPO

---

Continuo

#### SINERXÍAS

---

5.4.2

#### FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Medio Ambiente



## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### Programa 5.4 Biodiversidade e xestión de espazos naturais

#### ***Xustificación***

Conservar e protexer a biodiversidade e o valor natural do territorio de Redondela é un reto fundamental para calquera política ambientalista ou de sustentabilidade. No contexto da perda de biodiversidade das últimas décadas, no ámbito local, no ámbito nacional e no ámbito global, pódese considerar como unha obriga moral. No contexto do desenvolvemento sostíbel para Redondela, ten outra importancia tamén. Na prediagnose, a paisaxe e o patrimonio natural foron dos factores que máis se valoraban do concello, e son contribuidores significativos para manter unha alta calidade de vida. No ámbito económico depéndese xa do funcionamento do ecosistema da ría para a pesca de baixura, e o futuro desenvolvemento do turismo rural ou activo depende da conservación e a boa xestión do patrimonio natural se vai atraer turistas.

O estado degradado dos ríos, montes, a ría e a costa non é casualidade. É así porque existen, como en todas partes, outras presións fortes: aínda que case todo o territorio, público e privado, ten unha función e un valor ecolóxico, case todo o territorio é tamén importante para a produción económica, para a infraestrutura ou para o lecer. Para combinar estes obxectivos esenciais pero potencialmente conflitivos, un sistema de xestión integrado, ben planificado e priorizado é imprescindible.

A ría é o ecosistema que mellor amosa isto, coa súa altísima importancia ecolóxica, económica e paisaxística, e o gran número de administracións distintas con influencia no seu litoral. A Xestión Integrada de Zonas Costeiras é un programa con apoio estatal e europeo, pero aínda sen implantar nas Rías Baixas. Existen tamén modelos e programas de xestión integrada doutros espazos, aplicábeis a todos os niveis desde o rexional ao municipal, ou incluso a



---

un espazo dunha hectárea. A súa adaptación para Redondela é un reto importante desta Axenda 21, e esixe a adopción de varios principios:

1. A identificación de espazos para a xestión como reservas, onde a prioridade de xestión é a conservación: outras actividades de explotación ou lecer son permisíbeis pero só mentres que sexan compatíbeis, e non sexan a prioridade. O ideal é a súa identificación segundo o seu funcionamento ecolóxico: de espazos ecoloxicamente importantes en si, pero tamén aos corredores ecolóxicos que permiten o funcionamento ecolóxico de toda a rexión.
2. A aplicación de boas prácticas de xestión ecolóxica ao resto do territorio. Produción (de montes, de terreos agrícolas e da ría), lecer, turismo e incluso urbanismo son compatíbeis co continuo funcionamento dos ecosistemas e a conservación da biodiversidade, pero só se se aplican esas prácticas.

---

### **Obxectivos**

- Conservar e aumentar a biodiversidade total do concello
- Conservar os espazos ecoloxicamente máis importantes, polas súas propias características e/ou pola súa función como “corredores ecolóxicos”
- Considerar o funcionamento ecolóxico na xestión de todo o territorio, incluíndo zonas produtivas, urbanas e de lecer.
- Incorporar obxectivos de sensibilización e de participación en proxectos de conservación

---

### **Proxectos**

- 5.4.1 Adoptar plans de recuperación e de xestión integrada para espazos naturais
- 5.4.2 Implantar un Plan de xestión integrada de zonas costeiras (XIZC) para a ría e o litoral
- 5.4.3 Promover a xestión integrada do monte comunal



- 
- 5.4.4 Revisar os sistemas de limpeza e de mantemento de terreos públicos co obxectivo de promover a biodiversidade
- 5.4.5 Realizar unha campaña municipal de repoboamento con especies autóctonas

## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### *Programa 5.4 – Biodiversidade e xestión de espazos naturais*

#### **PROXECTO 5.4.1 - ADOPTAR PLANS DE RECUPERACIÓN E DE XESTIÓN INTEGRADA PARA ESPAZOS NATURAIS**

##### DESCRICIÓN

Adoptar plans de recuperación e de xestión integrada para diferentes espazos naturais, nos que en cada un a recuperación e a xestión a longo prazo combinará os seguintes fins:

- Conservar e mellorar o valor ecolóxico e a biodiversidade.
- Fomentar o valor para o recreo, lecer e turismo con intervencións para mellorar o acceso, as instalacións e os servizos para os visitantes.
- Desenvolver o espazo como un recurso educativo, con instalacións de interpretación e de actividades de educación ambiental formais e informais.

Desenvolver como unha oportunidade de promover unha axenda sociocultural, cun programa de participación cidadá que inclúe a colaboración con asociacións locais, grupos “prioritarios” (mocidade, mulleres, discapacitados, por exemplo), institucións educativas, e voluntarios.

##### OBXECTIVO

Adoptar unha forma de xestionar todos os espazos verdes do concello que:

- Protexe e mellora o estado do patrimonio natural de Redondela
- encaixar todos os obxectivos da Axenda 21 e os fundamentos do desenvolvemento sostíbel de forma holística e integrada.
- incorpora as mellores prácticas europeas e que poida servir como modelo de referencia para outras administracións galegas
- levanta o seu perfil público, converténdoo en espazos coñecidos e coidados con orgullo para os redondeláns

fomentar unha cultura de colaboración entre os sectores, tanto no financiamento como na implantación de proxectos.



## ACCIÓN QUE CÓMPRE TOMAR

---

Para cada espazo natural ou seminatural:

- Realizar un estudo ecolóxico básico para identificar o valor ecolóxico (actual e potencial), e identificar o réxime de xestión necesario para recuperalo e protexelo.
- Dentro deste marco, identificar as intervencións posíbeis e necesarias para levar a cabo os outros 3 fins de recreo/turismo, educación e participación, incorporando todo dentro dun documento (o *Plan de recuperación e xestión integrada*) para cada espazo.
- Procurar a colaboración con outras entidades, públicas e privadas, para o financiamento e a implantación

## ACTORES

---

Concellaría de Medio Ambiente, Ensino e Participación Cidadá

Consellería de Medio Ambiente

Comunidades de Montes

Asociacións e outros grupos locais

Institucións educativas

## PAPEL DO CONCELLO

---

Iniciar e coordinar proxectos

## TEMPO

---

Para cada espazo:

Estudo previo, produción do Plan de Xestión, procura de financiamento: 1 ano

Implantación da fase de recuperación: 1 a 2 anos

Implantación da xestión e mantemento: continuo (renovado cada 5 anos)

## SINERXÍAS

---

5.4.2, 5.4.3, 5.4.4, 6.1.2, 6.2.1, 6.2.3, 6.3.1, 6.3.2

## FINANCIAMENTO

---



---

Concellarías de Medio Ambiente, Ensino e Participación Cidadá

Consellería de Medio Ambiente, Educación

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder

Caixas de aforros, Fundación Biodiversidade, outras fundacións

## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### *Programa 5.4 – Biodiversidade e xestión de espazos naturais*

#### **PROXECTO 5.4.2 - IMPLANTAR UN PLAN DE XESTIÓN INTEGRADA DE ZONAS COSTEIRAS (XIZC) PARA A RÍA E O LITORAL**

##### DESCRICIÓN

Colaborar con todos os concellos do litoral da ría de Vigo, e as Mancomunidades de Vigo, e O Morrazo, para crear, adoptar e implantar un Plan de xestión integrada de zonas costeiras (XIZC). Así formaríase parte dun plan estratéxico de XIZC de ámbito galego e no ámbito da costa atlántica europea, e contribuiría ao compromiso do Ministerio de Medio Ambiente e a Unión Europea para promover XIZC no ámbito local

##### OBXECTIVO

Adoptar unha forma de xestionar a ría e o litoral que:

- Recoñeza a importancia fundamental da Ría de Vigo para Redondela, para a súa ecoloxía e o patrimonio natural, para a súa economía, e en canto á súa influencia sociocultural na identidade e a calidade de vida dos redondeláns.
- Equilibren as necesidades de conservar e protexer o tremendo valor ecolóxico e patrimonial da costa e a ría, de aproveitar a ría e a costa como recurso económico, e de permitir que os redondeláns sigan a gozar e a se identificar co mar.
- Permite a participación e a influencia dos redondeláns, e, sobre todo, dos que viven e dependen do mar, no seu deseño e implantación
- Promove a colaboración necesaria entre administracións lindeiras para permitir unha consistencia de xestión e de eficiencia de escala, algo imprescindible dado a dependencia de todos os municipios no mesmo banco de auga



Forma parte dunha estratexia e dunha visión máis ampla da costa galega e, á súa vez, da costa atlántica europea, promovida pola Xunta de Galicia, o Ministerio de Medio Ambiente e a Unión Europea.

### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Formar unha mesa de traballo con representantes de todos os concellos lindeiros coa ría, das 2 mancomunidades, coas Consellerías de Medio Ambiente e Pesca, e co Ministerio de Medio Ambiente
- Procurar un compromiso común co proceso de XIZC

Coordinación dos estudos e a creación do Plan de XIZC pola Xunta de Galicia ou pola Dirección Xeral de Costas da MMA.

### ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente

Todos os concellos lindeiros coa ría

Mancomunidades de Vigo e O Morrazo

Consellerías de Medio Ambiente e Pesca

Ministerio de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Costas

### PAPEL DO CONCELLO

Promover a colaboración entre os concellos, presionar a Xunta e o Ministerio para actuar

### TEMPO

2 anos

### SINERXÍAS

5.4.1, 5.3.1, 5.3.2

### FINANCIAMENTO

Feder e outros fondos da U.E.

Consellerías de Medio Ambiente, Pesca

Ministerio de Medio Ambiente





---

Mancomunidades de Vigo e O Morrazo

Concellaría de Medio Ambiente



## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### *Programa 5.4 – Biodiversidade e xestión de espazos naturais*

#### **PROXECTO 5.4.3 - PROMOVER A XESTIÓN INTEGRADA DO MONTE COMUNAL**

##### DESCRICIÓN

Levar a cabo programas de sensibilización, formación e información para as comunidades de montes para promover a adopción de plans de ordenación que promovan a biodiversidade e a sustentabilidade, e os usos alternativos ademais da produción madeireira.

##### OBXECTIVO

- Aumentar a biodiversidade nos montes comunais
- Fomentar a diversidade de produción económica dos montes comunais, incluíndo o desenvolvemento para o turismo, a produción de madeiras autóctonas de alta calidade, cultivo de cogomelos, etc., en vez de só producir madeira de especies alóctonas de rápido crecemento
- Reducir o risco de lumes nos montes comunais

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Asegurar que todas as comunidades sexan conscientes da obriga de adoptar plans de ordenación antes de 2007, e que saiban das axudas e as subvencións dispoñíbeis para financiarlos
- Ofrecer unha presentación e/ou seminario a cada comunidade, antes de contratar o plan de ordenación, sobre os diferentes tipos de ordenación posíbeis, e do concepto dunha xestión integrada que equilibre produción económica de curto e longo prazo con biodiversidade e sustentabilidade.
- Ofrecer un programa de formación e información continua para membros de calquera comunidade de montes sobre a xestión sostíbel de montes, de ecoloxía de montes, e de forestais.



---

## ACTORES

---

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Medio Rural, Dirección de Montes

Comunidades e Mancomunidades de Montes

---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Iniciar e coordinar proxectos

Colaborar coa Dirección Xeral de Montes para complementar (en vez de duplicar) a súa actividade, e para promover a súa actividade dentro do municipio.

---

## TEMPO

---

Procura de financiamento e deseño do proxecto: 6 meses

Programa anual de formación

---

## SINERXÍAS

---

5.4.1, 5.4.3, 1.3.3

---

## FINANCIAMENTO

---

Concellaría de Medio Ambiente

Consellería de Medio Ambiente

Consellería de Medio Rural, Dirección de Montes

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder

Mancomunidades de montes

Caixas de aforros

## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### *Programa 5.4 – Biodiversidade e xestión de espazos naturais*

#### **PROXECTO 5.4.4 - REVISAR OS SISTEMAS DE LIMPEZA E MANTEMENTO DE TERREOS PÚBLICOS CO OBXECTIVO DE PROMOVER A BIODIVERSIDADE**

##### DESCRIPCIÓN

En colaboración cun biólogo ou outro técnico ambiental, revisar desde o punto de vista da conservación da biodiversidade todos os réximes de limpeza, mantemento, poda, etc., actualmente usados polo Concello. Implantar todos os cambios que promovan a biodiversidade sen comprometer as necesidades de mantemento e limpeza. Nas áreas de conflito entre as necesidades estéticas de mantemento, limpeza, etc., e a promoción de biodiversidade, avaliar as prioridades caso por caso.

##### OBXECTIVO

- Conservar e promover a biodiversidade no concello
- Promoverlle ao público que a biodiversidade é importante e que a súa conservación está considerada en todo o funcionamento do Concello.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Identificar todos as accións rutineiras do Concello que poidan repercutir na biodiversidade local, e identificar outros réximes de xestión menos agresivos
- Implantar todos os cambios non conflitivos
- Debater prioridades e solucións para cada área conflictiva

##### ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente

Concellaría de Vías e obras



---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Implantar e promover o proxecto

---

## TEMPO

---

3 meses

---

## SINERXÍAS

---

5.4.1, 5.4.5

---

## FINANCIAMENTO

---

Non é preciso para o proceso de avaliación e revisión.

Fondos propios do Concello para implantar os cambios que impliquen un aumento de orzamento.



## Liña 5 – Xestión de recursos naturais

### *Programa 5.4 – Biodiversidade e xestión de espazos naturais*

#### **PROXECTO 5.4.5 - REALIZAR UNHA CAMPAÑA MUNICIPAL DE REPOBOAMENTO CON ESPECIES AUTÓCTONAS**

##### DESCRICIÓN

Ofrecer axuda e incentivos para as iniciativas privadas e veciñais de plantar árbores de especies autóctonas, no sentido de ofrecer:

- cantidades pequenas de árbores gratis
- unha guía de consellos básicos sobre como plantar e coidar as árbores regaladas
- un servizo de información para proxectos máis grandes.

##### OBXECTIVO

- Aumentar a cantidade e a distribución da cobertura de árbores de especies autóctonas.
- Sensibilizar sobre a preferencia ecolóxica de especies autóctonas en vez de exóticas.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Decidir nos termos do proxecto, número de árbores dispoñíbeis, etc.
- Identificar o proveedor de árbores, crear formularios de solicitude, guía de consellos e listaxe de información para proxectos máis grandes
- Realizar campaña de publicidade local e na prensa

##### ACTORES

Concellaría de Medio Ambiente

Consellerías de Medio Ambiente, Medio Rural (Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais)

##### PAPEL DO CONCELLO



---

Coordinar e implantar o proxecto

### TEMPO

---

Programa de “árbores gratuítos” de novembro a marzo. Proxecto piloto dun ano.

### SINERXÍAS

---

5.4.3

### FINANCIAMENTO

---

Consellerías de Medio Ambiente, Medio Rural (Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais)

Concellaría de Medio Ambiente

Caixas de aforros



## Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

### Programa 6.1 Actividades e formación con institucións educativas

#### ***Xustificación***

Un dos fundamentos detrás da Axenda 21 é a comprensión de que para un desenvolvemento sostíbel, cada cidadá de cada sociedade tería que coller máis responsabilidade para o impacto das súas vidas. Sexa como cidadáns do noso concello ou como cidadáns do noso planeta, só lograremos vivir de forma sustentábel cando cada un de nós sintamos responsábeis e deámoslle a importancia necesaria, e entón mudar certas prioridades e formas de vivir.

De feito, a sensibilización é quizais o reto máis importante de todos no contexto da Axenda 21. Todos temos que sensibilizarnos, pero ten certa lóxica concentrar esforzos na educación e na sensibilización da mocidade. Serán os tomadores de decisións das próximas décadas e os que van educar os seus propios fillos; son a parte da poboación que aínda non ten establecidos os seus hábitos e prioridades; e son os máis accesíbeis para actividades e proxectos de sensibilización, a través dos colexios e institutos que os atenden.

A educación ambiental divídese en tres áreas. Por un lado, é educación para dar a coñecer e entender o mundo natural: do noso patrimonio natural, aquí, en Redondela, e a súa importancia no contexto galego, ibérico e global. Por outro lado, é educación para desenvolver a nosa relación con ese patrimonio natural, para que a natureza non sexa algo abstracto e puramente científico, senón algo noso, unha parte da nosa identidade que nos importa e que valoramos o suficiente para querer protexer. E, finalmente, é educación sobre as nosas vidas e o impacto desas vidas no patrimonio natural, tanto no ámbito local como global.





---

Actualmente, nos colexios e institutos a materia de coñecemento do medio cobre parte da primeira área. O tema transversal de educación ambiental existe para desenvolver as outras dúas áreas. Aínda que Redondela ten boa dotación de colexios e institutos, e conta cun profesorado profesional e dedicado (factor recoñecido en varias partes das consultas da auditoría), é xusto dicir que a educación ambiental segue na súa infancia, en Redondela como no resto de Galicia. Polo tanto, o obxectivo deste programa é realizar actividades complementarias ás que xa fan nos colexios e institutos, mais tamén é traballar co profesorado para que eles mesmos estean máis capacitados para se sensibilizaren.

---

### **Obxectivos**

- Facer que toda a mocidade do concello coñeza, valore e goce do patrimonio natural do municipio, e entenden algo do seu funcionamento e importancia
  - Facer que toda a mocidade do concello considere o impacto ambiental das súas vidas, tanto no ámbito local como global
  - Facer que toda a mocidade se decate dos retos de sustentabilidade e igualdade, e da importancia das súas propias decisións para conseguila.
  - Sensibilizar e capacitar o profesorado para que a educación cara á sustentabilidade sexa algo que penetre en todas as áreas do currículo.
- 

### **Proxectos**

6.1.1 Educación de sustentabilidade

6.1.2 Educación de biodiversidade

6.1.3 Formación e materiais para profesores



## Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

### Programa 6.1 – Actividades e formación con institucións educativas

#### PROXECTO 6.1.1 - EDUCACIÓN DE SUSTENTABILIDADE

##### DESCRICIÓN

Levar a cabo un programa anual de actividades de educación, dirixidas a institucións de educación primaria e secundaria, sobre a sustentabilidade e a igualdade, no ámbito global e local, e as súas implicacións para o desenvolvemento local e a forma en que vivimos.

##### OBXECTIVO

- Aumentar os niveis de coñecemento e conciencia sobre a sustentabilidade, no ámbito local e global
- Aumentar a concienciación sobre o impacto ambiental das nosas vidas no ámbito local e global, e fomentar a responsabilidade ambiental entre a cidadanía.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- En colaboración entre os colexios e institutos do concello e profesionais da educación ambiental, deseñar un programa de actividades para cada ciclo e transferíbeis a cada institución, que incorporen as mellores prácticas de educación ambiental.
- O programa debería tratar temas xerais de sustentabilidade, ademais de enfocar un tema en concreto (como transporte, reciclaxe, enerxía, etc.) cada ano, segundo o apropiado para o ciclo.
- Buscar o financiamento externo e implantalo

##### ACTORES

Concellarías de Medio Ambiente e Ensino

Consellerías de Medio Ambiente e Educación

Colexios e institutos do municipio



---

Profesionais da educación ambiental

### PAPEL DO CONCELLO

---

Iniciar e coordinar o proxecto

### TEMPO

---

Deseño do proxecto e procura de financiamento: 6 meses

Programa anual de actividades

### SINERXÍAS

---

6.1.2, 6.1.3, 5.1.5

### FINANCIAMENTO

---

Concellarías de Medio Ambiente e Ensino

Consellerías de Medio Ambiente e Educación

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder

Caixas de aforros, outras fundacións

## Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

### Programa 6.1 – Actividades e formación con institucións educativas

#### PROXECTO 6.1.2 - EDUCACIÓN DE BIODIVERSIDADE

##### DESCRICIÓN

Levar a cabo un programa anual de actividades de educación e saídas ao campo, dirixidas a institucións de educación primaria e secundaria, para dar a coñecer, entender e valorar a biodiversidade e o patrimonio natural do concello.

##### OBXECTIVO

- Que a mocidade de Redondela coñeza, valore e goce dos contornos naturais do municipio, e que entenda sobre a súa importancia ecolóxica.
- Que esa mocidade asuma o papel de “embaixadores” para o patrimonio natural do municipio nos seus contactos coas súas familias e o resto da poboación.
- Complementar os estudos curriculares de coñecemento do medio, que permitan a súa aplicación no contexto local.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Identificar os espazos naturais apropiados para visitas escolares, con, polo menos, un espazo para cada ecosistema principal (praia / costa; río; bosque autóctono; brañal)
- Diseñar itinerarios e actividades interactivas e educativas para cada espazo, adaptados para cada ciclo e que incorporen as mellores prácticas de educación ambiental
- Procurar financiamento para realizar un programa anual de visitas / actividades

##### ACTORES

Concellarías de Medio Ambiente e Ensino



---

Consellerías de Medio Ambiente e Educación

Colexios e institutos do municipio

Profesionais de educación ambiental

---

#### PAPEL DO CONCELLO

Iniciar e coordinar o proxecto

---

#### TEMPO

Deseño do proxecto e procura de financiamento: 6 meses

Programa anual de actividades

---

#### SINERXÍAS

5.4.1, 6.1.1, 6.1.3

---

#### FINANCIAMENTO

Concellarías de Medio Ambiente e Ensino

Consellerías de Medio Ambiente e Educación

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder

Caixas de aforros, outras fundacións



## Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

### Programa 6.1 – Actividades e formación con institucións educativas

#### PROXECTO 6.1.3 - FORMACIÓN E MATERIAIS PARA PROFESORES

##### DESCRICIÓN

En paralelo cos proxectos 6.1.1 e 6.1.2, producir guías didácticas para profesores sobre educación ambiental en Redondela para cada ciclo, tanto educación para a sustentabilidade como educación para a biodiversidade. Ofrecer seminarios e outras actividades de formación para profesores sobre o seu uso.

##### OBXECTIVO

- Concienciar o profesorado dos colexios e institutos sobre temas de sustentabilidade, biodiversidade e o patrimonio natural de Redondela.
- Formar o profesorado sobre os principios de educación ambiental, e capacitalo para realizar as actividades e visitas de proxectos 6.1.1.e 6.1.2 sen axuda externa, e para incorporar outras actividades de educación ambiental nas súas aulas.
- Complementar os programas de educación ambiental existentes das Consellerías de Medio Ambiente e Educación.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Diseñar e distribuír materiais didácticos para cada espazo natural, para que as visitas sexan realizábeis por profesores e con actividades de seguimento na aula.
- Diseñar e distribuír materiais didácticos para cada actividade de educación de sustentabilidade, para que sexan repetíbeis por profesores e con actividades de seguimento.
- Desenvolver un programa de formación para profesores, impartidos por profesionais de educación ambiental, para cada ciclo desde o primeiro



---

ciclo de primaria ata o segundo ciclo de ESO. Ofrecerllas a cada colexio e instituto do municipio.

#### ACTORES

---

Concellarías de Medio Ambiente e Ensino  
Consellerías de Medio Ambiente e Educación  
Colexios e institutos do municipio  
Profesionais da educación ambiental

#### PAPEL DO CONCELLO

---

Iniciar e coordinar o proxecto

#### TEMPO

---

Produción de guías didácticas: 6 meses  
Programa anual de formación

#### SINERXÍAS

---

6.1.2, 6.1.1

#### FINANCIAMENTO

---

Concellarías de Medio Ambiente e Ensino  
Consellerías de Medio Ambiente e Educación  
ADR Mancomunidade de Vigo, Proder  
Caixas de aforros, outras fundacións





## Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

### Programa 6.2 Campañas, materiais e actividades informais

#### **Xustificación**

Un dos fundamentos detrás da Axenda 21 é a comprensión de que para un desenvolvemento sustentábel, cada cidadá de cada sociedade tería que coller máis responsabilidade para o impacto das súas vidas. Sexa como cidadás do noso municipio ou como cidadás do noso planeta, só lograremos vivir de forma sustentábel cando cada un de nós nos sintamos responsábeis e lle deamos a importancia necesaria para escoller mudar certas prioridades e formas de vivir. De feito, a sensibilización é quizais o reto máis importante de todos no contexto da Axenda 21.

Aínda que é máis fácil levar a cabo programas de educación en colaboración coas institucións educativas, é importante comunicarlle á poboación que non é só “cousa de mozos”. Cando saímos da educación formal, para a maioría quedan 50 ou 60 anos de vida por diante, e as nosas vidas teñen o seu impacto durante todo ese tempo. A dificultade vén de que xa non é posíbel obrigar á asistencia a actividades. Porén, cunha combinación de actividades, información e materiais dispoñíbeis para os que teñen tempo, e campañas ben enfocadas para chegar aos demais, pódese asegurar que ninguén sexa inconsciente da Axenda 21 ou dos retos do desenvolvemento sustentábel.

#### **Obxectivos**

- Facer que toda a poboación do concello teña oportunidade de coñecer, valorar e gozar do patrimonio natural do municipio, e entenden algo do seu funcionamento e importancia.
- Fomentar que a poboación considere o impacto ambiental das súas vidas, tanto no ámbito local como global



- 
- Fomentar que toda a poboación se decate dos retos da sustentabilidade e igualdade, e da importancia das súas propias decisións para conseguila.
  - Enfocar a atención pública nos temas máis prioritarios a través de campañas específicas.
- 

### **Proxectos**

6.2.1 Xornadas ambientais anuais

6.2.2 Campañas anuais de sensibilización

6.2.3 Actividades públicas de coñecemento do contorno natural

## Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

### *Programa 6.2 – Campañas, materiais e actividades informais*

#### **PROXECTO 6.2.1 - XORNADAS AMBIENTAIS ANUAIS**

##### DESCRICIÓN

Organizar xornadas ambientais no municipio, abertas ao público. Cada ano tratará dun aspecto do patrimonio natural con importancia para a biodiversidade, estudándoo no ámbito global e no ámbito local, e cun elemento práctico nun proxecto local de recuperación ou protección.

##### OBXECTIVO

- Aumentar os niveis de conciencia sobre o medio ambiente e o desenvolvemento sustentábel
- Fomentar a conexión entre temas ambientais globais e a situación local
- Promover a participación activa nun proxecto local e o concepto de “pensar globalmente, actuar localmente”, sen esixir un compromiso a longo prazo

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Escoller un tema ambiental cada ano, relevante para analízalo nos seus aspectos globais e locais, e cun posíbel proxecto local para a aplicación práctica
- Organizar relatores expertos para impartir seminarios e actividades
- Publicitar xornadas na prensa local e impartilas.

##### ACTORES

Concellarías de Medio Ambiente e Participación Cidadá

Consellería de Medio Ambiente

Asociacións ecoloxistas locais

Expertos relevantes segundo o tema



---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Iniciar, publicitar e coordinar o proxecto

---

## TEMPO

---

Deseño e organización de xornadas: 4 meses

Programa anual

---

## SINERXÍAS

---

5.4.1, 6.2.3, programa 1.3

---

## FINANCIAMENTO

---

Concellarías de Medio Ambiente e Participación Cidadá

Consellería de Medio Ambiente

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder

Caixas de aforros, outras fundacións



## Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

### Programa 6.2 – Campañas, materiais e actividades informais

#### PROXECTO 6.2.2 - CAMPAÑAS ANUAIS DE SENSIBILIZACIÓN

##### DESCRICIÓN

Organizar unha campaña anual de publicidade e promoción relacionada cunha das liñas ou programas de acción da Axenda 21 que depende máis en participación cidadá (unha diferente cada ano), e monitorizar o seu efecto.

##### OBXECTIVO

- Fomentar que a cidadanía sexa consciente das áreas do desenvolvemento sustentábel que máis dependen da súa participación, e que entenda as razóns porque se esixe a súa participación
- Facer que os cambios necesarios no comportamento público parezan máis realizábeis, enfocando un só á vez
- Aumentar os niveis de participación nas áreas máis importantes da Axenda 21
- Poder avaliar a eficiencia das campañas de sensibilización e identificar as melloras posíbeis para futuras campañas.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Identificar as áreas da Axenda 21 na que un cambio en niveis de sensibilización pública e de participación cidadá son máis necesarias (por exemplo o uso de transporte sustentábel, reciclaxe)
- Deseño e implantación dunha campaña, utilizando os diferentes medios como prensa, Radio Redondela, carteis, imáns, adhesivos, etc.
- Investigar as formas de incentivar a participación (premios, descontos, etc.)
- Identificar as técnicas de cuantificar os niveis de participación e de efectividade da campaña.



---

## ACTORES

---

Concellarías de Medio Ambiente e Participación Cidadá

Consellería de Medio Ambiente

Colexios e institutos do municipio

Medios de comunicación

Empresas relevantes para o tema da campaña (por exemplo empresas de autobuses e Renfe se o tema fose para reducir o uso do coche)

---

## PAPEL DO CONCELLO

---

Iniciar e coordinar o proxecto

---

## TEMPO

---

Deseño da campaña e procura do financiamento: 3 meses

Campaña anual con duración de 6 meses cada ano

---

## SINERXÍAS

---

5.1.5, todas as liñas da Axenda 21

---

## FINANCIAMENTO

---

Concellarías de Medio Ambiente e Participación Cidadá

Consellerías de Medio Ambiente

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder

Caixas de aforros, outras fundacións



## Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

### Programa 6.2 – Campañas, materiais e actividades informais

#### PROXECTO 6.2.3 - ACTIVIDADES PÚBLICAS PARA COÑECER O CONTORNO NATURAL

##### DESCRICIÓN

Organizar actividades informais e lúdicas, dirixidas a familias, para dar a coñecer o patrimonio natural do municipio e fomentar unha maior apreciación do seu valor ecolóxico.

##### OBXECTIVO

- Que a cidadanía coñeza, goce, entenda e valoren máis o patrimonio natural do municipio
- Fomentar o apoio popular para proxectos de recuperación e de protección

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Diseñar un programa de actividades lúdicas e educativas para cada un dos espazos naturais do municipio, e decidir na frecuencia de organizalo (por exemplo un día de actividades, e un espazo natural, cada ano). As actividades poderían incluír paseos guiados, procura de “minibechos”, obradoiros de escultura e arte ambiental, construír e instalar caixas para aniñar, etc.
- Publicitar e realizalas.

##### ACTORES

Concellarías de Medio Ambiente, Cultura e Participación Cidadá

Consellerías de Medio Ambiente

##### PAPEL DO CONCELLO

Iniciar e coordinar o proxecto



---

## TEMPO

---

Organización e promoción de actividades: 4 meses

Actividades repetidas (nun espazo diferente) cada ano

---

## SINERXÍAS

---

6.1.2, 6.2.1, 5.4.1

---

## FINANCIAMENTO

---

Concellarías de Medio Ambiente e Participación Cidadá

Consellería de Medio Ambiente

Caixas de aforros, outras fundacións



## Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

### Programa 6.3 Fomento do voluntariado e da educación a través da participación

#### ***Xustificación***

Os cambios necesarios na forma de funcionar da nosa sociedade para promover un futuro máis sustentábel non poden ser só cambios que veñen de arriba: o seu éxito depende da participación da cidadanía neles. Nun sentido, participación quere dicir colaboración en iniciativas creadas pola Administración, como, por exemplo, a separación de residuos para reciclaxe, ou a decisión de utilizar transporte público en vez do coche. Pero nunha sociedade realmente capacitada para tomar o mando da responsabilidade, a participación non se limita á colaboración en programas organizados por outros, senón que acolle unha cultura de participación activa, na que as ideas veñen tamén da cidadanía e a cidadanía sabe que ao final é para eles asegurar que o seu impacto é sostíbel.

O voluntariado ambiental é un xeito de promover este proceso. O seu valor non é a representación dun grupo de persoas que traballan de forma gratuíta – organizalo ben precisa recursos para a supervisión e a formación, que fan que moitas veces non sexa o xeito máis económico de realizar un proxecto– senón que é o valor da experiencia que poden levar os voluntarios. No nivel máis sinxelo, un voluntario que planta unha árbore non só o coida despois, tamén lles di aos demais que o coiden. Ao mesmo tempo aprende algo sobre árbores e comézaas a valorar máis noutros sitios. A forma de sensibilizar máis potente é a través da participación.

Os beneficios da participación activa esténdese máis alá do eido ambiental. A experiencia de participar, de saber por experiencia que podes facer unha



---

diferenza, é das mellores formas de dar confianza e inspiración para crear outras iniciativas. Para os obxectivos de promover unha localidade máis participativa en xeral (non só en temas ambientais), o fomento de voluntarios ambientais pode servir de catalizador.

Tampouco ten que limitarse a voluntarios que se apuntan porque xa teñen interese. Os proxectos ambientais ofrecen moitas oportunidades de promover unha axenda social máis ampla, de traballar con grupos xa existentes; de mozos, de discapacitados, doutros grupos marxinados. Ademais da experiencia práctica e ambiental, o orgullo e a integración social son ás veces o resultado máis importante.

---

### **Obxectivos**

- Dar a todos os redondeláns que queren a oportunidade de participaren activamente na protección do seu patrimonio natural, e de aprender dun xeito práctico.
- Sensibilizar sobre a protección ambiental a través de experiencia directa, e converter eses participantes en “embaixadores ambientais” nas súas relacións cos demais.
- Fomentar entre a cidadanía o sentido de seren capaces de faceren unha diferenza.
- Fomentar a formación, capacitación, e integración social de grupos marxinados.

---

### **Proxectos**

6.3.1 Voluntarios ambientais.

6.3.2 Participación de grupos e asociacións na protección do patrimonio

6.3.3 Creación de fondos para iniciativas ambientais locais



## Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

### *Programa 6.3 – Fomento do voluntariado e educación a través da participación*

#### **PROXECTO 6.3.1 - VOLUNTARIOS AMBIENTAIS**

##### DESCRICIÓN

Contribuíndo á xestión integrada de espazos naturais, organizar xornadas de voluntariado ambiental dirixidas a calquera persoa que queira participar de forma práctica no coidado do patrimonio natural do municipio. Segundo o seu interese e o compromiso dos participantes, constituír un grupo de voluntarios ambientais co apoio municipal.

Este proxecto é o seguimento dun proxecto piloto realizado en 2004-2005 pola Concellaría de Medio Ambiente

##### OBXECTIVO

- Fomentar a participación activa e o sentido da responsabilidade entre a poboación para a conservación da biodiversidade
- Darlles oportunidades aos participantes da aprendizaxe e formación informal sobre ecoloxía e a conservación da natureza
- Darlle publicidade e coñecemento ao público xeral sobre os retos ambientais locais e iniciativas positivas para a súa conservación
- Promover a participación activa nun proxecto local e o concepto de “pensar globalmente, actuar localmente”, sen esixir un compromiso a longo prazo

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Unha vez identificados os proxectos de recuperación de espazos naturais, identificar os aspectos apropiados da súa xestión para realizar con voluntarios baixo a supervisión adecuada, e programar unha serie de xornadas para os voluntarios



- 
- Contratar un monitor para formar e supervisar os voluntarios, e integrar as súas actividades na xestión global do espazo
  - Publicitar e organizar xornadas

## ACTORES

---

Concellarías de Medio Ambiente e Participación Cidadá

Consellería de Medio Ambiente

Asociacións ecoloxistas locais

## PAPEL DO CONCELLO

---

Iniciar, publicitar e coordinar o proxecto

## TEMPO

---

Un programa de 6 xornadas cada ano, formando parte dun programa continuo de xestión dos diferentes espazos naturais

## SINERXÍAS

---

5.4.1, 6.3.2, programa 1.3

## FINANCIAMENTO

---

Concellarías de Medio Ambiente e Participación Cidadá

Consellería de Medio Ambiente

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder

Caixas de aforros, outras fundacións



## Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

### *Programa 6.3 – Fomento do voluntariado e educación a través da participación*

## PROXECTO 6.3.2 - PARTICIPACIÓN DE GRUPOS E ASOCIACIÓNS NA PROTECCIÓN DO PATRIMONIO

### DESCRICIÓN

Contribuíndo á xestión integrada de espazos naturais, organizar xornadas de voluntariado ambiental para grupos e asociacións locais que queren participar de forma práctica no coidado do patrimonio natural do concello (grupos de estudantes do instituto, de mulleres, de ecoloxistas, de persoas con discapacidades, etc.). As tarefas a realizar estarán deseñadas segundo o interese e a capacidade do grupo.

Este proxecto é o seguimento dun proxecto piloto realizado en 2004-2005 pola Concellaría de Medio Ambiente co grupo Lenda.

### OBXECTIVO

- Dar oportunidades de participación activa na protección do medio ambiente nun nivel apropiado e nun ambiente protexido.
- Fomentar a participación activa e o sentido de responsabilidade entre a poboación para a conservación da biodiversidade, e o coñecemento público de iniciativas positivas locais.
- Promover a aprendizaxe e a formación informal sobre ecoloxía, e o concepto de “pensar globalmente, actuar localmente”.

### ACCÍONS QUE CÓMPRE TOMAR

- Identificar grupos interesados en participar e grupos para quen o fomento de participación é unha prioridade.
- Unha vez identificados os proxectos de recuperación de espazos naturais, identificar aspectos apropiados da súa xestión para realizar con voluntarios baixo supervisión adecuada.



- 
- Contratar un monitor para formar e supervisar voluntarios, e integrar as súas actividades na xestión global do espazo.

#### ACTORES

---

Concellarías de Medio Ambiente e Participación Cidadá

Consellería de Medio Ambiente

Asociacións ecoloxistas locais

#### PAPEL DO CONCELLO

---

Iniciar, publicitar e coordinar o proxecto

#### TEMPO

---

Programa continuo; xornadas organizadas segundo o interese dos grupos.

#### SINERXÍAS

---

5.4.1, 6.3.1, programa 1.3

#### FINANCIAMENTO

---

Concellarías de Medio Ambiente e Participación Cidadá

Consellería de Medio Ambiente

ADR Mancomunidade de Vigo, Proder

Caixas de aforros, outras fundacións



## Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

### *Programa 6.3 – Fomento do voluntariado e educación a través da participación*

#### **PROXECTO 6.3.3 - CREACIÓN DE FONDOS PARA INICIATIVAS AMBIENTAIS LOCAIS**

##### DESCRICIÓN

Crear un fondo municipal, accesíbel para calquera asociación do concello ou grupo sen ánimo de lucro, para facilitar a organización pola cidadanía de proxectos de pequena escala de recuperación ou protección ambiental.

##### OBXECTIVO

- Fomentar unha cultura ecoloxista máis positiva, e máis proactiva que reactiva, e aumentar a actitude de que mellorar e conservar o medio ambiente é cuestión de todos e todas
- Apoiar iniciativas locais, que fomentan unha localidade máis proactiva e participativa
- Amosar que ao Concello lle interesan as ideas e as prioridades da cidadanía.

##### ACCIÓNS QUE CÓMPRE TOMAR

- Decidir os termos das subvencións (cantidade máxima, entidades elixíbeis para solicitar, tipos de proxecto admisíbeis, contribución necesaria (financeiro ou en especie) do solicitante, criterio para a aprobación, período de convocatorias, etc.)
- Crear formularios, publicidade, etc.

##### ACTORES

Concellarías de Participación Cidadá, Medio Ambiente

Consello da Axenda 21

##### PAPEL DO CONCELLO

Coordinación do proxecto



## TEMPO

---

Novo fondo negociado cada ano

## SINERXÍAS

---

1.3.1, 1.3.2

## FINANCIAMENTO

---

Concellarías de Participación Cidadá, Medio Ambiente

Caixas de aforros

Empresas locais